



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 143

IX lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 24 de febreiro de 2016

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

ORDE DO DÍA (Continuación.)

Punto 6. Proposicións non de lei en Pleno

6.1 42936 (09/PNP-003131)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as demandas que o Goberno galego debe realizar ao Goberno central para a posta en marcha e xestión de servizos ferroviarios de proximidade en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 542, do 28.10.2015

6.2 44931 (09/PNP-003257)

Grupo Parlamentario Mixto
Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co IVE que se está a aplicar aos produtos de hixiene íntima feminina

Publicación da iniciativa, BOPG nº 578, do 29.12.2015

6.3 45004 (09/PNP-003263)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Baamonde Díaz, Agustín, e seis deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos trámites para a inclusión do *Códice Calixtino* no rexistro de *Memoria do Mundo* da Unesco

Publicación da iniciativa, BOPG nº 578, do 29.12.2015

6.4 45938 (09/PNP-003323)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María Concepción, e tres deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas recomendacións reflectidas no último informe do Comité de Expertos da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias en relación co uso da lingua galega nos diferentes ámbitos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 594, do 03.02.2016

6.5 45994 (09/PNP-003327)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

González Santín, Juan Carlos, e dous deputados/as máis
Sobre o cumprimento pola Xunta de Galicia do acordo parlamentario referido ás entidades financeiras que persisten no uso

das denominadas cláusulas chan dos contratos bancarios con particulares

Publicación da iniciativa, BOPG n° 594, do 03.02.2016

6.6 46248 (09/PNP-003347)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e dous deputados/as máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa decisión de ampliar por sesenta anos máis a prórroga da concesión de Ence en Lourizán, na ría de Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG n° 594, do 03.02.2016

6.7 46355 (09/PNP-003360)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Moreira Ferro, Jacobo, e Gómez Alonso, Alejandro

Sobre a licitación polo Goberno galego das obras da reforma da estrada PO-531, no tramo Pontevedra-Curro, e a priorización dos puntos máis necesarios para a mellora da seguridade viaria

Publicación da iniciativa, BOPG n° 598, do 10.02.2016

6.8 46504 (09/PNP-003369)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Ron Fernández, José Javier, e cinco deputados/as máis

Sobre a realización polo Goberno galego das xestións necesarias ante o Goberno central para o desenvolvemento do Plan de aco-llemento e integración de persoas refuxiadas procedentes de Siria e doutros países en guerra ou conflito

Publicación da iniciativa, BOPG n° 598, do 10.02.2016

Punto 7. Interpelacións

7.1 37524 (09/INT-001393)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo

Sobre a práctica da prostitución en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG n° 477, do 10.06.2015

7.2 38833 (09/INT-001454)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Docasar Docasar, Ricardo Vicente, e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que vai tomar o Goberno galego para fomentar a aprendizaxe de linguas estranxeiras entre o alumnado, como a formación continua do profesorado de idiomas, e para dotar os centros educativos cos medios humanos e materiais necesarios para acometer tal fin

Publicación da iniciativa, BOPG n° 510, do 28.08.2015

7.3 45474 (09/INT-001728)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis, e dezasete deputados/as máis

Sobre a política prevista pola Xunta de Galicia para reactivar o mercado laboral.

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG n° 585, do 20.01.2016

Punto 8. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

8.1 47198 (09/POPX-000171)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da contundencia da súa resposta diante dos casos de corrupción

Publicación da iniciativa, BOPG n° 602, do 17.02.2016

8.2 47202 (09/POPX-000170)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da busca de consensos na definición da estratexia económica para os sectores produtivos de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG n° 602, do 17.02.2016

8.3 47207 (09/POPX-000172)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar o despedimento dos traballadores que están a cubrir na actualidade o servizo de transporte de residuos urbanos por estrada para Sogama

Publicación da iniciativa, BOPG n° 602, do 17.02.2016

Punto 9. Preguntas ao Goberno

9.1 47270 (09/PUP-000253)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón, e cinco deputados/as máis

Sobre a actual posición do Goberno galego respecto da permanencia de Ence na ría de Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG n° 602, do 17.02.2016

9.2 46000 (09/POP-004293)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre as xestións previstas polo Goberno galego para acadar a reposición nos seus postos de traballo ás persoas afectadas polo expediente de regulación de emprego nas empresas do grupo Tragsa en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 594, do 03.02.2016

9.3 46616 (09/POP-004399)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén, e dous deputados/as máis
Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para paralizar os proxectos de megaminería en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 599, do 11.02.2016

9.4 46441 (09/POP-004360)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fariñas Sobrino, Hipólito, e sete deputados/as máis
Sobre a evolución dos contratos-programa desde a súa implantación no referido ao número de centros acollidos, de alumnos beneficiarios e de actuacións en cada curso escolar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 599, do 11.02.2016

9.5 47203 (09/PUP-000252)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín, e catro deputados/as máis
Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto das manifestacións xeneralizadas dos profesionais do hospital privado de Vigo, en relación coas deficiencias do centro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 602, do 17.02.2016

9.6 45581 (09/POP-004198)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel, e sete deputados/as máis
Sobre a valoración do Goberno galego respecto da incidencia no potencial forestal de Galicia do conxunto de liñas de axuda publicadas no *Diario Oficial de Galicia* do 30 de decembro de 2015 para a defensa e apoio do sector forestal e dos profesionais e industrias que desenvolven a súa actividade no ámbito do aproveitamento do monte

Publicación da iniciativa, BOPG nº 590, do 27.01.2016

9.7 46417 (09/POP-004354)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón, e cinco deputados/as máis
Sobre a avaliación da Xunta de Galicia respecto dos datos publicados polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente en relación co peche de granxas no ano 2015 no sector lácteo galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 599, do 11.02.2016

9.8 46604 (09/POP-004397)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel, e catro deputados/as máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da caída dos tráficos de mercadorías nos portos galegos e, en concreto, nos da Coruña e Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 599, do 11.02.2016

Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O señor presidente comunica a inasistencia xustificada do Sr. Beiras Torrado (AGE). (Páx. 10.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a opinión do Goberno galego respecto da contundencia da súa resposta diante dos casos de corrupción. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Jorquera Caselas (BNG). (Páx. 10.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 10.)

Réplica do autor: Sr. Jorquera Caselas (BNG). (Páx. 11.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 12.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Luis Méndez Romeu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto da busca de consensos na definición da estratexia económica para os sectores produtivos de Galicia. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Méndez Romeu (S). (Páx. 13.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 14.)

Réplica do autor: Sr. Méndez Romeu (S). (Páx. 14.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 15.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a María Consuelo Martínez García, do G.P. Mixto, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar o despedimento dos traballadores que están a cubrir na actualidade o servizo de transporte de residuos urbanos por estrada para Sogama. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Martínez García (M). (Páx.16.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 17.)

Réplica da autora: Sra. Martínez García (M). (Páx. 18.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 19.)

Proposición non de lei do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a Carmen Iglesias Sueiro, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co IVE que se está a aplicar aos produtos de hixiene íntima feminina. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Iglesias Sueiro (M). (Páx. 20)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. Solla Fernández (AGE) (Páx. 21), Sra. Adán Villamarín (BNG) (Páx. 22.), Sr. González Santín (S) (Páx. 23.) e Sr. Fernández Macías (P). (Páx. 24.)

Nova intervención da señora Iglesias Sueiro (M). (Páx. 25.)

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Agustín Baamonde Díaz e seis deputados máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos trámites para a inclusión do Códice Calixtino no rexistro de Memoria do Mundo da Unesco. (Punto sexto da orde do día.)

A señora presidenta (Rodríguez Arias) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 27.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Fernández Gil (P). (Páx. 27.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 29.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Iglesias Sueiro (M) (Páx. 30.), Sr. Ron Fernández (AGE) (Páx. 31.) e Sr. Vázquez Blanco (S). (Páx. 32.)

O señor Fernández Gil (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 33.)

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Concepción Burgo López e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas recomendacións reflectidas no último informe do Comité de Expertos da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias en relación co uso da lingua galega nos diferentes ámbitos. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Burgo López (S). (Páx. 34.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. Iglesias Sueiro (M) (Páx. 36.), Sr. Vázquez Díaz (AGE) (Páx. 37.), Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 38.) e Sr. Baamonde Díaz (P). (Páx. 39.)

Nova intervención da señora Burgo López (S). (Páx. 40.)

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa decisión de ampliar por sesenta anos máis a prórroga da concesión de Ence en Lourizán, na ría de Pontevedra. (Punto sexto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 41.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 41.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Martínez García (M). (Páx. 43.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Sánchez García (AGE) (Páx. 44.), Sra. Vilán Lorenzo (S) (Páx. 45.) e Sr. Moreira Ferro (P). (Páx. 46.)

A señora Prado Cores (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 48.)

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Jacobo Moreira Ferro e D. Alejandro Gómez Alonso, sobre a licitación polo Goberno galego das obras de reforma da estrada PO-531, no tramo Pontevedra-Curro, e a priorización dos puntos máis necesarios para a mellora da seguridade viaria. (Punto sexto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 49.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Moreira Ferro (P).* (Páx. 49.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Fajardo Recouso (AGE)* (Páx. 51.), *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 52.) e *Sr. Fernández Fernández (S).* (Páx. 53.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Fernández Rodríguez (M).* (Páx. 54.)

O señor Moreira Ferro (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 56.)

Proposición non de lei do G.P. de Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. José Javier Ron Fernández e cinco deputados/as máis, sobre a realización polo Goberno Galego das xestións necesarias ante o Goberno central para o desenvolvemento do Plan de acollemento e integración de persoas refuxiadas procedentes de Siria e doutros países en guerra ou conflito. (Punto sexto da orde do día.)

A señora presidenta (Rodríguez Arias) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 56.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Ron Fernández (AGE).* (Páx. 57.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 59.) e *Sra. Soneira Tajés (S).* (Páx. 60.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Fernández Rodríguez (M)* (Páx. 61.) e *Sr. Trenor López (P).* (Páx. 62.)

O señor Ron Fernández (AGE) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 63.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, sobre as demandas que o Goberno galego debe realizar ao Goberno central para a posta en marcha e xestión de servizos ferroviarios de proximidade en Galicia: *rexeitada por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención. (Páx. 64.)*

Votación do punto número 1 da Proposición non de lei G.P. Mixto, por iniciativa de D^a Carmen Iglesias Sueiro, sobre as demandas que o Goberno galego debe realizar ao Goberno central en relación co IVE que se está a aplicar aos produtos de hixiene íntima feminina: *aprobado por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 64.)*

Votación do punto número 2 da Proposición non de lei G.P. Mixto, por iniciativa de D^a Carmen Iglesias Sueiro, sobre as demandas que o Goberno galego debe realizar ao Goberno central en relación co IVE que se está a aplicar aos produtos de hixiene íntima feminina: *rexeitado por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención. (Páx.64.)*

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular, por iniciativa de D. Agustín Baamonde Díaz e seis deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos trámites para a inclusión do *Códice Calixtino* no rexistro de *Memoria do Mundo* da Unesco: *aprobada por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 65.)*

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas, por iniciativa de D^a María Concepción Burgo López e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas recomendacións reflectidas no último informe do Comité de Expertos da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias en relación co uso da lingua galega: *rexeitada por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención. (Páx. 65.)*

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa decisión de ampliar por sesenta anos máis a prórroga da concesión de Ence en Lourizán, na ría de Pontevedra: *rexeitada por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 65.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Jacobo Moreira Ferro e D. Alejandro Gómez Alonso, sobre a licitación polo Goberno galego das obras de reforma da estrada PO-531, no tramo Pontevedra-Curro, e a priorización dos puntos máis necesarios para a mellora da seguridade viaria: *aprobada por 40 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 65.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. José Javier Ron Fernández e cinco deputados/as máis, sobre a realización polo Goberno galego das xestións necesarias ante o Goberno central para o desenvolvemento do Plan de acollemento e integración de persoas refuxiadas procedentes de Siria e doutros países en guerra ou conflito: *aprobado por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 66.)

Interpelación de D^a María Consuelo Martínez García, do G.P. Mixto, sobre a práctica da prostitución en Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Martínez García (M).* (Páx. 66.)

Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 68.)

Réplica da autora: *Sra. Martínez García (M).* (Páx. 71.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 72.)

Suspéndese a sesión ás tres da tarde e retómase ás catro e corenta e oito minutos.

Interpelación de D. Ricardo Vicente Docasar Docasar e dous deputados máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que vai tomar o Goberno galego para fomentar a aprendizaxe de linguas estranxeiras entre o alumnado, como a formación continua do profesorado de idiomas, e para dotar os centros educativos cos medios humanos e materiais necesarios para acometer tal fin. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Docasar Docasar (S).* (Páx. 73.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González).* (Páx. 76.)

Réplica do autor: *Sr. Docasar Docasar (S).* (Páx. 78.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González).* (Páx. 79.)

Interpelación de D. José Luis Méndez Romeu e dezasete deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política prevista pola Xunta de Galicia para reactivar o mercado laboral. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Quintas Álvarez (S).* (Páx. 81.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 83.)

Réplica da autora: *Sra. Quintas Álvarez (S).* (Páx. 85.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 86.)

Modificación da orde do día

O señor presidente comunica que o Goberno solicitou o aprazamento da pregunta que figura en último lugar. (Páx. 87.)

Pregunta de D. Antón Sánchez García e cinco deputados/as máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a actual posición do Goberno galego respecto da permanencia de Ence na ría de Pontevedra. (Punto noveno da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez García (AGE)*. (Páx. 88.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 88.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez García (AGE)*. (Páx. 89.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 90.)

Pregunta de D^a María Tereixa Paz Franco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as xestións previstas polo Goberno galego para acadar a reposición nos seus postos de traballo das persoas afectadas polo expediente de regulación de emprego nas empresas do Grupo Tragsa en Galicia. (Punto noveno da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Paz Franco (BNG)*. (Páx. 90.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 91.)

Réplica da autora: *Sra. Paz Franco (BNG)*. (Páx. 92.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 93.)

Pregunta de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e dous deputados/as máis, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para paralizar os proxectos de megaminería en Galicia. (Punto noveno da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Jorquera Caselas (BNG)*. (Páx. 93.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 94.)

Réplica do autor: *Sr. Jorquera Caselas (BNG)*. (Páx. 95.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 95.)

Pregunta de D. Hipólito Fariñas Sobrino e sete deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a evolución dos contratos programa desde a súa implantación no referido ao número de centros acollidos, de alumnos beneficiados e de actuacións en cada curso escolar. (Punto noveno da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fariñas Sobrino (P)*. (Páx. 96.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 97.)

Réplica do autor: *Sr. Fariñas Sobrino (P)*. (Páx. 97.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 98.)

Pregunta de D. Abel Fermín Losada Álvarez e catro deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto das manifestacións xeneralizadas dos profesionais do hospital privado de Vigo, en relación coas deficiencias do centro. (Punto noveno da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Losada Álvarez (S)*. (Páx. 99.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 100.)

Réplica do autor: *Sr. Losada Álvarez (S)*. (Páx. 100.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 101.)

Pregunta de D. Xosé Manuel Balseiro Orol e sete deputados/as máis, do G.P. Popular, sobre a valoración do Goberno galego respecto da incidencia no potencial forestal de Galicia do conxunto de liñas de axudas publicadas no Diario Oficial de Galicia do 30 de decembro de 2015 para a defensa e apoio do sector forestal e dos profesionais e industrias que desenvolven a súa actividade no ámbito do aproveitamento do monte. (Punto noveno da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. García Pacín (P)*. (Páx. 102.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 103.)

Réplica da autora: *Sra. García Pacín (P)*. (Páx. 104.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 104.)

Pregunta de D. Antón Sánchez García e cinco deputados/as máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a avaliación da Xunta de Galicia respecto dos datos publicados polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente en relación co peche de granxas no ano 2015 no sector lácteo galego. (Punto noveno da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez García (AGE)*. (Páx. 105.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 106.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez García (AGE)*. (Páx. 106.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 107)

Remata a sesión ás sete e seis minutos do serán.

Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Ocupen os seus asentos que imos reiniciar a sesión.

Bos días.

Reiniciamos a sesión.

Desculpa no día de hoxe a asistencia a este pleno o señor Beiras, a quen lle desexo a súa recuperación.

E comezamos co punto 8, que corresponde co de preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a opinión do Goberno galego respecto da contundencia da súa resposta diante dos casos de corrupción

O señor PRESIDENTE: Comezamos coa pregunta de don Xesús Jorquera Caselas, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, cando queira.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señor presidente.

Señor Feijóo, na última sesión de control propúxenlle un novo lema para o seu partido: “Todo pola pasta”. Referíame a Ence pero podía referirme á operación Taula, ao caso Púnica, ao escándalo de Acuamed, a Rodrigo Rato, a Alfonso Grau. Mire, Jaime Perich, un humorista gráfico catalán xa falecido, dicía que a xustiza militar é á xustiza o mesmo que a música militar é á música. Hoxe habería que engadir: o mesmo que o Partido Popular é á rexeneración democrática, porque a lista de escándalos que salpican o seu partido é interminábel.

E vostede di que pide perdón como político polo teatro das negociacións para formar goberno en Madrid. Mire, ¿non se lle ocorren outras cousas para pedir perdón? Até a señora Aguirre dimitiu e pediu perdón sinalándolle o camiño ao señor Rajoy. ¿Non se decata de que o seu partido mentres non se rexenere está total e absolutamente inhabilitado para gobernar? Tamén en Galiza, señor Feijóo.

Vostede declarou nunha entrevista recente –cito textualmente– que “O Partido Popular tivo unha resposta morna en moitos casos de corrupción”, e engadiu que “Faltounos astucia e audacia para anticiparnos a estas cuestións e despois para reaxir sobre as mesmas”, referíase vostede ao Estado.

E en Galiza, ¿a resposta da Xunta de Galiza está sendo contundente? ¿Pensa que está tendo audacia para anticiparse a estas cuestións e reaxir? Porque no pouco tempo que levamos de ano o Tribunal Supremo confirmou a condena de seis anos a Marcial Dorado por branquear diñeiro, o señor Pachi Lucas foi imputado como presunto conseguidor na trama Zeta, o señor José Manuel Baltar foi imputado pola comisión dun presunto delito de suborno e tráfico de influencias. E vostede segue sen explicar as súas amizades perigosas co señor Marcial Dorado e con Pachi Lucas, segue mirando para outro lado ante a imputación do señor Baltar, segue mirando para outro lado ante os indicios de que o Partido Popular de Galiza foi unha peza central na trama de financiamento irregular do Partido Popular. E o seu partido premia o señor Louzán, aínda presidente do Partido Popular en Pontevedra e dobremente imputado, nomeándoo asesor na deputación.

Por iso, señor Feijóo, ¿de verdade cre que a resposta súa ante os casos de corrupción en Galiza que afectan o seu partido está sendo contundente? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Jorquera.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, todos sabemos que a corrupción é un problema que afecta a sociedade en moi distintas e diversas formas. Onte coñeciamos a porcentaxe de fraude fiscal detectada polo Ministerio de Facenda no ano 2015: máis de 15.600 millóns de euros, un 27 % máis da fraude fiscal detectada no anterior ano 2014. A corrupción afecta moitos políticos honrados, que ven como unha parte doutros políticos non honrados meten a man na caixa, teñen diñeiro en paraísos fiscais, son comisionistas e levan unha parte das contratacións públicas. A corrupción afecta o conxunto da sociedade, que ve de forma perplexa como se están horadando as institu-

cións, a confianza nos partidos políticos e a confianza nos políticos con carácter xeral.

Señoría, nun contexto agravado pola crise e por este tipo de cuestións están xurdindo ideas populistas que o que pretenden xustamente é aproveitarse da crise máis de corruptelas e corrupcións de moitos políticos para horadar a verdadeira democracia. Son estas ideas populistas as que consideran que o BNG é un partido vello, que é un partido que debe refundarse, que é un partido que debe extinguirse, que é un partido que non é útil para Galicia.

Señoría, eu non estou de acordo con esas ideas populistas, e non estou de acordo porque creo na democracia, creo nos partidos políticos e creo na inmensa maioría da honradez dos políticos. (*Aplausos.*) Por iso, señoría, o que facemos e o que seguiremos facendo é apartar a calquera que teña indicios de corrupción no Partido Popular de Galicia.

Esta sala e o *Diario de Sesións* poden concretar como nos pronunciamos sobre determinados membros do Partido Popular en España que foron dicindo que nos repugnaban, séguennos repugnando aínda máis. E este Parlamento é perfectamente consciente de como apartamos dous deputados do Grupo Parlamentario Popular por entender que había algún indicio de corruptela; de momento, un deles declarado inocente e outro pendente de xuízo.

Señoría, aquela mesma mañá, o BNG, en relación cun ex conselleiro do BNG, declaraba que en ningún caso dimitiría ese ex conselleiro do BNG. Ao cabo dunhas semanas tivo que dimitir. Por iso, señoría, creo que neste momento o que convén é falar do que fai cada un.

Hai un ano comparecín nesta cámara, propuxen cinco textos lexislativos, catro deles en vigor e un que se aprobará o próximo mes de marzo: unha Lei de transparencia e bo goberno, como nunca tivo Galicia; unha Lei de ordenación da asistencia xurídica, como nunca tivo Galicia; unha Lei de ampliación do Consello de Contas, xustamente para que fiscalicen os presupostos e as finanzas dos partidos políticos, como nunca tivo Galicia; unha Lei de financiamento dos partidos políticos onde se prohíbe recibir doazóns de calquera empresa en Galicia, como nunca tivo Galicia.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, se vostede me pregunta que dende o punto de vista da lexislación e das actuacións deste goberno somos contundentes contra a corrupción, dígolle: si, somos o Goberno máis contundente contra a corrupción. E este Parlamento é o Parlamento máis contundente contra a corrupción.

Máis nada, moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señor presidente.

Señor Feijóo, está vostede invitado a asistir á nosa XV Asemblea Nacional.

Mire, señor Feijóo, sabe que o BNG é moi sensíbel co problema da fraude fiscal. Fágolle unha recomendación: pídalle ao Goberno central que non volva facer unha amnistía para os grandes defraudadores se ten esa sensibilidade. (*Aplausos.*)

Señor Feijóo, efectivamente, o seu Goberno aprobou leis para combater a corrupción futura, para encubrir a súa inacción ante a corrupción presente. Hai unha diferenza moi clara entre a actitude do BNG e a actitude do Partido Popular: o ex conselleiro ao que vostede fai alusión, pese a que non dubidamos da súa inocencia, dimitiu antes de ser imputado; en cambio, vostede segue confundindo a presunción de inocencia penal coa asunción de responsabilidades políticas. Se hai que esperar a que os xuíces se pronuncien, ¿en que consiste esa audacia para anticiparse a reaxir ante os casos de corrupción que vostede invoca?

Porque non é o BNG quen acusa o Partido Popular de financiamento irregular, señor Feijóo; son Naseiro, Pablo Crespo, Modesto Fernández, militantes do seu partido. É Gerardo Crespo, militante do PP, quen insinúa que Pachi Lucas utilizaba a súa relación con vostede para actuar de conseguidor. Non é o BNG quen revelou a súa relación con Marcial Dorado, señor Feijóo, foi unha foto.

O seu problema, señor Feijóo, son as fotos. ¿Cofece vostede esta, señor Feijóo?, ¿coñece esta foto? Mire, é vostede

abrazado co presidente de Iberdrola en abril de 2009. En febreiro daquel ano Iberdrola pedira a suspensión do concurso eólico, en agosto, despois de tan tenro abrazo, a Xunta anulou aquel concurso, e agora o Supremo di que aquela anulación foi ilegal.

Señor Feijóo, corrupción tamén é supeditar os intereses públicos aos intereses privados. Dirá que no novo concurso Iberdrola só conseguiu dous megavattios, mais iso non é o relevante, señor Feijóo. O relevante é que conseguiu o que quería, tirar abaixo un modelo de participación pública e así consolidar a súa posición dominante...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor JORQUERA CASELAS: ...no sector no conxunto do Estado. Tirar abaixo un modelo que podía ser ademais unha referencia tamén para outros territorios.

Vostedes incorreron en desviación de poder, arruinaron o sector eólico e agora vai haber que facer fronte ao pago de indemnizacións. Vostedes si que crearon unha situación de total e absoluta inseguridade xurídica.

Mire —e xa conclúo, señor presidente—...

O señor PRESIDENTE: Remate, si, por favor.

O señor JORQUERA CASELAS: ...Jaume Perich tamén dicía que os paracaidistas son os únicos militares que ascenden grazas aos descenso. E vostede ao mellor tamén aspira a ascender, a dar o salto a Madrid, por ter contribuído de xeito decisivo ao descenso da calidade democrática no noso país. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Jorquera.

Rolda de peche, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Grazas, señor presidente.

Señoría, agradézolle a invitación á XV Asemblea Nacional do BNG. Déase por invitado tamén aos congresos do Partido Popular que imos celebrar no mes de marzo. *(Aplausos.)* Déase por invitado. *(Aplausos.)*

Como vostede pode comprender, porque escoitou o que dixen, eu non creo que o BNG sexa un partido vello que teña que extinguirse, *(Murmurios.)* creo que pode seguir sendo útil a Galicia. Iso si, se non fai o seguidismo dos partidos minoritarios como fixo no Concello de Pontevedra o pasado luns. Se iso é un exemplo de rexeneración democrática, *(Murmurios.)* de utilizar as institucións conforme os principios básicos da convivencia política, señor Jorquera, o BNG está en caída libre; de momento en Pontevedra non, no resto das cidades si. Espero e desexo, señoría, que non sigan por aí desprestixiando a política, desprestixiando as institucións e utilizando o primeiro pontevedrés, alcalde de Pontevedra, para faltarlle ao respecto á inmensa maioría da cidade de Pontevedra, como fixeron no Pleno da Corporación de Pontevedra. *(Aplausos.)* Iso non é en ningún caso algo que o BNG debería seguir. *(Aplausos.)*

Por iso, señoría, non deben vostedes facer seguidismo do populismo, nin sequera do Partido Socialista, co que, por certo, gobernan vostedes en todas as institucións. E falar de corrupción gobernando en todas as institucións co Partido Socialista Obreiro Español é unha falta de respecto aos feitos, feitos que se poden describir cos periódicos e os xornais dos últimos anos.

Por iso, señoría, cando vostede me fala de presunción de inocencia, eu estou de acordo. Vostedes recordarán como cando se condenou inxustamente a sete concelleiros en Santiago, inhabilitados, posteriormente deixouse a sentenza sen efecto, pero tivemos que disolver a corporación. Vostedes acudían aos xulgados antes de ser xulgados insultar os que ían declarar. *(Murmurios.)* Si, señoría. *(Murmurios.)* Si, señoría, están aí. Mire, señoría, consulte as hemerotecas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, cerca do seu escano hai persoas que acudían aos xulgados en contra do principio de inocencia... *(Interrupcións.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. ¡Silencio!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...que posteriormente se confirmou.

Mire, señoría, douscentos contratos en fraude de lei no Consorcio de Servizos Sociais é o que vostedes deixaron. Máis de catrocentos contratos, 441, o 90 % deses contratos

contratos menores, por 5 millóns de euros, é o que vostedes deixaron no Consorcio.

Señoría, cando vostede me fala do conselleiro de Industria é certo que en trinta e sete anos o BNG só tivo catro conselleiros no Goberno, un deles imputado neste momento...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¿Por que? Por comisións. ¿Por que? Por utilizar favores aos empresarios.

Se quere vostede pedirme a miña opinión, eu creo que ten dereito a toda a presunción de inocencia das leis. Por iso, señor Jorquera, entre vostede e eu hai unha diferenza: eu non prexulgo, vostede condena. (*Murmurios.*)

Moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Luis Méndez Romeu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto da busca de consensos na definición da estratexia económica para os sectores produtivos de Galicia

O señor PRESIDENTE: Don José Luis Méndez Romeu, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, cando queira.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señor Feijóo, debe de ser vostede o único español que non se entera do que está pasando coa súa organización. Non, non son días para falar de certos temas.

Señor Feijóo, vostede seguramente terá unha opinión sobre Abraham Lincoln, ese gran presidente norteamericano, un dos principais da historia, antiescravista, defensor da Unión, brillante orador. Atribúeselle unha frase célebre. Di que podes enganar a algúns todo o tempo ou a moitos durante pouco tempo, pero non podes enganar a todos todo o tempo.

E abofé que vostede o intentou, señor Feijóo. Vostede logo de sete anos resulta que todas aquelas promesas súas ficaron

en mentiras e os seus compromisos en fume, mesmo en asuntos aos que vostede dedicaba unha atención extrema cando estaba na oposición, como era a xestión do vento e do mar.

Do sector eólico, ¿lembra? Vostede prometeu aquí unha e outra vez crecemento e seguridade, e o que houbo foron sete anos de erros políticos, chapuza técnica e fracaso económico. Hoxe estamos na parálise absoluta, na inseguridade xurídica extrema e no engano aos investidores. En cifras, ningunha instalación nova, ningunha das que vostede prometeu, 6.000 millóns de investimentos que non existen, 13.000 empregos que prometeron e non crearon, eran os seus compromisos. O que queda é o engano, a frustración, as oportunidades perdidas, e novos riscos legais por responsabilidade patrimonial. Por se fora pouco, aplaudiron cando o Goberno Rajoy liquidou as primas, e con iso comprometeu a viabilidade do sector.

No mar, vostede foi hiperocrítico durante anos co Plan de acuicultura do anterior Goberno. E falando de máis, como ten por costume, vostede dixo que co seu goberno estaríamos en acuicultura á cabeza de Europa. ¿E na realidade durante sete anos que fixo? Papeis e declaracións. Primeiro, autorizou actuacións en lugares prohibidos pola normativa comunitaria, logo aprobaron unha denominada Estratexia de acuicultura baleira de contido, e agora un proxecto de lei unanimemente rexeitado. E póño en cifras: nin un metro cadrado de novas instalacións, agás a planta de Muros, que foi autorizada polo anterior Goberno.

A principal produción da acuicultura galega, señor Feijóo, está nas bateas, somos unha potencia internacional no cultivo do mexillón, e o proxecto de lei nin cita o sector, nin prevé ningunha medida de potenciación. A vostede parécelle irrelevante un sector que emprega a 4.000 persoas e que representa o 95 % da produción española, que leva cincuenta anos crecendo a pesar de vostedes.

Señor Feijóo, ¿algunha vez vostede nas políticas sectoriais tenta un mínimo de consenso cos sectores afectados? ¿Non lle parece que xa abonda de legislar e promover actuacións en contra dos intereses...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor MÉNDEZ ROMEU: ...e necesidades da xente? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Méndez Romeu.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Grazas, señor presidente.

Señoría, cítame vostede a Abraham Lincoln, creo recordar que Abraham Lincoln era republicano.

Eu tamén citei a Abraham Lincoln como consecuencia da utilización fraudulenta que estaba facendo o Banco de España coas caixas galegas e de como vostedes querían nada máis e nada menos que deslocalizar as caixas galegas facendo –acórdase– aquilo de SIP, é dicir, fusión fría reversible, e quedar Vigo e A Coruña sen ningún tipo de servizo central da caixa e baleiros os seus edificios, porque todas as persoas dos servizos centrais da caixa terían que irse a Madrid ou a Asturias.

Utilicei a Lincoln naquel momento e por iso me agrada que vostede siga utilizando a Lincoln. Iso si, señoría, se o señor Lincoln estivera aquí e escoitara que vostede me pregunta se imos seguir unha definición da estratexia económica de Galicia baseada no consenso, pois mire, señoría, o slogan neste momento do Partido Socialista en España en relación co consenso é: “*No es no*”. É dicir, non falaremos nunca co Partido Popular, non falaremos nunca con máis de 7.300.000 españois que votaron o Partido Popular. Se ese é o seu consenso, señor Méndez Romeu, comprenderá que Abraham Lincoln quedaría abraiado despois de escoitalo. (*Aplausos.*)

Mire, señoría, nós imos seguir traballando polo consenso, efectivamente. Atopamos consenso no sector da automoción coas empresas auxiliares e atopamos consenso con PSA Peugeot-Citroën, atopamos consenso para conseguir 2 millóns de furgonetas e imos seguir traballando para atopar outros consensos. Por certo, agradezo que vostedes seguiran a decisión do Concello de Vigo de apoiar a lei que onte aprobamos na Cámara.

Señoría, aprobamos e atopamos consenso no sector naval, contra todos, incluído o Comisario do Partido Socialista en Europa. Fomos a Bruxelas e hoxe hai 1.800 millóns de euros en pedidos do sector naval galego.

Atopamos consenso nas TIC. Temos un acordo con todas as empresas multinacionais e galegas.

Atopamos consenso no sector do turismo.

E cando vostede me fala do concurso eólico, señoría, ¿exactamente de que me está a falar? Hai vinte e un recursos interpostos, dezasete deron a razón á Xunta de Galicia, tres están aínda pendentes. ¿Exactamente que é o que nos imputa?, ¿que gañamos todas as sentenzas firmes e que temos tres sentenzas pendentes?

Señoría, cando vostede me di que non fixemos nada no concurso eólico, o 84 % do concurso eólico segue adiante, 84 %. Cando me di que non fixemos nada dos plans industriais, pois hai 970 millóns de euros investidos e 2.000 postos de traballo conquistados. Moito máis do que fixo o Bipartito, como vostede sabe.

Pero cando vostede me fala do consenso no sector eólico recórdolle: ¿vostedes tiñan consenso no Goberno bipartito sobre o sector eólico? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿É que acaso vostede sendo membro do Goberno do Bipartito tiña consenso co sector eólico do BNG?

Señor Méndez Romeu, Abraham Lincoln –insisto–...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...quedaría abraiado da súa intervención.

Moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Pero, señor Feijóo, ¿vostede que inconsecuente é! (*Risos.*) Vostede se hoxe mesmo... Hai que ler os xornais. Ou sexa, que vostede está orgulloso da operación de venda que se fixo coas antigas caixas galegas. Ou sexa, que vostede está pregoando a necesidade do consenso.

Mire, señor Feijóo, onte o Grupo Socialista antepuxo as necesidades urxentes dos cidadáns de Vigo ao texto que vos-

tedes presentaban, que era absolutamente mellorable. E pide vostede diálogo. Onte ofrecémoslle aquí unha mellora substancial do texto, e vostedes como de costume non foron quen de aceptala. E aínda así, por responsabilidade con Vigo, votamos a favor dun proxecto de lei sabendo que máis pronto que tarde haberá que introducir novas modificacións legais. Pero, señor Feijóo, se a Lei do solo aínda non entrou en vigor e xa a estamos modificando.

¿Quere que lle fale de cantas veces o señor Rajoy reclamou consenso nos últimos catro anos na política española? Porque de repente está convertido á causa unionista, xa que falamos en termos de Lincoln. (*Murmurios.*) De repente, o PP convértese á necesidade do diálogo.

Señor Feijóo, vostede non é consecuente. Mire, vostede seguro que le os principais xornais de Galicia. Un deles acaba de publicar unha editorial que fala de vostede, ademais publica o seu editor. E di: “Practicamente todo o que na economía galega foi algunha vez relevante foi vendido ou sofre os estertores da agonía sen que os poderes públicos sexan quen de deter o declive”. Vai por vostede.

Señor presidente, os sectores produtivos necesitan garantías xurídicas, melloras, pero non necesitan leis que non piden e que son caixóns de xastre para tapar a parálise absoluta do seu goberno durante os últimos sete anos.

Vostede foi no seu día nesta cámara absolutamente irresponsable, utilizando unha empresa privada, Pescanova naquel intre, cun pretexto abertamente ilegal para fustrigar o anterior Plan de acuicultura, que si que fora elaborado con consenso. Foi vostede tan inconsecuente que o que estaba defendendo aquí a súa consellería o vetou cinco veces, e teño aquí...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor MÉNDEZ ROMEU: ...os documentos. Vostede veta naturalmente no exercicio do cumprimento da legalidade como conselleiro o que logo dende a oposición reclamaba como actividade política.

E agora, señor presidente, de novo utilizaron argumentos falsos durante estes últimos meses, falsos sobre as mariscadoras, falsos sobre as concesións.

Señor Feijóo, nestes grandes temas estratéxicos do país, como é o concurso eólico ou como é a xestión da acuicultura, vostede rexistra sete anos de nada, sete anos de baleiro...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor MÉNDEZ ROMEU: ...sete anos de discurso e, por riba, sete anos de engano. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Méndez Romeu.

Rolda de peche, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, cando vostede refire o consenso da lei que aprobamos onte, esquecese de que aprobamos unha lei porque o Plan xeral de ordenación urbana de Vigo, aprobado polo seu goberno, por certo, por unha das conselleiras que agora é a responsable de Urbanismo de Vigo, tivo varias sentenzas de anulación completa no Tribunal Supremo.

Fálame vostede de seguridade xurídica. ¿Como teñen vostedes a cidade de Vigo neste momento? ¿Hai algo que se poida facer na cidade de Vigo neste momento con seguridade xurídica? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) O que onte aprobamos aquí por responsabilidade como Goberno de todos os vigueses, que é o Goberno da Xunta de Galicia. Por iso falar de seguridade xurídica por parte do Partido Socialista Obreiro Español –insisto– é unha metáfora.

Fala vostede da Lei do solo. Mire, señoría, as emendas que vostedes propuxeron na Comisión da Lei do solo aceptámolas e despois votaron en contra das súas propias emendas. (*Murmurios.*) Xa estaban vostedes anticipándose a aquilo de que “no es no”; é dicir, co Partido Popular non se pode pactar nin no que estamos de acordo. Pero non se preocupe, señoría, mañá no Consello da Xunta imos aprobar o inicio do regulamento que desenvolva a Lei do solo; é dicir, antes de que entre en vigor imos seguir traballando pola ordenación do solo na comunidade autónoma. Vostedes estiveron no goberno, nada fixeron, nin Directrices de ordenación do territorio, nin Plan do litoral, nin Lei do solo. Nós imos facer iso, incluso o regulamento.

Señoría, cando vostede me di que tiña un Plan acuícola que todo o mundo o apoiaba, 1.047 alegacións tivo o Plan

acuícola, non se aprobou. Non soamente iso, senón que derrogaron un Plan acuícola do Goberno do Partido Popular que tiña tres alegacións. (*Murmurios.*)

Señoría, especialistas en cultivo de mexillón, efectivamente. Sanción da Comisión Nacional do Mercado da Competencia, 4 millóns de euros que tivo que pagar este goberno. “Os bateiros abandonan a sala coa responsable de Pesca do conselleiro do Bipartito da época”. Está aquí á súa disposición.

Como le vostede moitos xornais, prégolle que ese editorial o lea completo, para que vexa o que di o editorial do Partido Socialista Obreiro Español e do *teatrillo* ao que nos ten acostumados no último mes.

Mire, señor Méndez Romeu, se o que pretende o señor Sánchez é aprobar a sesión de investidura do comité federal, enténdoo; o que non podo entender é que engane a todos os españois con este *teatrillo* que leva catro semanas burlándose de toda España (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) nunha sesión de investidura que nada ten que facer e que nada pode sacar. (*Aplausos.*) Por iso, señoría, non fale vostede de consenso porque lles nega o consenso a todos.

Mire, señoría, nós imos seguir protexendo o sector da pesca e da acuicultura, por iso as vendas da baixura soben, as vendas do cerco soben e as vendas do marisqueo soben. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E imos seguir traballando por novos sectores industriais, si, señoría. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mañá, no Consello da Xunta, daremos unha boa noticia, espero que para o Partido Socialista, que quería facelo e non puido, estoume a referir ao aeródromo de Rozas. Imos constituír, efectivamente, un parque tecnolóxico industrial, con máis de 100 millóns de euros de investimento. É un novo sector, o sector aeronáutico, para unha provincia do interior, a provincia de Lugo. Vinte e dous anos no Goberno de España falando de Rozas. Señoría, en plena recesión económica Rozas ten un investimento de 100 millóns de euros, (*Murmurios.*) e é a maior aposta...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...industrial que nunca fixo un Goberno da Xunta de Galicia...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...por Lugo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a María Consuelo Martínez García, do G.P. Mixto, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar o despedimento dos traballadores que están a cubrir na actualidade o servizo de transporte de residuos urbanos por estrada para Sogama

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

Bo día, señor Feijóo.

Quero empezar por saudar os traballadores de Transportes Pellejero que nos acompañan para escoitar a súa resposta.

Segundo as súas propias declaracións, a maior preocupación do Goberno galego son as 220.000 galegas e galegos que seguen sen emprego e que o obxectivo da Xunta é reducir o paro en torno ao 10 % en 2020. Sen embargo, comprobamos a diario como a Xunta permite, cando non colabora, a precarización e destrución de emprego nas empresas adxudicatarias de servizos públicos, como acaba de ocorrer con 68 traballadores e traballadoras de Transportes Pellejero.

O DOG do 22 de xullo de 2014 publicaba o anuncio de licitación de transporte combinado de residuos urbanos dende as plantas de transferencia ata o complexo medioambiental de Cerceda e o vertedoiro de Areosa. Presentáronse catro ofertas, en todo caso UTE. Sogama decidiu excluír a UTE da empresa que viña prestando servizo Ferrovial-Pellejero por considerar a súa oferta económica, a máis baixa de

todas, anormal ou desproporcionada, e adjudicar o contrato a Copasa-Renfe.

Non vou entrar en como a Copasa, á que a Xunta lle permitiu a finais de 2014 executar só a metade da autovía da Costa da Morte por incapacidade financeira, agora lle outorga unha licitación e non lla dá á competidora, porque considera que a súa proposta económica é irrealizable. Pero si quero falar do prego de cláusulas, que di textualmente en relación coas obrigas laborais e xudiciais do adjudicatario: “O persoal necesario para a execución do contrato dependerá exclusivamente da entidade adjudicataria, sendo Sogama allea ás relacións referidas”.

Como sempre, a Xunta só se preocupa de desligarse de calquera responsabilidade laboral en relación co persoal das empresas que prestan servizos para a Administración galega, aínda no suposto de que os despedimentos ou medidas que a empresa adopte se baseen no incumprimento, interpretación ou resolución do contrato, segundo consta nas mesmas plicas.

A UTE Copasa-Renfe será agora a que decida se contrata ou non os traballadores da anterior adjudicataria do transporte de Sogama, que como xeito de presión veñen de convocar unha folga indefinida dende o 15 de febreiro.

Nunha reunión mantida entre as partes no Consello Galego de Relacións Laborais, Copasa comprometeuse a recolocar a 54 traballadores dos 68 afectados de Transportes Pellejero. Pero Copasa négase a que a dita oferta sexa recollida por escrito, polo que en realidade non hai ningunha oferta. Estes traballadores entrarían a traballar en todo caso para a empresa que subcontrata Copasa para atender o servizo: Transportes Grupo Pacholo, que ten un convenio moi inferior ao de Transportes Pellejero.

En realidade, os traballadores, de entraren, que aínda non está claro, pasarían de cobrar entre 1.800 e 2.100 euros ao mes en catorce pagas a cobrar 1.100 euros brutos ao mes. E debido a isto e grazas á presión sindical, que lle aumenta a 4.700 euros sobre o resto dos traballadores que contrate Pacholo. É dicir, non se lle adjudicou a Pellejero porque a oferta era moi baixa, adjudícaselle a Copasa cunha oferta máis alta, pero que precariza máis os traballadores e as traballadoras.

Polo tanto, eu pídolle que lles conteste aos traballadores de Pellejero que vai facer a Xunta para defender a permanencia de todo o persoal no transporte do lixo de Sogama coas mesmas condicións laborais que tiñan en Transportes Pellejero.

Nada máis.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, efectivamente, coincido con vostede en que a primeira preocupación do Goberno de Galicia é o desemprego, sen dúbida, a primeira preocupación. E por iso, señoría, a pesar de ter un paro inferior á media do resto do Estado, entendemos que é insuficiente, e para esas 220.000 persoas que non teñen traballo a crise e a recesión económica é tan dura como foi dende o principio, dende o ano 2008 ao ano 2009 e seguintes, que estiveron padecendo moitos galegos e seguen padecendo eses máis de 220.000 que non atopan traballo.

Señoría, pásame vostede unha pregunta en relación cun problema laboral dunha empresa privada, que é Pellejero e Hijos. Un conflito, efectivamente, dos traballadores desta empresa, que tiñan un contrato de trasladar os transportes de residuos desde as 37 plantas de transferencia de Sogama ata Cerceda.

Señoría, a mediados do pasado ano –como vostede acaba de recordar–, Sogama licitou este servizo. ¿Por que? Porque a anterior empresa levaba dez anos co servizo e porque se esgotaran as prórrogas, dúas, que tiña a empresa como adjudicataria, ¡doce anos! Probablemente se non sacamos a concurso ese contrato, vostede estaríame preguntando como é posible que non saquemos a concurso un contrato que leva esgotado o prazo contractual e as súas prórrogas.

O que fixemos en consecuencia foi sacar a concurso ese contrato e cumprir o Plan galego de xestión de residuos urbanos 2010-2020, que o que pretende é facer unha xestión máis eficaz dos residuos, e o que pretende xustamente é ir

abandonando paulatinamente o transporte en camiións para o transporte en tren. O obxectivo é pasar do 25 % do transporte en tren ao 55 %. E por iso a oferta, segundo a mesa de contratación, máis vantaxosa era a que capitaneaba Renfe coa empresa galega á que vostede está a referirse. Señoría, sen trampa nin cartón en consecuencia.

Mire, sabe vostede igual ca min e igual que os traballadores que o Convenio de transporte na Coruña non contempla a subrogación dos empregados dunha empresa cando cambia o titular desa empresa que presta o servizo. É dicir, non o permite. E, polo tanto, señoría, o que fixemos, sabendo que isto ía producir un problema para a xente que estaba desempeñando correcta e satisfactoriamente o seu traballo, foi empezar a dialogar. ¿A dialogar con quen? Con todos, señoría. A dialogar coa empresa adxudicataria, a dialogar cos traballadores e a dialogar co ámbito das relacións laborais.

Iso foi o que fixemos, e creo que as cousas non foron mal. E non foron mal porque vostede acaba de referir que de todos os traballadores neste momento hai 54 que xa aceptaron as condicións ofrecidas e 5 que refusaron esas condicións porque non lles interesaba o traballo. Se sumamos os 54 e os 5 dámos 59, e ata os 64 quedan 5, que, evidentemente, haberá que seguir traballando para ver que solución se lles dá.

Pero, señoría, se vostede quere concretar o problema, o problema é que o Goberno tiña a obriga de licitar ese contrato. Segundo, que o Goberno tiña a obriga de valorar máis aqueles transportes que se fixeran por tren e menos os transportes que se fixeran en camiión. E que o Goberno actuou e interactuou intentando dialogar entre as partes, e hoxe 54 persoas teñen o seu posto de traballo onde o tiñan, 5 renunciaron por circunstancias persoais e os que faltan, os 4 ou 5 que faltan, haberá que seguir dialogando.

Señoría...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...creo que Sogama fixo un bo traballo e creo que o Goberno licitando ese contrato cumpriu co seu deber.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Eu non sei como cualificalo, e perdoe porque non lle quero faltar ao respecto, pero a súa resposta é indecente. Eu non lle digo que non saquen a licitación, dígolle que cando sacan a licitación a Xunta ten que facer constar que os traballadores que están prestando servizo teñen que ser subrogados. Non pode a Xunta presentar un prego de condicións que diga que os traballadores que están prestando o servizo serán despedidos automaticamente cando cambie a empresa licitadora. Ese é o problema. O problema é que a Xunta non defende os intereses dos traballadores.

E voulle dicir máis: non hai tal oferta, non hai nada escrito, porque a propia Copasa negouse a que constara por escrito no Consello de Relacións Laborais, diante do señor Demetrio, presidente do Consello; negouse a que o presidente do Consello asinara ese acordo e que quedara o acordo firme, aínda nesas condicións de precariedade laboral. Porque vostede non está falando de que esta xente renuncia ao contrato, en todo caso, porque as condicións laborais non lle dan para vivir, porque é miseria.

E eu o que lle reclamo ao Goberno galego é que isto non volva ocorrer. Vivímolo en San Francisco, vivímolo cada vez que hai un cambio de adxudicataria, e quen o paga son os traballadores e as traballadoras, e non porque prestaran un mal servizo, non porque incumpriran o seu convenio, senón porque a Xunta decide deixalos desprotexidos en función dos intereses de empresas que despois contratan un novo cadro de persoal en condicións máis precarias. E así se está precarizando o traballo no noso país.

E ademais, para que os traballadores non poidan defenderse, impónsenselles uns servizos mínimos que obrigan practicamente o cen por cento do cadro de persoal a traballar, porque os servizos mínimos non están afectando, non se aplican aos traballadores que fan o transporte, aplícanse ao conxunto do cadro de persoal e, polo tanto, practicamente o cen por cento están cubrindo o servizo.

Non falou vostede, polo tanto, do que é importante, e é cantos Transportes Pellejero máis vai haber, cantas cuestións, can-

tas veces máis os traballadores terán que quedar na rúa para que o Goberno se dea conta de que non pode ir por aí dicindo que loita contra o paro, mentres permite a precariedade e os despedimentos nas súas propias empresas adxudicatarias.

Eu preguntolle: ¿que vai facer a Xunta para que este acordo realmente quede plasmado e para que as condicións que tiñan en Pellejero se manteñan na nova empresa?

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Rolda de peche, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, o prego ao que vostede fai referencia publicouse, se non recordo mal, no mes de xullo; publicouse no *Diario Oficial de Galicia*, publicouse na páxina web da Xunta de Galicia e no resto dos diarios oficiais onde é preceptivo. Vostede non dixo nada ao respecto, nada; nin ningún fixo alegacións ao respecto.

Segundo. Reitérolle... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* reitérolle, señoría, que o Convenio de transporte na Coruña non posibilita a subrogación dos traballadores. Si, xa sei que vostede nunca falta ao respecto ao presidente da Xunta, salvo cando fala... *(Murmurios.)* e ás veces cando xesticula, pero ese será o seu problema, e así lle vai.

O señor PRESIDENTE: Perdoe, señor presidente. Perdoe, señor presidente, perdoe.

Rogo aos servizos da Cámara que aos nosos invitados os axuden a abandonar o hemiciclo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, non, silencio, por favor. Silencio, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

¡Silencio!

Servizos da Cámara, por favor.

Servizos da Cámara, axuden os nosos invitados. *(Murmurios.)*

Está entendida a súa mensaxe, agora préngolles, por favor, que os servizos da Cámara os acompañen á saída. *(Murmurios.)*

Non, que os retiren. Tranquilos. Está entendido. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

¡Silencio!, por favor. Está entendido, está entendido. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Silencio!, por favor. Silencio.

Silencio, por favor. Xa está entendida a mensaxe. Agora vai terminar o señor presidente a resposta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Grazas, señor presidente.

Reitero, señoría... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*: o Convenio de transporte da provincia da Coruña impide a subrogación automática do persoal de transportes. Xa sei que a vostede lle dá igual o convenio, danlle igual as leis, dálle igual todo, porque vostede non está aquí para cumprir as leis; probablemente vostede está aquí para incumprilas. *(A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señora Martínez, chámoo á orde.

¡Silencio! Silencio e chámoo á orde, señora Martínez.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Os 54 traballadores que continúan co seu contrato indefinido entenden a resposta que estou dando. Iso é o que nos interesa: que os traballadores entenden que traballamos e imos seguir traballando polo emprego en Galicia.

Si, señoría, por iso os 54 traballadores que seguen con contrato indefinido en Sogama non están aquí. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E por iso vostede trae un conflito sindical...

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...pero non un conflito laboral. E por iso, señoría, o que vostede non quere dicir é que mente cando di que Sogama

está en folga; está mentindo. Pero dálle igual, ¿que importa mentir unha vez máis?

Mire, señoría, imos seguir traballando, estou orgulloso de Sogama, estamos producindo máis enerxía eléctrica que nunca, estamos reciclando máis que nunca, estamos mellorando os servizos de Sogama máis que nunca. Non imos subir o canon de Sogama no próximo ano.

E por iso, señoría, se vostede ten algún interese con algunha empresa, alá vostede e deféndao. Eu teño intereses coa mesa de contratación para que diga limpamente cal é a mellor oferta para os intereses de Galicia. Por iso, señoría, vostede siga defendendo as empresas, que eu seguirei defendendo os traballadores.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente. *(Murmurios.)*

Continuamos co punto 6 da orde do día, que se corresponde co de proposicións non de lei.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Silencio, por favor.

Proposición non de lei do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a Carmen Iglesias Sueiro, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co IVE que se está a aplicar aos produtos de hixiene íntima feminina

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei non se presentaron emendas.

Para a defensa desta proposición non de lei ten a palabra a señora Iglesias.

(Murmurios.) (Movemento de persoas.) (Pausa.)

Cando queira, señora Iglesias, pode comezar.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Bo día a todas.

Moitas grazas, presidente.

Sumar a miña indignación á compañeira señora Martínez coa resposta do presidente con respecto á pregunta que lle fixo e a miña solidariedade cos traballadores da empresa que están a punto de perder o seu traballo.

E agora vai ser un cambio de tema absolutamente radical porque imos falar da menstruación..., *(Risos.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Por favor, silencio.

A señora IGLESIAS SUEIRO: ...que tamén é un tema moi importante. Este é un proceso natural de condición feminina e que está estigmatizado polo patriarcado. E por que está estigmatizado todas o sabemos. A visión xudeo-cristiá do mundo que inspira a civilización occidental considera que o corpo e a sexualidade das mulleres representadas na figura de Eva somos as responsables dos males da humanidade. E así o demostra o feito de que durante moitos anos se nos considerase impuras no momento de menstruar ou enfermas.

Esta PNL é pois para reivindicar o feito de que a menstruación é un feito natural e que o que xera en produtos debe ter un IVE superreducido. Porque aínda que as cousas mudaron para mellor, non foi suficiente para que o ciclo menstrual que remata co sangrado sexa considerado por toda a sociedade como o que é: un prodixio biolóxico que actúa como un sistema de autolimpeza mensual que nos protexe, ás mulleres, o noso aparato xenital e cando os estróxenos reforzan as nosas defensas aumentando a resistencia dos glóbulos brancos. ¿Como un privilexio que temos se pode converter nunha maldición por mor dunha interpretación torticera?

Unha muller menstrúa unha media de trinta e cinco anos da súa vida e consome aproximadamente dezasete mil compresas ao longo da súa etapa fértil; falamos só de menstruación. Non se pode negar, pois, a súa condición de produto básico ou de produto de primeira necesidade, porque responde a unha necesidade ineludible que supón unha importantísima carga económica para as mulleres durante unha parte moi longa da súa vida.

Non son os produtos de hixiene feminina algo que se poida escoller usar ou non, ¡non queda outra! Son esenciais, porque sen eles as persoas que menstrúan non poderían facer unha vida normal pública nin privada. En setembro do ano 2012 deixan de ser considerados –ata o ano 2012 foron con-

siderados artigos de luxo, *¡no se lo pierdan!*— artigos de luxo dende o punto de vista impositivo e pasa ao 10 %, etiquetado como IVE reducido. Isto contrasta con outros produtos de primeira necesidade, como o pan e o leite, aos que se lles aplica un 4 %. Isto a min parécese un xeito de machismo impositivo que penaliza o consumo dun produto exclusivo das mulleres e que é indisoluble da nosa condición biolóxica, e, polo tanto —repito—, de primeira necesidade para a metade da cidadanía.

Os prezos actuais sometidos á competencia e libre mercado obrigan moitas mulleres a acudir ás chamadas “marcas brancas”, de moitísima menor calidade en canto á absorción e tamén en canto ao material que se emprega nestes produtos de marca branca, que repercute dun xeito negativo na nosa saúde xenital, alerxias e problemas de pel e tamén na nosa calidade de vida; na calidade de vida, sobre todo, das mulleres que non poden acceder polo seu prezo a un produto de hixiene íntima de calidade. FACUA —unha asociación de consumidores— realizou un estudo sobre este tema en seis cadeas de supermercados co seguinte resultado: as diferenzas de prezo entre as marcas brancas e as marcas de calidade acadan un 400 %.

Ben, o que pretende esta iniciativa —repito— é a despenalización da menstruación, tal e como xa se está a facer neses países europeos dos que se fala moitas veces neste hemisferio como obxectivo de progreso para o noso e de modelo de sociedade. Ben, pois neses países, no Reino Unido, xa están gravados só cun 5 % e, ademais —e isto é moi importante—, o Goberno de Cameron —co cal eu non simpatizo demasiado pero neste asunto si— comprometeuse a destinar o diñeiro recadado con este 5 % a proxectos sociais de apoio ás mulleres. En Inglaterra no día de hoxe, no Reino Unido, un Goberno conservador. E en Canadá —e este sería o modelo ideal— dende o mes de xuño do ano pasado, os tampóns, as compresas e as copas menstruais están exentas de IVE.

Teño a esperanza de que esta iniciativa que hoxe traio a este Parlamento sexa aprobada por unanimidade e, de non ser así, que conte co voto maioritario de todas as mulleres que estamos nesta cámara e que ocupamos escano no día de hoxe. Espero, e dende logo levaríame unha sorpresa grandísima, que as deputadas do PP, se os homes do PP rexeitan a iniciativa, elas tamén a rexeitaran. Señoras deputadas, falamos da menstruación.

Vale. Moitas grazas e máis nada. Espero a aprobación da iniciativa. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Iglesias.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda ten a palabra a señora Solla Fernández.

A señora Solla Fernández: Grazas, presidenta.

Imos votar a favor desta iniciativa. Agradecemos ao Grupo Mixto que a traia a debate porque desgraciadamente, como sucede con outras moitas que xa trouxemos aquí e outras que aínda non viñeron, parece que os temas das mulleres son secundarios, que é cuestión de risa, e vemos como no hemisferio pois quedamos poucas e poucos, coma se isto fora unha cuestión menor. Sen embargo, é unha cuestión que afecta pois en gran parte da súa vida a metade da poboación do país, do Estado e do mundo. Non podemos elixir —como se dixo aquí— ter a menstruación ou non. Polo tanto, os produtos de hixiene menstrual son produtos de primeira necesidade como é calquera outro produto que se utilice nunha casa, nun domicilio diariamente. É dicir, que ata aquí podería chegar a intervención, diríamos que votamos favorablemente e remataríase.

Efectivamente, —como se dixo aquí— FACUA ten un informe moi interesante sobre os prezos dos produtos de hixiene e menstrual, e nese mesmo informe indica ademais que estes produtos facturan 286 millóns de euros anuais no conxunto do Estado; non é unha cuestión menor e, evidentemente, moitas marcas fan negocio con este asunto. E o Estado recada 28 millóns de euros vía impositiva con estes produtos, segundo o propio informe de FACUA. É unha cantidade que non é unha cantidade enorme comparada co que se recada coa totalidade do IVE no resto de produtos, pero que é importante para moitas mulleres, porque ademais estes produtos están gravados igualmente para todas. ¡Imaxínense o que é ademais, a maiores do que xa é ter que pagar todos os meses por eles, para unha persoa que non ten recursos!

É importante que falemos destes temas aquí, porque parece que sempre —como dicía— quedan nun plano secundario. Non é de estrañar cando nin a propia violencia de xénero, que é un tema tan importante, non é tratada como asunto prioritario.

rio, senón que sempre están por riba outro tipo de asuntos económicos, o déficit ou calquera outro tema. Vémolo estes días coa propia negociación do Goberno.

E mesmo sería importante falar de temas como se está a falar xa noutras cámaras. Falaba a señora voceira do Grupo Mixto do Reino Unido, pero podemos falar tamén de Francia, que está a estudar a ‘taxa rosa’ que teñen outros produtos, que é pois esa diferenza de prezos entre produtos iguais “para homes e mulleres” –entre comiñas o de para homes e mulleres, así os etiquetan os mercados– e que acaban coa conclusión de que moitos deses produtos son moito máis caros cando o público ao que se dirixen é o feminino. Iso sería interesante estudalo, pero é un termo que abrangue o mercado –digamos– privado, que fan as marcas para obter máis beneficios.

Neste caso estamos a falar dun imposto e, polo tanto, dunha actuación pública, que é moito máis doada. O Goberno ten na súa man baixar o IVE dun produto que é de primeira necesidade por razóns obvias, como se acaba de explicar.

Xa temos defendido nesta cámara que os impostos directos non son onde hai que gravar máis as clases populares, son precisamente aqueles aos que temos feito referencia á necesidade de aplicación de impostos progresivos para gravar as rendas máis altas os que teñen que financiar os servizos públicos e os servizos do Estado, non os impostos sobre bens de consumo habituais e bens de primeira necesidade como é o caso.

Eu remato xa. Imos apoiar esta iniciativa. Tamén nos gustaría, efectivamente, que tendese a reducirse a cero este IVE que se aplica a estes produtos. Entendemos que este é un paso que pode ser o primeiro paso de cara a alcanzar esa exención final e consideramos que debéra dárselle a importancia nesta cámara que merece, porque os asuntos que atinxen a vida diaria das mulleres, e este é un máis, non son cuestión menor ou non deberan ser cuestión menor dentro da política de ningún goberno.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Solla.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Adán Villamarín.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidenta.

Bo día, señoras deputadas, señores deputados.

Quero comezar lembrando que hoxe é o Día de Rosalía, que a todas pois, efectivamente, nos sabe especialmente ben debater unha iniciativa de corte impositivo con perspectiva de xénero ou, se se me permite dicilo, claramente feminista en tal día como hoxe, cando a nosa escritora nos lembraba a todas que hai que romper moldes, que hai que falar do que non é visible. E eu, aínda que sexa falando da menstruación e de tipos impositivos, traía un poema para ler dende este estrado, que creo que reflicte ben tamén o espírito desta iniciativa, que felicito por ela, á señora Iglesias:

“Daquelas que cantan ás pombas i ás frores / todos din que teñen alma de muller; / pois eu que non as canto, Virxe da Paloma, / ¡Ai!, ¿de que a teréi?”.

Moitas mulleres levan séculos intentando buscar unha forma distinta de estar no mundo. E, efectivamente, saír hoxe aquí e falar da menstruación é unha forma distinta de romper con estereotipos e daquilo que se fixo un tabú, porque así se fixo durante a cultura, en todas as culturas, pero fundamentalmente na cultura occidental, e que poidamos debater, porque iso creo que é algo importante. Todas lembramos como sorprenden os cadros de Frida Kahlo, porque poñen diante dos ollos que os abortos, o sangue, son parte da vida e é necesario poder visibilizalo e poder falar diso con normalidade.

De feito, parécenos normal que unha parte importante da publicidade sexa preguntarse mozas: *¿A que huelen las nubes?* E, en cambio, como a menstruación xa o explicou perfectamente a señora Iglesias que vai dende a pubertade ata unha idade importante, non soamente as mozas son aquelas que teñen que ser reclamo da publicidade, e en cambio si o que son. Hoxe poden dedicarse, cando estean vendo a televisión, cantos anuncios e canta publicidade existe a respecto das compresas, dos tampax, e xustamente porque é un negocio non pensamos o que significa diariamente de gasto para as mulleres, non soamente para as mozas, para todas as mulleres. E ese gravame impositivo a través do IVE significa que as desigualdades cada vez se fan máis desiguais.

Efectivamente, un produto de primeira necesidade –eu creo que foi perfectamente explicado pola señora Iglesias e

tamén pola señora Solla— é incomprendible que se aumentara ao 10 %, esa subida decretada pola Lei 37/1992.

A verdade é que xa foi debatido en diferentes comisións, fundamentalmente na Comisión de Economía a respecto do IVE e de todos os produtos, pero hoxe este debate que damos é un debate eu diría que marcadamente feminista, e eu creo que é bo que existan debates marcadamente feministas nesta Cámara e que así queden recollidos no *Diario de Sesións*. Porque do que nos está falando a señora Iglesias é de se existe un machismo impositivo. Bueno, é un tema importante para debate. Onte falabamos de economía social, e hai toda unha rama da economía, que é a economía feminista, que analiza a economía dende a perspectiva da lóxica do coidado, dende a perspectiva doutra forma de achegarse á realidade das persoas, e eu creo que este é un debate que se inicia, que é novidoso na Cámara, e ao que nós queremos contribuír, dende logo, co noso voto en positivo. É dicir, vai un voto afirmativo claro a respecto desta iniciativa, non soamente polo que significa da baixada do IVE ao 4 %, senón tamén por ese segundo punto que se establece como posibilidade de que o que se recade sexa devolto ás mulleres a través da promoción de proxectos para mulleres, que tamén é unha idea novidosa e que facemos propia para poder seguir traballando nela.

Eu xa non quero seguir incidindo en algo que eu creo que para todas e tamén para todos os que estamos nesta Cámara é unha obviedade, que é que, efectivamente, hai cuestións que deberían de ser eliminadas do IVE. Posiblemente o IVE sexa o imposto máis desigual que sofre a cidadanía. Que as mulleres nos produtos de primeira necesidade da súa hixiene íntima teñan un IVE do 10 % coincidimos coa señora Iglesias que é un machismo impositivo que debe de ser revisado.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Adán.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor González Santín.

O señor GONZÁLEZ SANTÍN: Grazas, presidenta.

Hoxe estamos a debater aquí unha iniciativa do Grupo Míxto na que o que se solicita é que se negocie co Goberno

do Estado unha rebaixa do IVE do 10 % ao 4 %. Polo tanto, eu o que entendo, señora Sueiro, é que o que aquí se está pedindo é que se abra o debate e se empece a falar de por que os produtos de hixiene íntima feminina teñen que pagar IVE.

Eu estou hoxe aquí como portavoz de facenda, parece algo obvio, ¿non?, porque o que se está pedindo é que o tipo impositivo dun imposto común como é o IVE pase nun determinado tipo de produtos do 10 % ao 4 %. Pero vanme permitir que hoxe aquí non fale de facenda, e ata me van permitir que fale moi pouco ou case nada de IVE. Eu creo que esta iniciativa —corrixirame, se non, a señora Sueiro despois— non fala diso, fala doutras cousas; fala de principios, fala de dereitos, fala de xustiza, e ¿por que non dicilo? tamén fala de desigualdade. (*Aplausos.*)

¿E por que digo isto? Porque este é un imposto discriminatorio, discrimina o 50 % da poboación. É un imposto que discrimina o 50 % dos cidadáns, é un imposto que discrimina por sexo, é un imposto que discrimina as mulleres polo mero feito de ser mulleres.

Eu diría que este é un imposto que ten un suxeito pasivo oculto. ¿E cal é este suxeito pasivo oculto? Ser muller, porque grava ser muller, e creo que isto, señoras e señores deputados, é intolerable.

A min, cando estudaba facenda, dicíanme que os impostos gravaban a capacidade económica. ¿E para que? Para detraer de ingresos daqueles que máis tiñan e dállelo en forma de servizos públicos a aqueles que menos tiñan, para igualar a sociedade. Este imposto non fai isto, fai todo o contrario.

Sobre este tema, señora Sueiro, fálase moito, non só na Unión Europea, senón tamén fóra, non somos orixinais. Mire, na Unión Europea hai un debate en todos os países. En Alemaña, estase debatendo hoxe baixar este imposto do 19 % —que ten para baixalo— e poñelo a un tipo máis reducido. En Francia —vostede dicíao— acaban de conseguir hai tres meses que pasara do 20 % ao 5,5 %. O propio primeiro ministro francés, o señor Vals, dicía nunha entrevista: “É de sentido común baixar esta imposición”. Eu estou de acordo co señor Vals, o que pasa é que xa saben o que di o refrán: o sentido común moitas veces é menos común de todos os sentidos.

En Inglaterra, teñen o 5 % estes produtos, e estase loitando para que pase ao tipo cero. O propio ministro, señor Cameron, que fixo a iniciativa, destinou o diñeiro recadado para proxectos sociais para apoio ás mulleres, xusto o que pide no punto 2 da súa iniciativa.

Eu son consciente de que existe un principio de non afectación de ingresos e gastos, pero tamén son consciente de que esta iniciativa pon este punto 2, polo que o que se está é intentando chegar ao que hai que chegar, que é ao tipo impositivo cero.

Fóra da Unión Europea isto tamén se está debatendo, vostede sábeo ben. En Australia, o Goberno está estudando suprimir o IVE nestes produtos. En Estados Unidos hai cinco estados onde xa está suprimido, e nun estado tan conservador como o de Utah está en proceso de supresión. O propio presidente Obama dixo nunhas declaracións que non tiña nin idea de por que os produtos de hixiene feminina tiñan impostos. A min pásame como ao señor Obama, tampouco sei por que teñen impostos estes produtos. E xa dixo vostede que Canadá xa o suprimiu.

Por iso, señora Sueiro, o Partido Socialista apoiará esta iniciativa, pero vaime permitir unha pequena licenza. Eu quixera dicirlle que non podemos ter na Unión Europea un imposto como este, un imposto que discrimina e que grava as mulleres, nin co 21 % nin co 10 %, e, señora Sueiro, nin co 4 %, temos que ir a un tipo cero.

Tamén son consciente de que hai unha directiva da Unión Europea que prohíbe baixar este tipo impositivo por debaixo do 5 %, seino. Pero tamén lle digo que sei que hai que rebelarse contra as inxustizas, que tamén hai que rebelarse contra impostos que son inxustos e discriminatorios, como é este, e creo que nos temos que rebelar e que temos que dar a batalla alí onde hai que dala, que é, neste momento, na Unión Europea.

Esta, señora Sueiro, non é —e dígollo con toda honestidade— unha loita de mulleres, esta é unha loita da sociedade.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor González Santín.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra a señora Fernández Macías.

A señora FERNÁNDEZ MACÍAS: Moitas grazas, presidenta.

Bo día, señorías.

Hoxe o Grupo Parlamentar Mixto trae a esta Cámara unha proposición non de lei sobre o IVE dos produtos de hixiene íntima feminina.

O primeiro que pide a oposición na súa proposición é que instemos dende aquí a Xunta de Galicia para que negocie co Goberno central unha rebaixa no IVE deste produtos ao 4 %.

Antes de entrar propiamente na materia, eu coído que debemos facer fíncapé nun inciso e aclarar que neste caso se debe deixar de lado un pouco a demagogia ou o carácter populista que suscita ou que pode suscitar este tipo de iniciativas, posto que estamos de acordo en que se trata dun tema de carácter sensible para nós, as mulleres, pero debemos tratalo dende o rigor, desde a perspectiva que vostedes, o Grupo Mixto, propoñen, que é o da perspectiva tributaria.

En primeiro lugar, como sabe vostede, o IVE é un imposto de carácter estatal; é un dos principais motores do sistema tributario tanto a nivel nacional como a nivel europeo. Como tal, este imposto está suxeito ao cumprimento de normativas e de directivas comúns no marco da Unión e é de obrigado cumprimento para todos os estados membros. Polo tanto, ampliar ou diminuír o ámbito de aplicación dos diferentes tipos de gravames non é competencia exclusiva só do Estado.

Neste senso, a directiva europea establece unhas normas relativas á harmonización do IVE, onde se inclúe unha lista de bens e servizos que poden estar afectados por este tipo reducido e na que xa se encontran os produtos de hixiene íntima feminina. Sen embargo, na súa iniciativa pode lerse que vostedes propoñen unha desharmonización deste tipo de IVE nestes produtos dende unha perspectiva de xénero; unha teoría que eu persoalmente non comparto, porque, por un lado, poría en perigo o establecemento e o funcionamento do chamado mercado interior, e, por outro, porque afecta a numerosos produtos, non só aos de índole feminina e a moitísimos máis produtos, e non só aos que vostede fai referencia na súa iniciativa.

De todos xeitos, facendo máis fincapé neste tema, tamén teño que dicirlle que está claramente demostrado que unha redución dos tipos de IVE non é o mellor método para promover o consumo de determinados bens e servizos. (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Silencio.

A señora FERNÁNDEZ MACÍAS: Se me deixa terminar, igual llo explico ben.

Aínda que é verdade que no caso que nos ocupa deste imposto o que se busca non é un cambio nos hábitos do comportamento das consumidoras, (*Murmurios.*) ¿por que non se busca un cambio nestes ámbitos? Porque eles non van comprar en función do prezo, senón en función das súas necesidades.

Polo tanto, a repercusión dunha redución deste tipo de IVE nos prezos do consumo nunca vai ser total, sempre –está demostrado– é escasa e ademais de carácter temporal.

Pero centrándonos no tema meramente tributario, como dixen ao principio, cambiar o mecanismo económico baseado nas premisas de que a redución do IVE implicaría unha diminución dos prezos e de que isto se convertería nunha mellor posibilidade de acceso á oferta non está claramente demostrado.

De todas maneiras, a teor disto e facendo un exercicio de sentido común, é necesario ter en conta que estes produtos xa están gravados a un tipo reducido. Por certo, téñolle que recordar, como vostede dixo, señora Iglesias, que están gravados a este tipo reducido dende o ano 2002, que, por certo, esta rebaixa... (*Murmurios.*) Baixouse do IVE xeral no 2002... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Señora Iglesias, non ten a palabra.

Continúe, por favor.

A señora FERNÁNDEZ MACÍAS: Si.

Simplemente quero darlle un dato, que creo que a señora Iglesias o tiña mal, porque estes produtos de hixiene femi-

nina no ano 2002 estaban gravados a un tipo impositivo xeral, que daquela era do 16 %. No ano 2002 baixouse a un tipo impositivo reducido por un goberno do Partido Popular. (*Aplausos.*) É verdade, cun Goberno do señor Aznar, e pasou do 16 % daquela ao 7 %. É verdade que agora do 7 % subiu a un 10 %...; (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Señora Acuña, recórdolle que ten dúas chamadas á orde.

A señora FERNÁNDEZ MACÍAS: ...é verdade que subiu tres puntos por diversos motivos económicos, como, por exemplo, pola crise e demais, que fixeron que se subiran diversos puntos en varios tipos impositivos do IVE.

De todas maneiras, como xa non teño moito tempo, vou pasar á segunda parte da súa proposta, que fala de destinar o diñeiro destes produtos a proxectos sociais de apoio ás mulleres. Vostede sabe que son palabras que quedan moi ben na iniciativa; é unha frase que queda moi bonita, pero que non se pode levar a cabo porque a Lei xeral presupostaria sinala que os recursos do Estado non poden estar afectados a ningún fin determinado e non poden desempeñar un papel de subvención ou de axuda a ningún sector, sexa cal sexa o seu ámbito ou sexa cal sexa a súa índole.

De todas maneiras, a pesar desta connotación negativa que lle deu a miña intervención, na posterior votación pediremos a votación por puntos, porque entendemos e estamos de acordo no seu primeiro punto, en que se podería rebaixar este IVE do 10 % ao 4 %, pero non estamos a favor do segundo, en levar a cabo o recadado por estes impostos a proxectos sociais de apoio ás mulleres.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Fernández.

Polo grupo autor da iniciativa, señora Iglesias, ten vostede a palabra.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Moitas grazas, señora presidenta.

Moitas grazas aos grupos do BNG, AGE e PSOE. Quero dicir que me gustaron moito as súas intervencións e que agradezo moito, por parte do deputado do PSOE, que fora un home quen se posicionara con respecto a este tema, porque iso nos demostra que camiñamos cara a unha sociedade onde a defensa dos dereitos é unha defensa común.

Por outra banda, quero insistir en que o privado é político e en que neste caso se trata do privado feminino.

Con respecto á intervención da señora deputada do Partido Popular, lamento moito que o Partido Popular escollera unha muller nova para facer ese tipo de intervención. Dende a miña perspectiva feminista de entender o mundo, lamento moito este feito, así como lamento moito que esta deputada sexa unha das asinantes da defensa do señor Baltar, presidente da Deputación de Ourense... *(Interrupcións.)* Señora presidenta, ¡por favor! *(Interrupcións.)* *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Á cuestión, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Non, non, estoume cinguindo. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Silencio, por favor.

A señora IGLESIAS SUEIRO: É unha das asinantes da cidade de Ourense, do Partido Popular, que se posicionou na defensa do presidente da Deputación de Ourense, supostamente acosador sexual. E lamento moito que isto se traduza e que isto evidencie o pensamento dun partido que se di que defende os dereitos das mulleres. ¿E a quen escollen? A unha rapaciña nova, e a unha rapaciña á que lle dan un texto, que nin sabe o que está lendo..., *(Murmurios.)* *(Interrupcións.)* porque dá datos falsos e argumentos que non se sosteñen. *(Interrupcións.)* Agradecería á bancada do Partido Popular que respectase o turno desta deputada que está defendendo os dereitos das mulleres neste hemiciclo e que está sendo apoiada por toda a oposición... *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Silencio, por favor.

A señora IGLESIAS SUEIRO: ...e por toda a sociedade no que compete á súa PNL traída hoxe a este hemiciclo.

Con respecto á votación por puntos, se me deixan continuar... Que non chaman á orde a esa bancada e, sen embargo, si chaman a esta cando fan o mesmo. Iso tamén nos di o papel que representa a Presidencia da Mesa deste Parlamento, *(Murmurios.)* que non é igualitaria, que non é...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: É que me interromperon. Quédanme 24 segundos.

Téñome que posicionar –se me deixan, ¿deixaranme?– con respecto á votación por puntos. Vou aceptar a votación por puntos porque eu si que estou a favor dos dereitos de toda a cidadanía e, en especial, dos das mulleres. *(Murmurios.)* E se partillando a votación se soluciona que se rebaixe o IVE, pois acepto. Pero que conste que o meu obxectivo é IVE cero, *(Murmurios.)* e que se aumente o financiamento para a loita contra a violencia contra as mulleres.

Moitas grazas. Máis nada. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Iglesias.

De todas formas, gustárame que vostede recoñecese que todas as mulleres desta Cámara, as deputadas, teñen os mesmos dereitos e as mesmas capacidades para intervir como portavoces. *(Murmurios.)*

Continuamos coa seguinte proposición non de lei... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Silencio, por favor!

Continuamos coa seguinte proposición non de lei... *(O señor Fajardo Recouso pronuncia palabras que non se perciben.)* Señor Fajardo, ten vostede unha chamada á orde. Non quero darlle outra chamada. *(Risos.)* *(Murmurios.)*

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Agustín Baamonde Díaz e seis deputados máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos trámites para a inclusión do Códice Calixtino no rexistro de Memoria do Mundo da Unesco

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): A esta iniciativa presentóuselle unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Ana Belén Pontón Mondelo, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

1. Incoar o oportuno expediente sancionador polo roubo do Códice Calixtino, en virtude do disposto na Lei 8/1995, do 30 de decembro, do patrimonio cultural de Galiza.

2. Presentar ante este Parlamento un informe relativo das medidas de protección, seguridade e conservación nas que se atopa o patrimonio bibliográfico custodiado pola igrexa católica na Galiza, e en concreto, aqueles outros libros custodiados na Catedral de Santiago de Compostela, de semellante importancia histórica e cultural ao Códice. Ademais, a Xunta de Galiza, incoará o oportuno expediente para que estes libros teñan a declaración individualizada como BIC, e adoptará as medidas necesarias para que sexan expostos ao público adoptando as medidas de seguridade precisas.

3. Promover un novo acordo marco entre a Xunta de Galiza e os Bispos das dioceses da Galiza que supere a ineficacia e inoperancia do acordo de 17 de abril de 1985; (DOG nº 107, do 5 de xuño). Este novo acordo-marco desenvolverá o artigo 5 da Lei 8/1995, do 30 de outubro do Patrimonio Cultural de Galiza, co fin de protexer dun xeito efectivo o patrimonio cultural galego e aqueles bens que integran o patrimonio bibliográfico galego e, entre outras medidas, preverá que aqueles bens que teñan un valor sin-

gular, pasen a estar custodiados polas institucións públicas galegas.

4. Iniciar os contactos precisos con institucións e organizacións políticas, sociais e culturais que apoiem os trámites a realizar para acadar a inclusión do Códice Calixtino no rexistro de “Memorias do mundo” da Unesco”.)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Para formular a proposición non de lei, polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Grazas, presidenta.

Bo día, señorías.

Os códices son obras de carácter relixioso ilustradas con debuxos didácticos que trataban de axudar á comprensión dos textos sagrados, mais que, co paso do tempo, teñen adquirido tamén un importante valor simbólico e de transmisión das orixes da nosa cultura.

Na primeira metade do século XII, Diego Gelmírez, primeiro arcebispo de Santiago de Compostela, ordenou a un grupo de teólogos e ilustradores a compilación do *Jacobus*, o *Libro de Santiago*; unha compilación que recibe o sobrenome de “Calixtino” polo interese dos seus verdadeiros autores en simular que o seu redactor fora o Papa Calixto II, gran benefactor da Igrexa de Santiago.

Elevado á categoría de símbolo e de razón de ser da catedral e da propia Compostela este códice foi conservado durante oito séculos na catedral, marcou a pauta do culto e foi a primeira guía do peregrino medieval.

Esta xoia bibliográfica estrutúrase en cinco libros e dous apéndices, con himnos e poemas coa súa anotación musical correspondente. O primeiro destes libros, dedicado á liturxia, recolle misas, homilias, sermóns, cantos, bendicións e relatos sobre a paixón de Santiago. O libro segundo compila vinte e dous milagres do Apóstolo en diversos lugares dos camiños de peregrinación. No terceiro libro nárrese o traslado do corpo do Apóstolo dende Xerusalén ata Iria Flavia e o seu posterior traslado a Compostela. O libro cuarto narra en clave literaria as aventuras de Carlomagno en Hispania. E o libro quinto describe os camiños, converténdose nunha especie de

guía das rutas xacobeas na que se fala dos santuarios, as xentes, as comidas e mesmo os costumes dos lugares polos que transcorren os camiños de peregrinación a Santiago.

Estes cinco libros constitúen un tesouro da cultura galega cun valor incalculable; unha obra artística, literaria e tamén musical, xa que está coroado coa serie polifónica máis importante do medievo: vinte e dúas obras polifónicas que pertencen á primeira etapa da polifonía europea, unha etapa que na musicoloxía se coñece co nome de *Ars antiqua*. Antes de que o mestre Mateo encaramase no Pórtico da Gloria os vinte e catro anciáns da Apocalipse cos seus variados instrumentos xa estaba atestiguada no *Códice* a presenza actuante dos músicos naquelas incomparables vixilias da catedral.

O *Códice* é unha obra artística, literaria, musical e, ¿por que non?, tamén identitaria; un manuscrito transcendental, excepcional e fulcral, un anaco moi destacado da nosa propia historia que forma parte do patrimonio cultural galego e que, polo tanto, é merecente do máximo recoñecemento e divulgación internacional.

Dende o Grupo Parlamentario Popular consideramos que chegou o momento de afondar na valoración desta importante peza bibliográfica non só en Galicia e no conxunto do Estado senón tamén no mundo. Con esta intención presentamos hoxe esta proposición non de lei, que, en definitiva, pretende acadar a inclusión do *Códice Calixtino* no rexistro da *Memoria do Mundo*, da Unesco. Seguindo a definición da Unesco, a *Memoria do Mundo* é a memoria colectiva e documentada dos pobos do mundo, o seu patrimonio documental, o que representa unha boa parte do patrimonio cultural mundial. Esta *Memoria* permite trazar a evolución do pensamento, dos descubrimentos e dos logros da sociedade humana. Trátase do legado do pasado á comunidade mundial presente e futura.

O programa *Memoria do Mundo* nace no ano 1992 froito dunha crecente consciencia do lamentable estado de conservación do patrimonio documental e do deficiente acceso a este patrimonio en distintas partes do mundo. A Unesco, a través do programa *Memoria do Mundo*, determina o patrimonio documental de importancia internacional, rexional e nacional, inscribindo estes documentos nun rexistro e facilitando a súa preservación e o acceso democrático e sen discriminación a estas xoias patrimoniais.

Pero, ademais disto, este programa organiza campañas para sensibilizar sobre o patrimonio documental e alertar os poderes públicos, os cidadáns e os sectores empresarial e comercial da necesidade da conservación e da posta en valor deste patrimonio. Deste xeito, o programa *Memoria do Mundo* artículase en torno á consecución de tres obxectivos fundamentais: facilitar a conservación do patrimonio documental mundial mediante as técnicas máis axeitadas; posibilitar o acceso universal ao patrimonio documental, garantindo o respecto polas diferentes sensibilidades culturais e a democratización dun patrimonio de interese universal; e crear unha maior conciencia en todo o mundo da existencia e da importancia do patrimonio documental como ferramenta indispensable para fornecer a capacidade crítica da sociedade.

Para acadar estes tres obxectivos o programa desenróla-se a través de cinco estratexias: a identificación do patrimonio documental, a sensibilización da sociedade sobre a importancia do patrimonio documental e a necesidade de preservalo e de dar acceso a el, o impulso a proxectos de preservación do patrimonio documental, o fomento do uso das novas tecnoloxías entre as institucións de custodia coa finalidade precisamente de aumentar o acceso ao patrimonio documental que administran e tamén o de seguir desenrolando a estrutura do programa en comités nacionais, rexionais e internacionais para acadar unha maior eficiencia e capacidade de xestión dos documentos incluídos neste rexistro.

Do mesmo xeito que a lista do patrimonio mundial da Unesco, o programa *Memoria do Mundo* baséase no suposto de que algúns elementos, coleccións ou fondos do patrimonio documental forman parte do patrimonio mundial. Considérase que a importancia destes documentos transcende os límites do tempo e da cultura, de xeito que deben preservarse para as xeracións actuais e futuras e ser postos á disposición de todos os pobos do mundo. Polo tanto, a premisa fundacional do programa *Memoria do Mundo* é que o patrimonio documental mundial pertence a todo o mundo, debe ser plenamente preservado e protexido para todos, e, co debido respecto dos hábitos e prácticas culturais, debe ser accesible para todos de xeito permanente e sen obstáculos.

Tendo presente a configuración e os obxectivos do programa *Memoria do Mundo*, da Unesco, parece de xustiza

que unha obra como o *Códice Calixtino* pase a formar parte deste rexistro. E por iso a oportunidade de presentar na Cámara unha proposición non de lei para instar a Xunta de Galicia a propiciar contactos con institucións e organizacións políticas, sociais e culturais que apoiem e reforcen os trámites a realizar para acadar a inclusión do *Códice Calixtino* no rexistro de *Memoria do Mundo*, da Unesco. Con esta iniciativa pretendemos que o Parlamento galego reforce o acordo tomado polo Consello Xacobeo o pasado 13 de decembro de 2015 de tramitar diante da Unesco a inclusión do *Códice Calixtino* neste rexistro por ser un dos máis importantes testimonios da cultura europea da Idade Media e tamén pola súa contribución decisiva a reforzar o papel de Santiago de Compostela como meta da peregrinación.

Entendemos que é a nosa obriga como representantes públicos contribuír a sumar apoios e respaldos a unha iniciativa que redundará en beneficio da nosa cultura, do noso patrimonio cultural e da potenciación do fenómeno das peregrinacións a Santiago de Compostela. Acadar esta consideración outorgarlle ao *Códice Calixtino* unha especial protección e recoñecemento, non só polo seu alto valor histórico nos contextos culturais de orixe, senón tamén pola súa importancia e significación para a historia da humanidade.

Por todo o exposto, convidamos a todos os grupos desta Cámara a sumarse a esta proposición non de lei e a propiciar un respaldo unánime a unha iniciativa que persegue, a través da inclusión do *Códice Calixtino* no rexistro de *Memoria do Mundo*, da Unesco, significar e destacar unha obra que posúe un triplo valor: dunha banda, un valor artístico, que se manifesta nas súas ilustracións e na propia antigüidade do manuscrito; un innegable valor histórico, que se materializa a través do exhaustivo estudo da música e as lendas do século XII; e un valor cultural identitario e, en definitiva, simbólico para Galicia, para Santiago de Compostela e para os miles de peregrinos que cada ano fan o Camiño.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Fernández.

Polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego, para a defensa da emenda, ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señora presidenta. Moi bo día.

Hoxe o Grupo Popular tráenos a esta Cámara unha iniciativa na que basicamente o que se lle pide á Xunta é que “propicie contactos con institucións e organizacións políticas para que apoiem e reforcen os trámites a realizar para acadar a inclusión do *Códice Calixtino* no rexistro da *Memoria del Mundo*, da Unesco”. Teño que empezar por dicir que o noso grupo non ten nada en contra de que isto se faga; é máis, consideramos que o *Códice* –igual que outros elementos do noso patrimonio bibliográfico– é unha parte vertebral da memoria deste país. Teñen un valor documental e histórico moi importante á hora de rescatar e de recuperar a nosa memoria e o que nós fomos colectivamente como pobo no pasado. Mais tamén temos algunhas consideracións que facer a respecto do mesmo.

A primeira é que vostede presentaba con absoluta naturalidade que aquí o Parlamento só ten que estar para referendar o que xa está iniciado. E nós dicimos que hai un problema cando se conceptualiza o papel do Parlamento secundarizado ou como un apéndice do propio Goberno. É máis, sería máis lóxico que antes de levar esta iniciativa ao Consello Xacobeo pois se puidera debater con anterioridade no Parlamento, e que mesmo cando se fai esa proposta nese consello xa vaia co aval de todo o Parlamento. Porque isto, desde o punto de vista político e simbólico, se fora unha anécdota, non tería importancia, pero denota o papel de apéndice co que concibe o Partido Popular o rol que ten que xogar o Parlamento de Galiza, que, segundo está definido no actual marco estatutario, sería a primeira institución do país, mais claramente non é ese o rol e a relevancia que vostedes lle queren dar. E mesmo vemos como a propia iniciativa é bastante *light*, porque se despois destes meses o Goberno nin tan sequera iniciou os contactos para poder dar o apoio a esa iniciativa quere dicir que tampouco forma parte das prioridades, xa que van máis de dous meses desde que isto se aprobou no propio Pleno do Consello Xacobeo. Polo tanto, hai unha primeira cuestión, e é que aínda que nós imos apoiar que isto se poida aprobar neste Parlamento tamén temos que expresar nesta Cámara que non nos parece lóxico este proceder.

Ao mesmo tempo, queremos aproveitar para sinalar algúns problemas ou algúns baleiros aos que non fixo men-

ción a intervención do PP. Efectivamente, o *Códice Calixtino* é unha xoia do noso patrimonio bibliográfico, mais, lamentablemente, tivo que ocorrer un incidente, como foi o seu roubo, para poñelo na luz pública, para que tiveramos información sobre a desprotección que ten o noso patrimonio bibliográfico, e, en concreto, sobre o desleixo que existe no ámbito, neste caso da Catedral de Santiago de Compostela, que ten a titularidade destes documentos tan valiosos e que nin tan sequera ten as mínimas normas, cando se trata de patrimonio bibliográfico, onde está recollida unha parte da historia deste país e tamén da historia da humanidade. Hai que lembrar nese sentido que nós reclamamos –e volvemos facelo aquí– e dicimos que non nos parece lóxico que a Xunta de Galiza non aplicara a Lei de patrimonio, porque a Lei de patrimonio establece que unha das obrigas que ten calquera titular dun ben que integra o noso patrimonio cultural –neste caso o noso patrimonio bibliográfico–, a primeira obriga que ten, é a de conservación e de custodia dese documento. E vimos como houbo unha absoluta inaplicación dos preceptos da lei e como se indultou a Igrexa católica da apertura dun expediente para ver realmente que era o que fallara e cal era a responsabilidade tamén da Igrexa nese aspecto. Polo tanto, nós o que pedimos aquí é que se aplique a lei á Igrexa católica, igual que se lle faría a calquera outro galego ou galega, porque a lei ten que ser igual para todos e todas, e a Igrexa non pode estar por riba das leis que se aproban neste Parlamento.

Tamén nos parecía importante –e gustaríanos nese sentido que puidera haber unha transacción con algún dos puntos desta emenda– que tiveramos un informe sobre cales son todas as medidas de protección, de seguridade e de conservación de todos os bens que ten a Igrexa católica neste momento. Consideramos que para o futuro... Só na Catedral de Santiago –imaxinen– hai 11.000 documentos medievais, hai documentos que teñen un valor tan relevante como pode ser o propio *Códice*, como son os tombos, como é a *Historia compostelá*. É dicir, que aí hai depositado un valor que non é un valor propiedade da Igrexa, por moito que desde o punto de vista legal o teña, senón que forma parte da historia do noso país. E queríamos que todo iso puidéramos saber como está e que haxa medidas efectivas para a súa protección.

Cremos que tamén, de cara á súa conservación, sería interesante que se fixeran declaracións individualizadas destes libros como bens de interese cultural, porque iso estable-

cería ou nos daría máis instrumentos para a súa protección, alén da que xa teñen polo seu valor histórico.

E, finalmente, cremos tamén que sería importante que se revisara ese acordo entre a Igrexa e a Xunta de Galiza en relación coa protección do patrimonio da Igrexa católica, porque aquí non só teríamos que falar do *Códice* senón de moito do patrimonio da Igrexa que está caendo a cachos, e vemos como esta Comisión non cumpriu a función que debera de ter, que era a de realmente coordinar e de garantir un bo estado de conservación, senón que simplemente aí a Xunta funciona como unha correa de transmisión da Igrexa no noso país, e pensamos que iso non son relacións de igualdade senón de subordinación.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Pontón.

Polo Grupo Parlamentario Mixto ten a palabra a señora Iglesias Sueiro.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Moitas grazas, presidenta.

Non vou repetir aquí o valor do *Códice Calixtino*, xa exposto polos dous anteriores intervenientes e tamén sabido por todas e todos. Así que me vou centrar no meu posicionamento con respecto á PNL que presenta o Partido Popular.

Que o *Códice Calixtino* sexa declarado *Memoria del Mundo* da Unesco, a min paréceme ben, pero o *Códice Calixtino* é propiedade privada e, desgraciadamente, tomou relevancia ou foi coñecido pola cidadanía sobre todo pola desaparición e roubo do que foi obxecto, o que deixou ao descuberto a desprotección e falta de control do patrimonio universal e extraordinario dos bens en poder da Igrexa católica.

Estamos perante unha organización que recibe constantemente –recibe, recibe...–, que conta con privilexios –enormes privilexios do Estado e das administracións– e á que non se lle exige nada a cambio. Coa cantidade de cartos públicos que recibe a Catedral de Santiago para a súa conservación e valorización paréceme moito máis prioritario que se lle exixan medidas que garantan a seguridade, conservación e protección do *Códice*; particularmente do *Códi-*

ce, pero tamén do resto dos bens patrimoniais. Bueno, para ser totalmente sincera, o que eu pediría é que a Igrexa doase á Administración galega o *Códice* en agradecemento –por parte da Igrexa– aos esforzos que toda a sociedade fai por conservar o seu patrimonio e dada a pouca importancia que lle merece o *Códice*, demostrado por como se produciu o seu roubo e que non contase con ningunha das prevencións exixidas a un documento como este.

Vou votar a favor desta iniciativa, pero votaría moito máis a gusto a favor se se acepta a emenda do BNG, xa que non queda na superficie e nun mero recoñecemento senón que amplía a defensa e a protección do *Códice* e do resto do patrimonio da Igrexa católica, á vez que exixe responsabilidades por un desleixo que puido acabar en drama coa perda ou desaparición irreparable dunha xoia do patrimonio da humanidade. Así que, sen que sexa causa de precedente, sen que sente precedente, esta iniciativa do Partido Popular vai contar co meu apoio.

Grazas. Máis nada.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Iglesias.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda ten a palabra o señor Ron Fernández.

O señor RON FERNÁNDEZ: Bo día a todos e a todas.

O *Codex Calixtinus*, o *Códice Calixtino* –tamén coñecido como *Liber Sancti Iacobi*–, xa se dixo aquí, é unha das pezas máis fundamentais da nosa identidade medieval, desde a Idade Media, da nosa cultura; é un documento de valor incalculable. E por iso cómpre agardar a que cando se trae unha iniciativa hai que procurar documental a moito máis; é dicir, hai cousas, loxicamente, que veñen dadas seguramente de enciclopedias dixitais: os códices son obras de carácter relixioso. Non é certo, o que é a palabra “códice” remítenos á historia do libro, á historia do libro por fases: antes eran os *volumina* en papiro e logo pasamos ao *codex*, contra a acción do *caudex*, da cortiza da árbore, do tronco da árbore, e a través diso facíanse os pregues por fasciculización e tiñamos aí o noso códice. É dicir, non é certo que sexan realmente de temática relixiosa, aínda que si se empezou a través da Biblia. A partir do IV despois de Cristo foi

cando se xeneralizaron, e de aí vén a nosa historia do libro e a historia da escritura; é dicir, hai de todo.

Do *Codex Calixtinus* debera, en primeiro lugar, plantexarse por que ata que o electricista o rouba realmente non era coñecido pola sociedade galega. É dicir, iso demostra o que está acontecendo non só co *Codex Calixtinus*, senón con todo o patrimonio bibliográfico documental de Galicia, que é fondamente ignorado por practicamente toda a cidadanía, sobre todo o que está dentro das institucións eclesiásticas e relixiosas.

E cando falamos do *Codex Calixtinus* hai que enténdelo como un conxunto; é dicir, non se pode falar unicamente da peza que conservamos na Catedral de Santiago, senón tamén do manuscrito que figura en Salamanca, porque, loxicamente, son un conxunto unitario desde o punto de vista filolóxico e desde o punto de vista cultural. E sobre todo, se desaparecera cando o roubou o electricista o *Liber Sancti Iacobi*, pois teríamos só a copia de Salamanca para acceder precisamente a ese pasado, a esa enorme peza da nosa cultura.

O *Liber peregrinationis* e o de Turpin, os libros IV e V, son fundamentalmente os que animaron a todo isto que aquí, desde o século XXI e desde o señor Fraga, o Partido Popular arbora como gran turismo de Galicia, que é o Camiño de Santiago, a través da primeira parte do Turpin e do libro V. E, polo tanto, o que debera agardarse é que a Xunta de Galicia protexera de por si todo o patrimonio cultural, histórico, arquitectónico, antropológico da nosa sociedade e non a que figure nun rexistro da *Memoria do Mundo* para levar a cabo esa protección.

Nós non estamos en contra de que figure no rexistro da *Memoria do Mundo*, pero o que sorprende tamén é que se un observa entre 1993 e o 2015 e que en cada ano se leven dúas propostas por cada país, pois só figuren *As capitulacións de Santa Fe*, o *Tratado de Tordesillas*, o *Llibre del Sindicat Remença*, de 1448; os *Decreta*, de León, de 1188; ou a Misión Queijo a Europa, que está convenida con Xapón. É dicir, cremos que o propio Estado español e a propia Galicia teñen bastante máis patrimonio digno de ser coñecido como *Memoria do Mundo*; hai moito máis, desde logo.

Polo tanto, nós imos apoiar a iniciativa porque entendemos que hai que dar ese recoñecemento e ese salto, pero,

desde logo, sen esquecer e sen obviar a responsabilidade que ten a Xunta de Galicia de protexer o patrimonio e sobre todo de facer todo o posible para que ese rexistro codicolóxico... Lembremos que na propia Catedral de Santiago hai máis de 320 manuscritos, e sen dúbida todos eles importantísimos, porque cada peza é singular, é un momento da historia cultural deste país. Polo tanto, *O Breviario de Miranda*, que figura na Catedral de Santiago, é igualmente importante, e as copias da *Historia compostelá*, as copias manuscritas do Padre Sarmiento... É dicir, todo merece unha consideración importante, e de aí que hai que establecer ese espazo para o recoñecemento como bens de interese cultural de todas as pezas que teñan esa singularidade para a nosa historia cultural, para o noso patrimonio e para a nosa identidade e historia como pobo. Só así seremos quen...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor RON FERNÁNDEZ: ...de facer ese traballo de divulgación, que é precisamente o que falta e o que provoca que cando un electricista rouba o diñeiro que hai no cepillo e rouba un manuscrito pois de repente a cidadanía se entere e se fagan películas para dar a coñecer un patrimonio que deba ser coñecido desde hai moito antes e non ser cousa unicamente de especialistas, de estudosos do medieval e de eruditos da nosa cultura.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ron.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, señor Vázquez Blanco.

O señor VÁZQUEZ BLANCO: Grazas, presidente.

Hoxe debatemos aquí unha iniciativa do grupo maioritario da Cámara que vén demandarlle á Xunta de Galicia que tome as medidas oportunas para que o *Códice Calixtino* sexa incluído no rexistro de *Memoria do Mundo*, algo que xa foi acordado o pasado mes de decembro polo Pleno do Consello Xacobeo.

O *Liber Sancti Iacobi*, coñecido como *Códice Calixtino*, como saben, é a compilación do *Iacobus*, o *Libro de Santiago*, ordenada a un grupo de teólogos e ilustradores alá polos

anos 1122 ao 1124 por Diego Gelmírez, primeiro arcebispo de Santiago. E recibe o nome de Calixtino polo interese dos seus verdadeiros actores en simular que o seu redactor fora o Papa Calixto II. O *Códice* componse de cinco libros, sendo o V o máis coñecido, como unha sorte de guía das rutas xacobeas, á que despois se engaden outros textos e apéndice ata finais do século XII.

O programa *Memoria do Mundo* é unha das tres iniciativas da Unesco orientadas a incrementar a protección e a concienciación do patrimonio cultural mundial, en concreto, dedicado á protección do patrimonio documental do mundo. Os documentos que son recoñecidos con este nivel de protección entran no rexistro da *Memoria do Mundo*. En España figuran, entre outros –como ben dixo o portavoz de AGE–, *As Capitulacións de Santa Fe* e o *Tratado de Tordesillas*.

Ao Grupo socialista parécelle positivo apoiar a candidatura do *Códice*, xa que estamos a falar dun dos máis importantes testemuños da cultura europea da Idade Media, e tamén pola súa contribución á hora de afianzar o papel de Santiago de Compostela como meta da peregrinación. Pero, xa que falamos do *Códice*, temos que lembrar que se fixo célebre cando foi subtraído da caixa forte da Catedral de Santiago, e mentres se especulaba co roubo por parte de ladróns profesionais e especializados, e mesmo coa súa posible saída do país, resulta que descansaba nun garaxe do veciño Milladoiro.

Pero traio aquí este feito xa que serviu para poñer de manifesto a gran desprotección á que está sometido moito do patrimonio eclesiástico en Galicia, que representa, segundo parece, entre o 75 % e o 80 % de todo o patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia; baste dicir que Galicia conta con 7.679 edificios relixiosos singulares.

O roubo do *Códice* revelou os problemas de seguridade do patrimonio eclesiástico, en moitos casos por falla de medios, o que provoca non só a deterioración, senón tamén o roubo das propias pezas. E non só isto, senón que tras a detención do ladrón do *Códice* apareceron outros obxectos no seu poder que a Igrexa nin sequera sabía que desaparece-
ran, razón pola cal o fiscal superior de Galicia, Carlos Varela, propuxo a creación dun plan de seguridade para protexer os bens patrimoniais eclesiásticos, instando ademais o Arcebispo a asinar un protocolo conxunto coa Delegación do

Goberno e a Xunta de Galicia, e que tan só conseguiu a adhesión do Bispado de Astorga.

Tamén se instou a Igrexa a elaborar o seu rexistro de bens, poñendo de manifesto a necesidade de facer un inventario dos bens por ser imprescindible para a súa protección e conservación, posto que a recuperación dunha obra subtraída é máis probable canto máis rápida sexa a súa comunicación e máis completa a información dispoñible.

Pero temos que dicir que nada se ten avanzado dende entón, e durante este tempo téñense producido roubos en diferentes templos e demais inmobles eclesiásticos e ás veces con graves consecuencias. O ano pasado o señor Varela volvía vincular esa falla de implicación con personalismos de parte da Igrexa, e mesmo asistimos a unha falla absoluta de compromiso cando o Arcebispado xustificaba a súa posición afirmando que se uniría ao protocolo chamado “Igrexa segura” cando tivese un custo viable para as súas arcas.

A Xunta de Galicia despachou o asunto o pasado ano anunciando que coa nova Lei de patrimonio –que comezaremos a debater nesta Cámara proximamente– se porá en marcha un regulamento que regule as relacións entre a Xunta e a Igrexa católica, e recoñecendo, polo tanto, de xeito implícito non só o abandono dos bens eclesiásticos, senón tamén que nada se ten avanzado neste senso nos últimos anos.

E vostedes sacan peito dicindo que a nova lei será a solución para todo, cando o único que muda con respecto á lei en vigor é que ao actual texto se lle engade que regulamentariamente se desenvolverá con posición e funcións da Comisión mixta Igrexa-Xunta, o que non deixa de ser outro brinde ao sol.

Estamos unha vez máis ante un problema de vontade e capacidade; non é un problema normativo, como lle temos dito, senón de desenvolvemento. O que hai que facer é desenvolver o artigo 5 da lei actual, que establece que a Igrexa católica velará pola protección, conservación e difusión do patrimonio, colaborando coa Administración, que é o mesmo que lle dicimos sempre cando falamos do abandono do patrimonio galego: que tamén hai unha falla de vontade e capacidade, como se demostra no estado no que se atopan moitos dos bens que xa gozan dunha protección como bens de interese cultural e mesmo nas minguentes partidas orza-

mentarias adicadas á protección e difusión do patrimonio do noso país.

Por iso, aínda que apoiamos esta iniciativa, temos unha vez máis que poñer de manifesto a grave situación na que se atopa o patrimonio, tanto eclesiástico como o que non o é, e que non se arranxa con iniciativas como esta, que están moi ben e que son moi efectistas, pero que agochan unha triste realidade, que é o preocupante estado de conservación e protección do patrimonio galego.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Vázquez Blanco.

Grupo autor da iniciativa, señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, gustaríame agradecer o que entendo que vai ser un apoio unánime a esta iniciativa, porque, como dicía na miña intervención inicial, evidentemente, un documento como o *Códice Calixtino* precisa e merece esta unanimidade e este posicionamento favorable da Cámara cara a esta declaración, ou apoio a esta declaración, de *Memoria do Mundo*, da Unesco.

Gustaríame comentar unha serie de cuestións das diferentes intervencións dos grupos que me resultaron lixeiramente chamativas. En primeiro lugar, por ir empezando en orde inversa a como se produciron estas intervencións, señor Vázquez, vostede centrou fundamentalmente a súa intervención en falar sobre as necesidades de elaborar unha lei de patrimonio, de patrimonio cultural de Galicia, coas suficientes cautelas para a conservación de todo este tipo de patrimonio documental ou de patrimonio artístico tamén. Evidentemente, iso poderase facer no proceso de ponencia da Lei de patrimonio cultural, da que vostede forma parte. Polo tanto, no correcto funcionamento da Cámara e no habitual funcionamento do proceso legislativo agardamos as súas achegas para que sexan valoradas e incorporadas a ese texto legislativo.

Evidentemente, nós unha das razóns polas que traíamos esta proposta era precisamente para dotar de substantividade

o valor do *Códice Calixtino*, que é algo que eu finalmente boto de menos nas intervencións dos grupos, porque en moitas das intervencións se falou precisamente de que, por desgraza, ata o momento do roubo do *Códice Calixtino*, esta figura non era coñecida pola meirande parte da sociedade galega e, curiosamente, estíbese facendo referencia a un feito que, a base de repetilo, era o que se intentaba converter en feito central nas intervencións dos grupos da oposición. Nós, dende logo, na nosa intervención non falamos en ningún momento deste feito porque entendemos que o valor substantivo do propio *Códice* é o que merece ser dignificado, é o que merece ser recollido nesta iniciativa.

Por iso a min tamén me gustaría sinalar que entendemos que a emenda que presenta o BNG é unha emenda que, dalgún xeito, de aceptala, desnaturalizaría o espírito desta proposta. O espírito desta proposta é moi claro: é simplemente apoiar esta candidatura do *Códice Calixtino* para o rexistro de *Memoria do Mundo* da Unesco. Das outras cousas podemos falar; pódese falar e pódense traer iniciativas a esta Cámara precisamente para buscar e ao mellor levar a cabo estoutras propostas que se sinalan nesta emenda, pero, dende logo, nós entendemos que neste caso concreto é necesario poñer en valor esa substantividade do *Códice Calixtino*, ese apoio para esta inclusión no rexistro de *Memoria do Mundo* da Unesco.

Simplemente, xa para rematar, quero sinalar que tamén se dixo que era unha pena que dende que existe este rexistro de Memoria da Unesco no ano 1993 ata hoxe non se tivese intentado meter o *Códice Calixtino* dentro deste rexistro. Eu creo que ese é un feito que nos pode sinalar a todos os aquí presentes, porque, dende logo, foi por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular que hoxe estamos debatendo e falando nesta Cámara do *Códice Calixtino* e, precisamente, do seu valor substantivo e non de causas accesorias. E, nese sentido, eu creo que os demais grupos, cando se queixan de que, precisamente, isto non se poña en valor, o que deberían facer é...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FERNÁNDEZ GIL: ...ao mellor, ter traído iniciativas nesta liña a esta Cámara...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FERNÁNDEZ GIL: ...e non como tivemos que facer hoxe. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Gil.

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Concepción Burgo López e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas recomendacións reflectidas no último informe do Comité de Expertos da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias en relación co uso da lingua galega nos diferentes ámbitos

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bos días, señorías.

Como vostedes saben, a Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias é un tratado promovido polo Consello de Europa que ten como obxectivo a protección destas linguas e dos cidadáns que as falan.

España firmou esta carta en 2001 e logo foi ratificada polo Parlamento galego. Periodicamente o Consello de Europa manda, envía, dos distintos países que se comprometeron nesta carta, unha serie de expertos, que realizan unha avaliación do nivel de cumprimento dos compromisos adquiridos polos distintos estados, e ademais do nivel de cumprimento en ámbitos diversos: educación, xustiza, servizos administrativos, servizos públicos, medios de comunicación, actividades e servizos culturais, utilizando tanto datos subministrados polos distintos gobernos, como facendo visitas *in situ*.

Hai moi poucas datas, en xaneiro deste ano, presentouse, publicouse, o IV Informe elaborado polos expertos que analizan o cumprimento da dita Carta europea. E unha vez máis, esta vez por segunda vez, xa este informe do Consello de Europa volve alertar dos efectos negativos que está a ter a política lingüística da Xunta sobre os dereitos lingüísticos dos cidadáns, sobre os dereitos a utilizar a lingua, a nosa lingua, o galego, en todos os ámbitos da vida.

É un informe detallado que despois se resume nunha serie de recomendacións e que debe ser lido con coidado, con atención. Creo que a Xunta non debería en ningún momento tomar á lixeira estas recomendacións ao diagnóstico deste informe, non debería desprezar, como fai a miúdo, esta opinión, porque se observan aspectos moi negativos que quero dicirlles que non se observan nin en Cataluña nin no País Vasco. É dicir, que aquí hai un cumprimento da Carta moito menor do que se está reflexando en Cataluña ou no País Vasco.

Como lles dicía, atende este informe a múltiples aspectos de impulso, de utilización da lingua, comezando por un aspecto fundamental, que é a lingua no proceso do ensino; un elemento que non é o único importante para o impulso e a normalización do noso idioma, pero si que é absolutamente vital. E neste aspecto da educación hai unha clara censura do Consello de Europa á actuación do Goberno galego de novo pola implantación e os perversos efectos que ten o Decreto 79/2010, chamado –mal chamado– do plurilingüismo. O Consello de Europa, os expertos –e cito–: “Consideran que se está reducindo o uso do galego no ensino a un terzo. Consideran absolutamente negativo que materias como matemáticas, física ou química non se poidan impartir en galego e, en resumo, consideran que se está dando unha redución gradual da presenza do galego en todos os niveis do ensino: infantil, primaria, secundaria”. E isto entra en absoluta contradición cos compromisos adquiridos polas autoridades españolas e galegas, que teñen que facer e teñen a obriga de facer do galego a lingua predominante do ensino. En cambio, o que se está a facer é todo o contrario, reducir paulatinamente esa presenza do galego. Todo por un decreto, este Decreto 79/2010, que nestes momentos tan só é defendido polo Partido Popular, que está nunha extrema soidade na defensa deste decreto, nun cambio normativo que ten efectos moi perniciosos sobre a nosa lingua. E que non o dicimos soamente xa en Galicia, senón que o di tamén o Consello de Europa. Un decreto que foi promulgado simplemente –e isto é moi grave– para apañar un puñado de votos, rachando todo o consenso que estaba presente na normalización do noso idioma. Foi rachado ese consenso polo Partido Popular.

Está só o Partido Popular na defensa deste decreto. Recórdolles –en contra do que manifestou o señor conselleiro, intentando xustificar o inxustificable, que dicía que este

decreto estaba avalado socialmente– ás súas señorías que están, estiveron e seguen estando en contra da aplicación deste decreto: a Real Academia Galega, o Consello da Cultura Galega, o Consello Escolar de Galicia, a Mesa Sectorial de Educación, todos os sindicatos, a Confapa, todos os partidos políticos e as universidades, o Movemento de Renovación Pedagóxica, a Asociación de Traballadores pola Normalización Lingüística, o Consello Consultivo...; todo, todo o corpo social, cívico e político deste país, e agora o Consello de Europa.

As consecuencias son claras: nestes momentos tan só o 5 % dos centros de infantil das poboacións maiores de 50.000 habitantes utilizan maioritariamente o galego no ensino, e entre os que o utilizan de forma testemuñal e non o utilizan en absoluto chegamos ao 75 % dos centros de infantil. Isto quere dicir que a maior parte do alumando non ten nin unha soa noción, nin a máis mínima noción, de galego cando chega a primara, e isto, loxicamente, arrástrase posteriormente en todos os niveis de educación e arrástrase, por suposto, na vida no uso oral e escrito, no uso cotián destes nenos, que non o aprenden dende pequenos.

Non soamente é na educación, que é a parte seguramente máis importante, tamén o informe do Consello de Europa censura a política neste caso do Goberno de España, pero tamén da Xunta de Galicia en canto ao uso do galego na xustiza, porque afirma taxativamente que non se están defendendo todos os dereitos dos galegofalantes neste eido, igual que na sanidade, e dá unha serie de recomendacións para que este incumprimento manifesto –e así o din, un incumprimento das obrigas da Xunta de Galicia– sexa corrixido, como aumentar o coñecemento dos traballadores da xustiza sobre o galego, utilizar métodos como programas informáticos que permitan a utilización do galego e outras máis.

Pasa o mesmo que coa sanidade. Observan que non hai unha defensa total dos dereitos lingüísticos na administración dos servizos públicos tanto na Administración do Estado... Recordo ás súas señorías un caso –que cita tamén o informe– considerado moi grave, como foi a non aceptación polo Ministerio de Educación de títulos das universidades galegas emitidos en galego, e ante o que a Xunta non fixo absolutamente nada. No informe está clara unha censura ao Goberno de Galicia por non defender os dereitos do idioma galego fronte á Administración central.

Pero tamén na aplicación ou no uso do galego na Administración local e autonómica, que afirma que tería que ser maior do que é. Afirma e coñece como un terzo dos servizos de normalización dos concellos desapareceron pola desidia e desinterese da Xunta de Galicia, ademais de por unha rebaixa total dos orzamentos dedicados a este aspecto, igual que unha rebaixa –recordo que xa se dixo moitas veces neste hemiciclo, pero recórdoo– dende o ano 2009, un recorte do 70 % –do 70 % nada máis e nada menos– para as políticas de normalización lingüística.

Tamén cita como se está reducindo o número, a porcentaxe, de galegos que utilizan este idioma na vida cotiá e que se está camiñando cara a un monolingüismo en castelán, señores deputados. É o que está conseguindo a política da Xunta de Galicia; non é ese bilingüismo harmónico e amable do que falaba o señor Feijóo, estase camiñando cara a un monolingüismo en castelán.

Dende o Grupo Socialista cremos que hai que volver a un consenso en torno ao noso idioma, que o Partido Popular ten que abandonar estas políticas absolutamente negativas e onde está nunha soidade extrema en torno ao noso idioma e que debe entrar nun consenso, que firmou nun manifesto hai uns meses pero que non cumpriu e que ten unha base esencial, porque temos xa o común denominador, temos a base do consenso, que é o Plan xeral...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora BURGO LÓPEZ: ... –remato– de normalización lingüística.

Mentres tanto, dende logo, o que é necesario –é o que solicitamos– é que se derroque o Decreto 79/2010, que se apliquen todas as recomendacións do informe, non as recomendacións finais do informe, e que se apliquen as políticas marcadas no Plan de normalización lingüística.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Burgo.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Grazas, presidente.

Esta deputada vai apoiar esta iniciativa, vouna apoiar co meu voto; tamén o faría –segurísimo– a Real Academia da Lingua Galega, unha institución científica creada en 1906 e que ten como obxectivo o estudo e preservación da cultura galega, en especial da lingua. Unha institución, a Real Academia da Lingua Galega, silenciada ata case a clandestinidade durante a ditadura e que a día de hoxe, a principios do século XXI, en virtude das súas funcións de preservación da lingua, se ve na obriga de ter que acudir aos órganos xudiciais para facer valer os dereitos lingüísticos das galegofalantes no que atinxe ao Decreto do plurilingüismo. ¿Por que? –palabras textuais da Academia– “Por vulnerar o dereito ao ensino en lingua galega, por excluíren o seu uso en materias de contido científico e por fomentar os prexuízos en contra dela”. Nunca se viu tal tras a morte do ditador, impensable sequera na época do Goberno de don Manuel Fraga. É inconcibible unha situación similar de confrontación entre o Goberno de España e a institución da Real Academia Española, unha cousa impensable.

Tamén votarían a favor desta iniciativa os membros da Mesa pola Normalización Lingüística, que se refíren ao devandito decreto como “o decreto contra a lingua galega”. Así que, se non entendo mal, a oposición parlamentaria coincide cos criterios dos académicos e das expertas en cuestións lingüísticas, o único que non o fai é o Partido Popular e o Goberno do Partido Popular, que aínda que maioritario –cada vez menos– non representa –e repito– nesta cuestión a moitísimas das súas votantes. Un amplo sector da comunidade escolar tamén rexeita este decreto, como moi ben dixo a señora Burgo hai un momentíño, o que pasa é que na comunidade escolar están a facer o que faciamos cando eu era mestra nos anos aqueles, na escura longa noite de pedra, que practicabamos a desobediencia civil. Practicabamos a desobediencia civil, impartiamos as clases de lingua galega e falabamos moito en lingua galega nas escolas. Grazas a iso, mantívose o idioma. Foi unha das causas coas que axudamos, da cal me sinto moi orgullosa.

É unha época, ademais, da que non lle gusta falar ao Partido Popular, pero que existiu e que determina a presente. E agora chega o ditame do informe do Comité de Expertas para a Carta europea das linguas rexionais e minoritarias e resulta que ese informe –que non estará facendo política de partido, digo eu– coincide cos criterios das autoridades académicas de Galiza, da Mesa pola Normali-

zación, das ANPA, dos sindicatos de ensino e dos partidos da oposición parlamentaria. Eu creo que deberían de pensar. Eu non vou repetir as críticas que contén o informe, que xa –repite– a señora Burgo expuxo aquí magnificamente e que teñen sido orixe de moitas iniciativas parlamentarias que teñen chegado á Comisión cuarta. Pero o que si vou facer é invitalos a reflexionar na súa soidade parlamentaria e política na que se atopan a día de hoxe sobre este tema. (*Murmurios.*) Si, si, soidade, están vostedes moi... Ninguén quere pactar...

Admitan os erros cometidos na súa política lingüística e retiren, como di a Mesa, como di a sociedade e, como din os galego e as galegofalantes, o Decreto de plurilingüismo contra a lingua galega.

Grazas. Máis nada.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Bo día a todas e a todos.

A verdade é que sería imposible resumir en cinco minutos todo os desastres provocados pola acción decidida do Goberno contra os intereses xerais de todos os galegos e as galegas: o Plan mineiro, a fusión das caixas, a Lei do solo, o desastre de Angrois e a súa xestión posterior, a estafa á sanidade pública perpetrada co hospital privado de Vigo, a ruína do sector lácteo, a fallida Lei de acuicultura, etc.

Sería difícil, ademais, destacar un desastre sobre outro, pero, dende logo, dende o meu punto de vista, sen dúbida, un dos maiores desastres aos que tivemos a desgraza de asistir todos os galegos e as galegas foi a política lingüística deste goberno. Un verdadeiro lingüicidio perpetrado polo Goberno de Galicia a través fundamentalmente do Decreto do plurilingüismo; un decreto que, dende logo, supón un verdadeiro atentado contra os dereitos lingüísticos do noso pobo. Esa é a realidade, e non o di só Alternativa Galega de Esquerda, non o din só todos e cada un dos grupos da oposición neste Parlamento. Aquí xa se dixo, dino todos os informes de todos os organismos minimamente independentes do noso país e de fóra del.

A Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística foi clara ao respecto, tamén a Real Academia Galega, o Instituto Galego de Estatística, o Consello da Cultura de Galicia, o Consello Escolar de Galicia, o Consello Consultivo, a Mesa Sectorial de Educación... Como moi ben dixo a señora Burgo, non remataríamos en toda a mañá de citar o prego de agravios que supón esta norma.

O informe do Consello de Europa para o cumprimento das linguas minoritarias e rexionais xa no ano 2012 alertaba claramente do atentado que supuña o Decreto do plurilingüismo contra os dereitos lingüísticos de Galicia e, polo tanto, do seu flagrante incumprimento. E novamente no informe do ano 2015 o Consello de Europa di que o Decreto do plurilingüismo é incompatible, absolutamente incompatible, co cumprimento desa carta europea, pero tamén deixa moi claro a realidade do galego en ámbitos como a xustiza, a sanidade, os medios de comunicación, etc.

E, chegados a este punto, cando eu creo que xa o temos dito todo, cando eu creo que xa se ten aclarado suficientemente dende o punto de vista político, pero tamén dende o punto de vista científico, o carácter absolutamente retrógado desta norma, eu pregúntome: ¿que máis ten que pasar?, ¿que máis ten que acontecer para que o Goberno galego rectifique? Fíxoo recentemente coa Lei de acuicultura, ¿por que non o fai en materia cultural e lingüística? ¿Por que nese eido non? ¿Que ten que pasar para que rectifique o Partido Popular neste momento crucial, ademais, para a historia do noso pobo, para a historia do noso país, no que o Partido Popular se adica a ir laiándose polas esquinas de que ninguén quere falar con el, de que ninguén quere gobernar con el? ¡Nin tan sequera Ciudadanos! Chegamos ata ese extremo de que nin Ciudadanos apoia o Partido Popular. ¿Non ten pensado o Partido Popular preguntarse polos motivos da súa máis absoluta soidade política? Pois ten que ver moitísimo co que estamos falando aquí: coa súa incapacidade para dialogar, coa súa incapacidade para escoitar, coa súa incapacidade para razoar e, sobre todo, coa súa incapacidade para servir ao interese xeral. E estas son as condicións que ten que ter un goberno democrático: escoitar, diálogo, razoamento, servir ao interese xeral. Son os mínimos democráticos que debemos exixir todos os cidadáns.

O Partido Popular amosa nesta cuestión, como en moitas outras, unha actitude absolutamente totalitaria, unha actitude absolutamente impositiva e unha actitude antidemocrática.

Polo tanto, dende o meu punto de vista, dende o punto de vista da Alternativa Galega de Esquerda, a política lingüística do Partido Popular é absolutamente totalitaria, conculca dereitos fundamentais e, polo tanto, ten que rectificar se quere ser un goberno cunhas garantías minimamente democráticas.

Por iso, Alternativa Galega de Esquerda vai apoiar esta iniciativa. Agardemos que por unha vez e nunha materia tan importante como esta o Goberno dea marcha atrás,

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Vázquez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Eu agradezo moito que sexa o Grupo Socialista quen traia a debate qué está pasando coa situación do idioma, e facémo-lo ademais un día que ten un simbolismo moi importante, falando da lingua. Hoxe é o 179º aniversario do nacemento de Rosalía de Castro, e eu tamén quería, como pequena honra a quen tanto fixo pola dignidade da nosa lingua, ler unha parte do primeiro poema de *Cantares gallegos*: “*Cantarte hei, Galicia/ teus doços cantares,/ que así mo pediron/ na beira do mare./ Cantarte hei, Galicia/ na lingua gallega/ consolo dos males,/ alivio das penas./ Mimosa, soave,/ sentida, queixosa/ encanta si rie,/ conmove si chora./ Cal ela, ningunha/ tan doçe que cante/ soidades amargas,/ sospiros amantes./ Misterios da tarde,/ murmuxos da noite:/ cantarte hei, Galicia,/ na beira das fontes./ Que así mo pediron,/ que así mo mandaron, / que cante e que cante/ na lingua que eu falo*”.

Penso que é importante lembrala porque hoxe estamos aquí nun punto que en certa maneira ten moito paralelismo coas razóns que levaron a Rosalía a dar ese paso de iniciar a escrita e recuperar a escrita e a dignidade da lingua galega. Ela rompía coa imposición duns séculos escuros da nosa lingua e nós hoxe estamos aquí, non contra séculos escuros, pero si contra sete anos escuros do Goberno do Partido Popular contra a lingua galega; sete anos nos que o PP decidiu romper non só cos acordos que había en materia lingüís-

tica, que era o Plan xeral de normalización, senón tamén romper mesmo coa legalidade. E aí temos un decreto que é un decreto morto, un decreto que é un zombi neste momento; que foi recusado dende o punto de vista xudicial e tamén desde o punto de vista social porque é un decreto que naceu en contra de todo o mundo: naceu en contra das ANPA, naceu en contra do profesorado, naceu en contra da Rel Academia, naceu en contra do Consello da Cultura, naceu en contra do Plan xeral de normalización da lingua galega.

É evidente que ese é o retrato, por moita manipulación que se faga da realidade. Como tamén é evidente que ao Partido Popular non lle importou, na súa cruzada contra a lingua galega, vulnerar as leis e os dereitos lingüísticos, e mesmo –teño que dicilo– actuar dunha forma que a min non me parece que sexa ética nin respectuosa coa verdade.

E vou ler outro texto, que é a Declaración de unidade a prol da normalización da lingua galega.

“A lingua galega é a grande obra colectiva do pobo galego, a que nos une e nos identifica, a que nos dá voz propia nun mundo plural e diverso ao que queremos contribuír.

O galego é garantía de futuro, de existencia digna e próspera dun pobo. O idioma é o mellor instrumento común que creamos todas e todos os galegos, e unha necesidade para avanzarmos xuntas as xeracións presentes en todos os ámbitos: na cultura, na educación, no progreso social, económico e político.

Recentes estudos de organismos oficiais voltaron pór de manifesto un preocupante retroceso social da lingua, que mostra a necesidade de avanzarmos para erradicar vellos e novos prexuízos.

É preciso abrir unha nova etapa de normalidade para a lingua galega coa implicación de todos os sectores, afirmando conxuntamente a nosa intención de aplicación, mellora e introdución de canto for preciso para garantir o dereito a vivirmos en galego e conseguirmos para el verdadeira igualdade e oficialidade real, tomando como punto de partida os acordos comúns e amplos establecidos na Lei de normalización lingüística, na Lei de uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais e no Plan xeral de normalización da lingua galega de 2004.

Do mesmo xeito, reafirmámonos no disposto na Declaración universal dos dereitos lingüísticos, promovida en 1996 pola Unesco, e na Carta europea das linguas rexionais e minorizadas, promovida polo Consello de Europa e ratificada polo Estado español en 2001, e ambas as dúas con adhesión unánime do Parlamento galego”.

E dicíase que as diferentes alternativas manifestan a súa unidade na vontade de normalizar a lingua galega.

Este documento asinouse o 15 de xullo de 2015. Seis meses despois, coñecemos un novo informe do Consello de Europa que non só alerta de que se está incumprindo a Carta das linguas, senón que di que a política que fai a Xunta de Galiza vai en contra da normalización.

O Partido Popular foi ben recibido na sinatura deste manifesto, mais hoxe, cando se nega a modificar o decreto, a aceptar a realidade do que di ese informe e a non mover nada da súa política contra a lingua galega, demostran que non teñen ética, que son fraudulentos no que asinan e que ademais consideran que poden rirse de todas e todos nós.

Sinto dicir isto porque me parece unha vergoña que teñamos un goberno que o único que fai é atentar contra o que máis nos une como galegos e galegas, que é a nosa lingua.

Se non o queren cumprir, non o asinen, porque é unha vergoña e unha desconsideración para todas as persoas que estamos defendendo a lingua. En política hai que ter decencia.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señor Baamonde.

O señor BAAMONDE DÍAZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bo día, señorías.

Efectivamente, traemos hoxe a debate o informe da Carta europea das linguas minoritarias, pero en realidade o debate non se artella sobre ese informe, senón que se utiliza o informe para insistir na vella teima da crítica ás políticas lingüísticas da Xunta de Galicia.

Por certo, señora Pontón –recomendación que fago extensible a outros portavoces–, hai poucos días, o señor Blanco, don Fernando, falaba de distintos problemas que tiña a súa formación política e dicía que había que cambiar algunhas cousas, entre elas, a forma de falar. Eu recoméndolles que lle fagan caso a don Fernando, un home moi serio e moi prudente, (*Aplausos.*) porque vostedes, cada vez que falan aquí da lingua, deixan un eco de tambores de guerra que se concilia moi mal coa tranquilidade e a serenidade dun tema coma este e que incita pouco a ese consenso que piden.

En relación co informe, evidentemente, como xa fixeron na Comisión 4ª hai poucos días, dan vostedes unha visión catastrofista, unha visión absolutamente maniquea e sesgada, seguramente porque lles interesa. E interésalles porque o obxectivo que perseguen, fundamentalmente, é avivar un debate social sobre a lingua que está neste momento, desde o punto de vista social, pacificado, porque seguramente é o único banderín de enganche, o único elemento de unión, que poden ter entre vostedes e que lle poden ofrecer a súa militancia.

Pero esa visión catastrofista non se compadece en absoluto nin coincide cunha lectura sosegada do informe en cuestión; unha lectura sosegada que nosoutros valoramos incluso de maneira positiva, porque non podemos valorar negativamente un informe que felicita ao Estado español polo avance logrado nesta materia en relación coa situación do anterior informe do 2013.

Un informe que recolle expresamente o moi alto nivel de protección das linguas minoritarias en España e en Galicia en relación con outros países europeos, constatando manifesta e expresamente que é moi superior a ese nivel medio de protección.

Un informe que recolle expresamente, con relación directa a Galicia, avances notorios en materias importantes, como poden ser a presenza do galego en medios de comunicación privados audiovisuais, a presenza do galego nas actividades culturais, nas actividades de comercio e de economía, no ámbito da formación do profesorado, na Administración local ou no autonómico.

E no que se refire ás recomendacións, é certo que –como é lóxico– insisten na necesidade de seguir avanzando no pro-

ceso de normalización, pero as recomendacións, que son as directrices que se dirixen aos gobernos, distan moito de ter ese carácter catastrofista que pintan vostedes. Todo o contrario, recoñecen o avance que se vén facendo e insisten na necesidade de seguir avanzando nalgunhas das materias, concretamente na xustiza, na sanidade, nos servizos públicos, na extensión das linguas minoritarias a comunidades limítrofes e tamén na educación.

Pero non existe catastrofismo, o que pasa é que vostedes utilizan o informe –á parte do que lles dicía anteriormente– cunha finalidade moi concreta e moi determinada, que é reanudar ou insistir na batalla contra o Decreto do plurilingüismo; unha batalla que levan perdida en todos os frentes onde a libraron ata o de agora.

No ámbito educativo, onde foi acollido pacificamente; no ámbito social, onde non espertou esa reacción colectiva contraria que dicían vostedes que ía espertar, máis ben todo o contrario; no ámbito xudicial, onde a sarta larguísima de sentenzas que van recaendo ao respecto confirman, clara e meridianamente, os valores esenciais do Decreto do plurilingüismo.

Por iso, señora Burgo, nosoutros non podemos aceptar a súa iniciativa. E mire, hai unha cousa que a min me chama a atención. Din que estamos sós. Recórdame unha vez un pleno do Concello de Vilalba, cando eu era alcalde, que un periódico titulaba tamén: “El Partido Popular se ve obrigado a aceptar en solitario los presupuestos municipais”. ¡Oia, eramos 14 concelleiros e os outros eran 3! ¡E os que estabamos sós eramos nós! (*Aplausos.*) E mire unha cousa, nosoutros o que temos é o respaldo da maioría social de Galicia en relación coa política lingüística da propia Xunta de Galicia, e non podemos, de ningunha maneira, aceptar o criterio que vostedes nos queren impoñer, que é o criterio fundamentalmente do nacionalismo.

Nosoutros non podemos admitir a imposición das linguas polos poderes públicos. ¿Ou é que quere vostede, señora Burgo, que pase aquí o que está a pasar en Navarra estes días, onde se está expulsando das garderías a nenos por non falar o castelán, e se quere recluílos ou ubicalos en lugares diferentes, segregando por razón da lingua, segregación que aquí en Galicia está prohibida pola Lei de normalización lingüística, que precisamente, prevendo esta circunstancia, si que a suprime?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BAAMONDE DÍAZ: Non podemos aceptar tampouco o criterio de inmersión, senón o criterio de equilibrio na aprendizaxe das linguas e de liberdade do uso, aceptado maioritariamente pola sociedade galega. Porque, en definitiva, o que persegue o nacionalismo co seu plan de normalización lingüística en realidade non é outra cousa que a de converter o galego en lingua vehicular única do ensino, converter o castelán en lingua residual, e avanzar, en definitiva, na educación como vehículo de difusión do nacionalismo, cousa que nosoutros non podemos aceptar.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BAAMONDE DÍAZ: E unha recomendación final. Falaba vostede de cuestións concretas do informe que censuraban a Xunta de Galicia. Mire, ao mellor no próximo informe, cando volva o comité de expertos por aquí, pode facer vostede, dende o Partido Socialista –e se non a fai vostede, alguén lla fará–, unha recomendación moi peculiar. O seu secretario xeral está inmerso nunhas causas xudiciais. Deféndeo un avogado que ten o seu bufete na Coruña. E, curiosamente, o avogado do señor Besteiro entretense en solicitarlle ao Xulgado que lle notifique e que lle traduza ao castelán as resolucións que dita o xuíz e o propio expediente. Eu creo que o secretario do Partido Socialista e vostedes deberan de dar un exemplo distinto.

E en canto á dignidade, señorías, nosoutros non queremos discriminar a ninguén na defensa da lingua e na defensa dos intereses de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Baamonde.

Grupo autor da proposición non de lei. Señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, quero dar as grazas a todos os partidos e aos grupos parlamentarios que apoian esta iniciativa, sexan nacionalistas ou galeguistas, como é o Partido Socialista, porque nós non discriminamos, e resulta que o idioma

é o que nos une, señor Baamonde, non o que nos separa, (*Aplausos.*) como a vostedes, que si os separa o idioma.

Señor Baamonde, hai que ter moi poucos argumentos para defender a súa política lingüística cando ten que vostede chegar ao noso secretario xeral e a unhas resolucións ou papeis.

¿Sabe vostede cantas sentenzas se dan en Galiza en galego? O 5 %. ¿Sabe vostede que non están garantidos os dereitos dos galegofalantes? Si están garantidos os dereitos dos casteláns, ¿sabe vostede, señor Baamonde?

Voulle ler unha cousa, señor Baamonde. Ou sexa, este informe non é negativo en torno á política lingüística da Xunta. Voulle ler no artigo 8 o párrafo 640, onde os expertos din textualmente: *“El comité de expertos hace hincapié en que el Decreto 79/2010 limita la enseñanza en gallego a un máximo del 50 %, con el objetivo final de reducir aun más, a un tercio. Esto está claramente en contradicción con los compromisos asumidos por las autoridades en virtud de la Carta, que requiere una educación predominantemente en gallego.”* Iso é o que di o informe. Parece que non é negativo. Isto non parece que sexa unha censura á política lingüística da Xunta.

Mire, señor Baamonde, os únicos tambores de guerra son os seus, que fala sempre de guerra, de ataque, de defensa. E vostedes son os únicos que atacaron o idioma ao romper un consenso que estaba acadado unanimemente neste Parlamento en 2004 co Plan de normalización lingüística. E están sós, señor Baamonde, absolutamente, porque resulta que todas as institucións culturais, toda a educación deste país, todos os partidos políticos que non son vostedes, están aparte. Iso non é un consenso, iso é a soidade, a soidade absoluta, por iso ninguén pode facer ningún acordo nin chegar a acordos con vostedes, porque vostedes non saben o que é a palabra acordo.

A sociedade galega si sabe moi ben quen está a favor e en contra do elemento fundamental que os une; e sabe moi ben que vostedes son os causantes de que o retroceso da lingua galega sexa moi grave neste país. Son vostedes os únicos causantes, señor Baamonde, e diso terán que responder ante todas as institucións culturais, cívicas e políticas deste país.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Burgo.

A proposición non de lei que figuraba en quinto lugar foi retirada, segundo consta no escrito que dirixiron á Mesa os interesados. Polo tanto, debatemos a que figura en sexto lugar.

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa decisión de ampliar por sesenta anos máis a prórroga da concesión de Ence en Lourizán, na ría de Pontevedra

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda a esta proposición non de lei do Grupo Parlamentario Mixto.

(O G.P. Mixto, a través da súa deputada Consuelo Martínez García, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de adición a esta proposición non de lei. (doc. núm. 46248)

Emenda de adición.

Proponse engadir á parte resolutiva da proposición o seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia declara persoa non grata en Galiza a Mariano Rajoy Brey polo grave atentado ambiental, económico e social que o seu goberno ten cometido ao conceder a Ence unha prórroga por 60 anos para as súas instalacións na ría de Pontevedra.”)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día a todos e a todas.

Hoxe pola mañá o presidente da Xunta, Núñez Feijóo, mostrábase moi afectado pola declaración de Mariano Rajoy como persoa non grata en Pontevedra. É curiosa esa consternación, cando non mostraron absolutamente ningún tipo de preocupación pola sentenza que lle acaba de caer á ría de

Pontevedra, e a Galiza en xeral, coa prórroga de 60 anos de Ence na ría. É curioso, e contrasta con que a responsable de Medio Ambiente, hai poucos días nunha entrevista, dixera que “agora reina no Goberno a alegría”. No Partido Popular reina a alegría, están contentos, aplauden... ¡e logo resulta que se senten consternados e moi contrariados porque se recrimine e se reprobe os responsables de facer semellante villanía!

Porque o Goberno español que preside de momento, en funcións, Mariano Rajoy, o Goberno español do Partido Popular, vén de outorgarlle a Ence unha prórroga por 60 anos máis, que poden ser prorrogables por outros 20 se cumpre unha serie de condicións. Que tamén é certo que, se non as cumpre, só lle van retirar 10 anos desa concesión. E con esta concesión permíteselle á pasteira ocupar terreos de dominio público en Lourizán, no concello de Pontevedra. Con esta concesión, o Partido Popular no Goberno do Estado permíttelle á pasteira a permanencia na ría de Pontevedra practicamente durante todo o século XXI. O franquismo instalou, contra a vontade popular, a Ence na ría de Pontevedra, e permaneceu alí durante 50 anos do século XX, e agora o Partido Popular, seguindo entusiasticamente a senda do franquismo, pretende que siga alí durante todo o século XXI.

No BNG consideramos que isto é unha villanía, que é indecente, que é ilexítimo e que é, ademais, unha decisión covarde tomada por un goberno en tempo de desconto. E considerámolo así tanto polo fondo como pola forma. Polo fondo, porque está máis que demostrado o enorme prexuízo que supuxo e supón a presenza de Ence na ría de Pontevedra. Unha empresa de enclave que nin sequera esgota o ciclo produtivo en Galiza; situada nunha paraxe medioambiental envexábel –antes da súa instalación, evidentemente–; unha paraxe economicamente produtiva –se non estivera Ence, evidentemente–; que condiciona o modelo produtivo e converte un modelo produtivo en nefasto; que condiciona o modelo forestal decidido polo franquismo, que converte a Galiza nun eucaliptal; un modelo medioambiental aberrante, condenado por delito ecolóxico, que practicamente ninguén que non sexa un *hooligan* do Partido Popular é capaz de entender como unha empresa desas características está situada en plena ría; un impacto socioeconómico demoledor porque impide a creación de emprego na comarca en sectores primarios, destrúe os recursos naturais, impide que se instalen empresas limpas, lastra o turismo, o comercio, e non crea

emprego, destrúe máis emprego do que crea; e representa o sector 28 na xeración de emprego en Pontevedra, o sector 28.

Tamén é indecente pola forma en que se fixo, polo xeito de concederlle esta prórroga a unha empresa que ten demostrado ese dano causado á ría de Pontevedra, feito por un Goberno en funcións –en tempo de desconto–, que non ten lexitimidade para tomar unha decisión desta magnitude. Non é un acto administrativo máis, foi unha decisión tomada con nocturnidade, con aleivosía e con premeditación. ¿E por que? Primeiro, porque non había por que tomar esa decisión agora, porque non había que tomar esa decisión ata que rematara a prórroga no 2018. É dicir, tomouse agora por unha decisión política que quixo tomar o Partido Popular, unha decisión covarde, pero non era necesario, non acababa ningún prazo, non había que facelo agora.

Segundo. Houbo premeditación na decisión, ¿e demostra o que? Pois con data do 20 de xaneiro de 2016 o ministerio remite escrito ao Concello de Pontevedra no que lle denega a copia do expediente que o Concello de Pontevedra solicitara. Remíttelle ese escrito con data de rexistro do 20 de xaneiro, e ao tempo comunícalle ao Concello que as alegacións serán valoradas, e a comunicación chega o 26 de xaneiro, número de rexistro 1318. ¡Que casualidade! Con número de Rexistro 1328 –é dicir, dez números máis–, é dicir, no mesmo día –e ademais é no mesmo día 20 de xaneiro–, remiten tamén outro escrito onde resulta unha resolución coa ampliación de Ence. A ver, no día 20 de xaneiro contéstanlle ao Concello de Pontevedra que non lle conceden unha copia do expediente, que van estudar as alegacións, e no mesmo día resulta que deciden conceder a prórroga. Algo cheira a podre, ¿verdade, señores e señoras do Partido Popular? Algo cheira a que non é un trámite administrativo normal, ao uso e demais. Non, é evidente que estamos diante dunha decisión premeditada. ¿E que corrobora aínda máis iso? Pois que é a propia pasteira o 25 de xaneiro quen comunica a decisión. Antes de que chegue esa decisión ao concello nin a outras institución xa ten a comunicación a pasteira. É dicir, de trámite administrativo regrado e normal, de dous funcionarios alí no ministerio, nada de nada. E, dende logo, non parece que se trate para nada dun trámite administrativo.

¿Por que é con nocturnidade e aleivosía? Porque a dimensión da prórroga é indecente. É dicir, unha dimensión

dunha prórroga por 60 anos, cando as concesións o normal é que sexan por 30. Fan unha prórroga polo dobre do tempo que deben facerse as concesións. Dende logo, isto non cheira a trámite normal. ¿E por que tamén é con premeditación e aleivosía? Porque estamos falando dunha empresa amortizada. Estamos falando dunha empresa con data de caducidade na súa concesión que é prorrogada tras facer a preceptiva modificación lexislativa á medida da empresa.

Podía seguir enumerando cuestións que se fixeron que demostran que, evidentemente, non estamos diante de ningún tipo de cuestión administrativa regrada, senón moi ao contrario, estamos diante dunha decisión política que fixo saltar todas as alarmas, que fixo que miles e miles de persoas o 29 de xaneiro saíran á rúa en Pontevedra mostrando indignación pola decisión tomada e demandando a retirada de Ence da ría. É unha prórroga que revaloriza exponencialmente a empresa polas decisións tomadas polo Partido Popular e que devalúa Pontevedra. A empresa gana, Pontevedra perde. E non hai ningunha xustificación para esta concesión.

Sabemos o que gana a empresa, sabemos que ten ganancias millonarias. Unha empresa comprada a prezo de saldo porque tiña data de caducidade; unha empresa á que se lle fai modificacións lexislativas á medida; unha empresa á que se lle fan agasallos como rebaixa de taxas por usar o peirao de Ribadeo... É dicir, taxas á medida, leis á medida... Unha empresa á que se lle agasalla o consumo de auga, que consume máis auga que todos os concellos da ría de Pontevedra. Sabemos que se beneficia o Partido Popular, sabemos das portas xiratorias, sabemos da estadía no consello de administración de Isabel Tocino, de Carlos del Álamo, de que o director de Ence está casado cunha persoa que ten as máis altas responsabilidades nas concesións ambientais na Xunta de Galiza. Sabemos que quita a empresa, sabemos que quita o Partido Popular, e o que sabemos é que perde o pobo galego, sabemos que perde Pontevedra, sabemos que perde a ría: esa é a conclusión da decisión tomada polo Partido Popular.

É un escándalo que haxa uns gobernos que tomen este tipo de decisións para beneficiar a unha empresa a costa de prexudicar a todo un pobo e a toda unha ría; a costa de impedir que nos terreos de dominio público se fagan usos que beneficien a maioría do pobo e non a unha empresa.

Unha empresa que pretende xustificar, ademais, a súa permanencia dicindo que vai facer toda unha serie de investimentos que, bueno, realmente dan a risa. Fálase de 61 millóns de euros cando no ano que acaba de rematar xa ganou 50 millóns de euros. E ademais eses 61 millóns de euros son para que a empresa cumpra cos estándares ambientais, é dicir, ¡toda unha auténtica broma! Estamos, polo tanto, diante dun roubo directo da calidade de vida dos pontevedreses e pontevedresas, da ría de Pontevedra, e dun roubo directo aos impostos públicos, porque imos pagar iso todo con impostos públicos.

Por iso traemos hoxe aquí unha iniciativa na que o que pedimos é que o Parlamento de Galiza manifeste a total desaprobación da prórroga da concesión a Ence para a permanencia na ría de Pontevedra durante 60 anos máis. E que considera ilexítimo que un goberno en funcións tome unha decisión de tal magnitude.

Pedímoslle a este Parlamento que se manifeste nesta dirección. E tamén demandamos que o Parlamento de Galiza inste o Goberno galego a realizar todas as actuacións precisas para que a pasteira abandone a ría de Pontevedra. ¿De que xeito? Dirixíndose ao Goberno español para demandar a anulación da prórroga concedida a Ence para permanecer na ría de Pontevedra.

E tamén solicitamos que este Parlamento se dirixa aos grupos parlamentares con representación no Congreso dos Deputados instándoos a modificar a Lei de costas, de xeito que imposibilite que actividades tan lesivas como as que realiza Ence non poidan estar en dominio público.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Agardarmos o apoio favorable desta Cámara a esta iniciativa que presenta o Bloque Nacionalista Galego.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

Ben, hoxe sabemos xa, sen ningún tipo de dúbida, que o presidente da Xunta mente cando lle dá a gana, fundamentalmente en período electoral, e despois incumpre as promesas. Ademais faíno conscientemente. Así, no ano 2009, no seu programa electoral levaba o traslado de Ence da ría de Pontevedra e hoxe apoia que Ence quede na súa ubicación actual. Polo tanto, o señor Feijóo é un mentireiro e méntelle ao pobo, algo moi grave nun presidente do goberno, porque fai que os galegos e as galegas non nos poidamos fiar da palabra do presidente. Nin sequera daquilo que asina, porque é capaz de asinar un programa e despois desdicirse del. Polo tanto, dende logo, quen debería presentar tamén a dimisión sería o señor Feijóo por enganar o pobo galego no ano 2009.

A prórroga de Ence estaba xa sentenciada porque había xa unha sentenza do Tribunal Supremo e da Audiencia Nacional que lle obrigaba a abandonar a ocupación na ría no ano 2018. Pero o Goberno en funcións –que tiña moita présa por arranxarlle a vida a Ence– concedeulle unha prórroga por 60 anos que supera a aspiración máxima da propia Ence, que non chegaba máis alá dos 30 anos. Pero o Partido Popular, moi preocupado por Ence, si lle concedeu a prórroga por 60 anos prorrogables, como dicía a voceira do BNG. E para poder conceder esta prórroga, o Goberno do Partido Popular no Estado non se cortou nadiña en cambiar a Lei de costas e facer unha lei de costas específica para que Ence poida quedar na ría, que foi a gran beneficiaria deste cambio lexislativo. Así teremos a Ence na ría ata o ano 2073.

Despídese, polo tanto, o Goberno do señor Rajoy cun atentado á ría de Pontevedra. A decisión do Goberno central débese a que sempre houbo unha total conivencia entre Ence e o Goberno do Partido Popular. Así –como dicía a voceira do BNG– teñen varios amigos e afiliados sentados no consello de administración, desde Isabel Tocino, Carlos del Álamo, Fernando Abril Martorell e as relacións de Antonio Casal coa xefa de Elnosa e a subdirectora xeral de Coordinación Ambiental.

A sociedade e todos os partidos políticos, excepto o Partido Popular, demandan que Ence saia da ría, que xa está ben. Eu, por exemplo, que xa son unha señora maior, con esta prórroga non coñecerei Pontevedra sen Ence na ría. Máis dunha xeración castigada pola contaminación de Ence na ría. ¿E por que defende o Partido Popular agora a permanencia de Ence na ría? Polos postos de traballo; polos pos-

tos de traballo da fábrica de Ence. Os de Pellejero está claro que non lle importan, nin moitísimos outros; a importancia única radica nos postos de Ence. Igual que os empresarios, que tamén falan de Ence e da propia fábrica, dos postos de traballo de Ence. Pero o que non se valora nin polo Goberno nin por ninguén, nin polos empresarios, é o estado de contaminación da ría, a repercusión na saúde da xente que vive en Pontevedra, a destrución do medio ambiente e a destrución de calquera posibilidade de aproveitar economicamente esa zona con outras actividades, como son o marisqueo e a pesca.

Eu entendo o rexeitamento dos traballadores e das traballadoras de Ence, están defendendo os seus postos de traballo, pero iso non implica que Ence non contamine ou que Ence non deba saír da ría. Por iso apostamos polo traslado de Ence dentro de Pontevedra, porque ademais Ence tamén vai reconverter o monte galego nunha plantación de eucalipto que xa vemos que mata o noso monte, desecando e facendo inviable a biodiversidade do noso monte.

Presentamos unha emenda case por cabreo, porque, de verdade, pode ser que declarar a Mariano Rajoy Brey persoa non grata en Galiza non teña unhas consecuencias políticas inmediatas, pero si ten consecuencias a prórroga de Ence, e porque con esta prórroga o señor Rajoy acaba de declarar a cidade de Pontevedra cidade non grata para vivir e Galiza comunidade non grata para vivir, comunidade contaminada e castigada. Por iso, porque consideramos que esta prórroga da concesión dun goberno en funcións con sentenzas en contra vén ser tamén outra forma de corrupción do Partido Popular.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Oféndense os señores e as señoras do Partido Popular porque un concello e o pleno dun concello por maioría absoluta declare persoa non grata o señor Rajoy. Pero, ¿en que planeta viven vostedes? ¿Pero quen cren que son? É pouco este xesto para o que merecía este señor, é moi pouco para o que merecía unha

persoa que, como responsable do Goberno, traizoou a Pontevedra e traizoou o seu país. Debería cumprir o exemplo en moitos máis concellos: declarar persoa non grata a Mariano Rajoy. E falta unha persoa a engadir á lista: o señor Feijóo, que eu creo que é peor aínda que o señor Rajoy.

O señor Rajoy traizoa os pontevedreses e as pontevedresas, os galegos e as galegas para beneficiar unha empresa amiga. É un caso máis de para quen traballa o Partido Popular contra a maioría social. Traizoa a todos os galegos e a todas as galegas. Pero o señor Feijóo comete unha traizón peor: o cen por cento dos partidos que aquí están e dos deputados e deputadas que aquí están apoiamos nos programas electorais de 2012 o traslado de Ence da ría de Pontevedra, e grazas á traizón do señor Feijóo Galicia non tivo nin arte nin parte para decidir a permanencia ou o traslado de Ence da ría de Pontevedra. O señor Feijóo tamén é persoa non grata, porque un gobernante, o señor Rajoy e o señor Feijóo, poden gobernar como queiran con base na súa ideoloxía, o que non poden facer é traizoar os cidadáns para os cales gobernan. E parécelles unha ofensa que o señor Feijóo sexa declarado persoa non grata. Pero, ¿que cren que merece un goberno coma este dun partido que é corrupto no seu ADN, un partido que borra discos duros para que non vexa o financiamento B a xustiza e que os propios xuíces din que é unha organización para delinquir, que fai un traballo contra a maioría social? ¿Que pensan vostedes que vai dicir a cidadanía? Polo tanto, os representantes de Pontevedra que defenden a cidadanía, eses son representantes dignos, e os que van manifestarse en contra desta vontade popular, eses si que non son dignos.

Queremos preguntarlle unha vez máis ao Partido Popular cales eran as razóns –se as recorda– polas que o Partido Popular incluíu no programa do 2012 ao 2009 o traslado de Ence da ría de Pontevedra, a ver se se acordan de cales eran as razóns polas que o Partido Popular pedía iso; non as razóns do cambio de posicións, xa non pedimos iso, se se acordan de por que pedían ese traslado. Querémoslle preguntar ao Partido Popular e ao Goberno da Xunta de Galicia por que durante a elaboración da modificación da Lei de costas non dixeron nada en contra de que se lle quitase a Galicia o poder decidir en última instancia se se trasladaba ou non Ence da ría. ¿Cal foi a posición do Partido Popular de Galicia e do Goberno da Xunta de Galicia? ¿Ou é que non

pintan nada nesas decisións? ¿Ou é que o presidente da Xunta non ten nada que dicir cando se está facendo unha lei que invade competencias, que nos quita o dereito a decidir, dunha cuestión tan importante? Eu si que sei a resposta: que o señor Feijóo obtivo o que quería; e era moito mellor non manchar as mans e trasladarlle a outro a responsabilidade da decisión, pero iso é unha traizón absoluta a Galicia.

Gustárame saber que dixo o Partido Popular cando se introduciu no regulamento de costas, da Lei de costas, cando se limitaba o informe ambiental que tiña que emitir a Xunta de Galicia aos efectos prefixados na autorización ambiental integrada, cando se lle limita a liberdade de poder facer un informe ambiental con total liberdade. ¿Que dixo o Goberno da Xunta e que dixo o Partido Popular? Nada, nada; unha vez máis, nada, porque, se vostedes cambian de opinión, polo menos deberían de ter a valentía de facelo vostedes e non de encargarllo ao Goberno de Madrid, cedendo soberanía deste país.

E, de fondo, unha vez máis está a corrupción, claro que si que está a corrupción. O Partido Popular unha vez máis está gobernando para uns poucos e en contra da maioría.

Polo tanto, apoiamos esta iniciativa e animamos a que cunda o exemplo. Hai representantes, hai gobernantes, que non nos representan, e claro que son persoas non gratas, e teñen que sabelo; teñen que saber que non son persoas gratas cando traizoan un pobo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Eu creo que vostede o que quixo dicir é que –e díxoo, ao meu entender, mal– o Partido Popular non é un partido corrupto. É un partido que pode ter algún corrupto, o cal eu lamento profundamente, pero eu, desde logo, iso non o levo no ADN, que quede claro. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, supoño que quería dicir isto.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Bo día.

O primeiro que temos que dicir dende o Grupo Parlamentario Socialista é que imos votar a favor desta proposición non de lei do BNG, e explicarei por que.

No ano 59 Ence chegaba á ría de Pontevedra e non marchará ata o ano 2073; máis dun século nunha marisma, nunha zona de dominio público. Pontevedra rexeita esta ubicación dende o ano 1959, e este rexeitamento non só se plasma na transacción que neste Parlamento votou o presidente da Xunta na pasada lexislatura para o traslado de Ence, senón tamén na manifestación dunhas 20.000 persoas nas rúas de Pontevedra no mes de xaneiro; en Pontevedra, onde nada se move.

O presidente Feijóo foi candidato dúas veces á Presidencia da Xunta no ano 2009 e no ano 2012 e neses programas electorais para ser candidato esas dúas veces prometeu que a concesión de Ence remataría no ano 2018; é dicir, estamos nesta Cámara os deputados nesta lexislatura cunha promesa electoral do Partido Popular de traslado de Ence antes do ano 2018.

No ano 2009 e no ano 2012 xa había crise, xa se destruíra emprego, e os traballadores de Ence xa estaban na empresa, exactamente igual que hoxe. O certo é que chegou o 29 de maio de 2013 e o Partido Popular reformou a Lei de costas e permitiu a prórroga da concesión a Ence por outros 75 anos máis; é o que dicía a lei nun principio. Esta lei do ano 2013 foi a decisión política máis importante para Ence e Lourizán e foi unha decisión política do señor Mariano Rajoy e, polo tanto, do Partido Popular.

Feijóo e o seu goberno non dixeron “esta boca es mía” a esa lei do ano 2013, nin sequera un monosílabo no informe que mandaron a Madrid. Foi a través dos medios de comunicación como nos enteramos de que ese informe se remitira a Madrid dicindo que a fábrica cumpría cos parámetros de autorización ambiental integrada; un informe que non entra en ningunha posición política, nin sequera na conveniencia da prórroga ou non durante sesenta anos, porque o presidente Feijóo non veu a este Parlamento explicarnos por que no ano 2009 e no ano 2012 dicía unha cousa e por que a partir do ano 2013 con esa decisión política –repito– de Mariano Rajoy coa modificación da Lei de costas dicía xustamente o contrario. Enterámonos a través dos medios de comunicación, e váleme un artigo, que recomendo a todas as señorías

que lean hoxe, que está no *Diario.es* que se titula *Ence si Ence no, lucha de argumentos*. Está en castelán e é de Marcos Pérez Pena, que é o seu autor, e que di: “*Todo conflicto social es también una lucha por la construcción del significado del conflicto y por la definición de sus elementos. Y esta lucha se da sobre todo a través de los medios de comunicación*”. Pois, tal cal.

Hai algo máis dun mes o Goberno de Rajoy en funcións e por delegación da ministra de Medio Ambiente a unha directora xeral concedía esa prórroga por sesenta anos máis, e de todo isto enterámonos polos medios de comunicación. Ence daba a boa nova a través dun comunicado de prensa pola porta de atrás: 114 anos máis na marisma de Lourizán e só por 61 millóns de euros.

No último pleno, o anterior a este, o presidente da Xunta veu aquí e dixo que lle estorbaba a papeleira en Lourizán; tal cal así o dixo: “A min estórbame a papeleira en Lourizán”. Pero que as opcións eran ou pechala ou tela alí. E un dos motivos era que Ence necesita moita auga para poder traballar. Seica o presidente da Xunta non leu a páxina de Ence. Hai dende setembro do ano pasado un proxecto que se chama *Nuevo ciclo del agua* e que di que se reducirá en máis dun 90 % a auga que Ence toma do río Lérez. Pode ser que o presidente da Xunta nos mentira unha vez máis.

E todo isto que veño de relatar explica creo que ben por que se declarou a Mariano Rajoy persoa non grata en Pontevedra, non por ser, como dixo o popular Pablo Casado hai uns días: “*...probablemente la personalidad más destacada del último siglo en esta ciudad*”. ¡Pobre Pablo Casado!, que non sabe nin onde está Ence nin que en Pontevedra tivemos persoeiros, por exemplo, como o gran violinista universal Manuel Quiroga, ao que o pobre Mariano Rajoy non lle chegará nunca nin á suela dos zapatos.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Grupo Parlamentario Popular, señor Moreira.

O señor MOREIRA FERRO: Grazas, señor presidente.

Moi bos días.

Cando lemos esta iniciativa do Bloque Nacionalista Galego, preguntámonos: ¡oe!, isto da prórroga, ¿de onde sae? ¿Por que se tivo que dar unha prórroga a unha empresa? Pois se se dá unha prórroga a unha empresa é porque a empresa está funcionando e pide que se lle prorrogue a súa situación. Entón, preguntámonos: ¿e por que estaba funcionando? Empezamos a buscar a ver quen lle deu autorización a esta empresa para estar funcionando a día de hoxe en Pontevedra e resulta que atopamos que é unha resolución da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible do 30 de abril de 2008 pola que se outorga a autorización ambiental integrada para a fábrica de celulosa no Concello de Pontevedra; titular, grupo empresarial Ence. E claro, imos mirar e ¿quen estaba gobernando naquel momento? Pois o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego; curiosamente o partido (*Murmurios.*) que agora di que Ence contamina, que non pode estar onde está, e resulta que foron eles os que deron a súa autorización. E o máis chamativo é que... (*Murmurios.*) Xa sei que proe, pero ¡que lle imos facer! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E o máis chamativo é que vemos que esta empresa cando solicitou esta autorización foi en novembro do 2004, cando estaba gobernando o Partido Popular na Xunta de Galicia. Pero o Partido Popular non lle deu a autorización. ¿Quen lla deu? Un executivo no ano 2008 do BNG e do Partido Socialista. Polo tanto, pola mesma razón, nós agora poderemos... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Agora que xa sabemos quen permitiu a Ence estar funcionando na ría de Pontevedra, poderíamos plantexar declarar persoas non gratas o presidente da Xunta de entón, o vicepresidente da Xunta, incluso o conselleiro de Medio Ambiente. Pero nós non o imos facer, (*Aplausos.*) primeiro, porque iso nada aporta e, segundo, porque supoño que cando o presidente da Xunta, o vicepresidente da Xunta, o Goberno do BNG e do PSOE no 2008 deron esta autorización era porque Ence cumpría a normativa medioambiental. E o que fixo o Partido Popular a posteriori foi verificar que esta empresa seguía cumprindo os parámetros que o BNG e o PSOE lle deron nesta autorización ambiental integrada. Se vostedes non lle tiveran dado esa autorización, señorías, hoxe en día non estaríamos falando de ningunha prórroga... (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) ...nin de ningunha contaminación, como din vostedes. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Polo tanto, insisto outra vez, señor... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Ten vostede razón. Está lendo un documento; polo tanto, hai que escoitar. (*Protestas.*) Non, non, está lendo un documento. Está no uso da palabra... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Está no uso da palabra como os demais.

Prosiga, señor Moreira.

O señor MOREIRA FERRO: Claro, había que revisar como estaba isto.

Eu non sei, señor presidente, igual non sei ler ben, pero creo que aquí pon: ano 2008. É que, ao mellor, me equivo-co, pero aquí pon que foi o Goberno do Partido Socialista e do BNG quen deu esta autorización. (*Murmurios.*) Non o entendo.

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor MOREIRA FERRO: Non o entendo.

E, curiosamente, agora hai grupos aquí que hai uns momentos dicían que viñan loitar por 5 postos de traballo dunha empresa, pero veñen tratar de destruír 5.000 postos de traballo que dependen dunha empresa. ¡Home, por favor! (*Aplausos.*) ¡Por favor!, para vostedes hai traballadores de primeira e traballadores de segunda, para nós non; para nós son todos traballadores, e calquera proxecto industrial que xere traballo en Galicia, e particularmente, no meu caso, en Pontevedra, terá alfombra vermella para poder instalarse, (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) teñan a plena seguridade.

E o que devalúa Pontevedra –porque aquí se fixo mención a esta declaración perpetrada, para vergonza de todos os pontevedreses– é que sexa coñecida, non só nacional, senón internacionalmente, porque o seu alcalde facilitou e apoiou que se declarara persoa non grata un veciño da súa cidade, do que el tamén é alcalde. (*Murmurios.*) E, precisamente, ¿por que? Por facilitar o mantemento de 5.000 postos de traballo. ¿E como? Cumprindo unha decisión do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista cando estaban na Xunta de Galicia.

Por iso eu o que lles quero dicir é que Pontevedra... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Vostede xa falou, ¡eh!; tócalle falar a el.

O señor MOREIRA FERRO: Non, pero parece que molesta, que doe.

Quérolles dicir que é totalmente inxusto porque precisamente se fai cun veciño de Pontevedra que é o presidente do Goberno que máis fixo por Pontevedra; non ten perdón. E o que lles digo, o que quero dicirlles ben claro é que Pontevedra é unha cidade aberta na que ninguén é persoa non grata. Podemos pensar de forma distinta, pero aceptamos a diversidade e que os veciños teñan distinto pensamento. Pero en Pontevedra todo o mundo é grato, Pontevedra é unha cidade aberta.

Nada máis. Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Moreira.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Prado.

A señora PRADO CORES: É evidente que Pontevedra é unha grandísima cidade, pero non grazas ao traballo feito polo Partido Popular. Se lle pregunta a calquera de Pontevedra ou de fóra cales son as grandes cousas que lle gustan de Pontevedra, dende logo verá que ningunha está vinculada co Partido Popular. E se lle preguntamos que é o peor de Pontevedra, todo o mundo vai contestar: Ence, que é responsabilidade do Partido Popular. (*Aplausos.*) Iso é así.

E mire, unha cousiña. O Partido Popular intentou sacar Ence do dominio público, incorporala ao porto de Marín, un proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, recorre sentenzas contrarias á permanencia de Ence para que seguira, modificou a Lei de costas *ad hoc*... ¡Ah!, pero a culpa de que siga é dunha autorización ambiental integrada que non imposibilitaba para nada que saíra da ría en 2018. Ten que buscar un pouquiño máis, señor Moreira, ten que buscar un pouquiño máis neses papeis; vese que os ten aí un pouco perdidos –algúns deses papeis–, que ten a hemeroteca un pouco perdida.

Mire, voulle dicir xa de entrada que o BNG non vai desistir de quitar Ence da ría de Pontevedra, exiúllelo a gobernos pasados, presentes e futuros. Non imos desistir, (*Aplausos.*)

porque é negativo para Pontevedra, para a ría e para o desenvolvemento económico, social e de saúde das persoas. Dixémolo no pasado, no presente e no futuro. Non somos unhas marionetas, como o Partido Popular, que se van adaptando segundo lles vén ben.

E mire, é que hai unha cousa moi clara: Ence pode trasladarse e a ría non pode, señor Moreira; ¡Ence pode trasladarse, e a ría non pode! Esa é a cuestión. E ademais hai unha pregunta que me gustaría que algún día contestaran: ¿por que se puideron trasladar empresas contaminantes, menos contaminantes, menos lesivas que Ence na ría de Pontevedra, con gastos millonarios –podemos falar de Bilbao, podemos falar de Xixón– e Ence non? ¿Que pasa?, ¿que os pontevedreses, a ría de Pontevedra, teñen unha maldición bíblica que di que eles teñen que aguantar cunha industria de enclave posta polo franquismo e consolidada polo Partido Popular? ¿Onde está escrito que non poida trasladarse? Custa cartos, cústalle cartos á empresa. E vostedes, en vez de que a empresa pague, o que fan é que paguemos todos do noso bolsillo. Regálanlle lexislacións, regálanlle auga, regálanlle taxas.

E esa Lei de costas –¡mire que casualidade!– ía solucionar todos os problemas do mundo mundial, e resulta que ¿con que nos atopamos estes días?: Costas rechaza a legalización de todos os núcleos do litoral, por exemplo, de Vila-boa. É dicir, hai unha lei que permite que Ence se poida prorrogar máis de sesenta anos na ría de Pontevedra, e aquilo que prometeu o Partido Popular que ía servir para regular os núcleos do litoral resulta que xa non. A un campo de fútbol non se lle pode conceder a licenza porque é moi daniño, a Ence, si; aos núcleos do litoral, non; a Ence, si.

Algo cheira a podre, señoras e señores do Partido Popular. É indecente o que acaban de facer, é unha auténtica traizón a Pontevedra, aos veciños e veciñas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...de Pontevedra e da ría, e é evidente que é unha decisión política tomada para beneficiar unha empresa en contra dos intereses da maioría dos cidadáns. E, xa lles digo, hoxe votarán en contra, mais o BNG non vai desistir; imos seguir facendo todo o posible e imposible para que Ence saia da ría de Pontevedra, non lles caiba a menor dúbida. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Jacobo Moreira Ferro e D. Alejandro Gómez Alonso, sobre a licitación polo Goberno galego das obras de reforma da estrada PO-531, no tramo Pontevedra-Curro, e a priorización dos puntos máis necesarios para a mellora da seguridade viaria

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista, outra do Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Raúl Fernández Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débese engadir ao final da parte resolutiva da proposición non de lei o seguinte contido:

Engadir in fine: “..., simultaneamente débese concretar a intervención integral sobre dito tramo mediante a achega do cronograma de actuacións, dotadas cos orzamentos correspondentes.”)

(O G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA), a iniciativa do seu deputado Juan Manuel Fajardo Recouso e a través do seu portavoz Xosé Manuel Beiras Torrado, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de substitución a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta a que :

1) De xeito inmediato se actúe sobre a chamada “curva de Curro” na PO-531 de xeito que se eliminen as actuais deficiencias de seguridade.

2) Se inicien os trámites oportunos para liberar a peaxe no tramo da AP-9, Curro-Pontevedra, de xeito que poida ser utilizado como vial alternativo á PO-531.

3) Se proceda á reparación inmediata das vítimas desta infraestrutura, tanto en materia asistencial como indemnizadora”.)

(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

-Executar o proxecto previsto, e acordado c@s veciñ@s, de mellora da PO-531 no tramo Curro-Pontevedra, neste ano 2016.

-Realizar de xeito prioritario as cinco rotondas comprometidas por parte da Xunta de Galiza c@s veciñ@s hai máis dun ano

-Facer as actuacións precisas para liberar de peaxe o tramo da AP-9 entre Curro e Pontevedra, no menor prazo de tempo posíbel.”)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Moreira.

O señor MOREIRA FERRO: Grazas, señor presidente.

Estamos hoxe a falar aquí con esta iniciativa da proposta de licitación dun proxecto que ten unha longa historia. É un proxecto da reforma da estrada PO, a estrada autonómica PO-531, que une Pontevedra con Vilagarcía no seu tramo entre Pontevedra e Curro.

Era un proxecto que se empezara no ano –remóntome outra vez ao Bipartito– ano 2007-2008; un proxecto que levantou moitísima desconformidade entre os veciños lindantes con esta estrada porque levaba por diante bastantes

casas, e os veciños non estaban de acordo coa súa configuración; de feito, todos lembramos –os que pasabamos moito por alí– esa estrada chea de cruces, de protestas, de carteis e da intransixencia dunha conselleira que primeiro non quería ensinar o proxecto e logo o proxecto non satisfacía os veciños, e a partir de aí todos lembramos aquelas manifestacións, cortes de estradas e as protestas contra aquel Goberno bipartito.

Ben, chegou o Goberno de Feijóo á Xunta de Galicia e o primeiro que fixo en Pontevedra foi sentar cos veciños afectados e escoitar cales eran as súas reivindicacións para esta reforma. Fíxose un proxecto novo realmente, de reforma desta vía, e, finalmente, no ano 2010, chegouse a un acordo cos veciños consensuando unha reforma que satisfacía a todos eles e que melloraba notablemente a seguridade viaria.

No seu momento explicáronse as dificultades orzamentarias que existían e pactouse cos veciños adiar a súa execución a cando houbera mellores dispoñibilidades orzamentarias. Así o aceptaron. Pero é verdade que xa pasaron seis anos dende entón e creo que cómpre xa instar a Xunta de Galicia para que licite estas obras.

En todo caso, nestes anos si que se fixeron cousas nesta estrada. Así, no ano 2014, actuouse no entorno da denominada glorieta de Bombeiros, no concello de Pontevedra, mediante o reforzo da sinalización horizontal e vertical e a instalación de bandas transversais de alerta, téndose xa comprobado a eficacia das medidas adoitadas ao constatar-se unha redución moi significativa da accidentalidade no treito.

Así mesmo, revisouse a sinalización da zona de Curro, instaláronse elementos complementarios de balizamento nos treitos nos que existen tres carrís, acometéronse tamén na estrada obras de rehabilitación localizada do firme, tanto no treito que discorre polo concello de Pontevedra como no que discorre polo lindeiro concello de Barro, consistentes na renovación da capa de rodadura, previo fresado, que tiveran por obxecto a mellora da seguridade viaria, actuando en especial nos treitos nos que se constataran problemas de deslizamento. De xeito concreto, na contorna da curva de Curro, entre os puntos 8.200 e 8.600 da devandita estrada, estendeuse no outono do 2015 un micro-

aglomerado, tratamento superficial do firme que aumenta a adherencia da capa de rodadura, polo que mellora a seguridade viaria nese entorno.

A partir de aquí a conselleira xa se ten reunido cos veciños, explicándolles que xa recentemente, neste mes de febreiro, se publicou no *Diario Oficial de Galicia* a Resolución da Axencia Galega de Infraestruturas pola que se somete á información pública o proxecto de trazado de mellora da seguridade viaria e do acceso ao Polígono de Sequeiros, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo devandito proxecto.

Este proxecto actúa sobre un treito da estrada PO-531, nunha zona que atravesa varios núcleos de poboación e que tamén afecta o Polígono industrial de Sequeiros. Coa realización desta actuación preténdense evitar ou minimizar as posibles situacións de risco ou de inseguridade viaria.

Como acabo de dicir, a conselleira informou directamente os veciños, pero desde aquí, con esta proposta, o que queremos é dar xa un paso máis alá e instar a que se licite a execución deste proxecto, se ben entendemos que se pode facer por fases. Por iso na nosa proposición dicimos que a proposta de acordo é que o Parlamento de Galicia inste a Xunta de Galicia a licitar a execución da reforma da PO-531 no tramo Pontevedra-Curro, priorizando os puntos máis necesarios para a mellora da seguridade viaria.

Téñense presentado varias emendas. En relación coas devanditas emendas, o que lle podemos dicir respecto da do BNG é que é unha emenda que imos rexeitar, posto que na nosa proposición de lei xa se insta a Xunta a licitar a execución da reforma da PO-531 no tramo Pontevedra-Curro e a priorizar os puntos máis necesarios para a mellora da seguridade viaria. E na emenda do BNG solicítase executar este proxecto e concretar unha serie de partes deste proxecto, que son cinco rotondas. Nosoutros cremos que é mellor que se consensúe entre a Xunta de Galicia e os veciños cales deben ser as actuacións prioritarias.

Por outra banda, a emenda do BNG tamén pide que se fagan as actuacións necesarias para liberar de peaxe o tramo da AP-9 entre Curro e Pontevedra no menor prazo posible, e, nese aspecto, temos que subliñar que, por unha banda, cómpre lembrar que a AP-9 é unha estrada de titularidade

estatal, polo que non lle corresponde á Administración autonómica a supresión da peaxe.

Hai outra emenda formulada polo Partido Socialista na que se fala dunha actuación integral, dun cronograma dunha actuación integral. Nós, insisto, queremos deixar ao acordo entre os veciños e a Xunta de Galicia a execución por fases e, polo tanto, non imos aceptar esta emenda porque condicionariamos o cronograma da Xunta de Galicia, e creo que é mellor darlles protagonismo aos veciños afectados por este proxecto.

Con respecto á emenda que presenta AGE, esta emenda, este texto, xa foi tratado na comisión correspondente, e nesa comisión xa acordamos aprobar por unanimidade o punto número 1, que é que de xeito inmediato se actúe sobre a chamada curva de Curro na devandita estrada. E sobre os outros puntos, xa foron rexeitados na comisión o punto 2 e o punto 3; polo tanto, non imos variar tampouco o noso criterio.

Queremos poñer, polo tanto, en valor esta iniciativa. Hai que recordar e darlles as grazas pola súa paciencia aos veciños afectados por esta reforma. Creo que foron moi comprensivos coa situación orzamentaria coa que se atopou a Xunta de Galicia cando chegou o Goberno do Partido Popular, na que había 2.000 millóns de euros menos nas arcas con respecto ao que se dicía nos orzamentos. Entenderon a situación, e agora creo que é o momento de dar resposta á demanda desta carretera, que tanto tránsito ten, para que se vaia executando, aínda que sexa por fases, atendendo as súas demandas, e que eles mesmos prioricen cales son as partes que queren que se vaian comezando. Irá a Xunta de Galicia da man dos veciños e, se eles están de acordo, nós tamén estamos de acordo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Moreira.

Polo Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda ten a palabra o señor Fajardo Recouso.

O señor FAJARDO RECOUSO: Bo día.

A verdade, señor Moreira, ¿a vostede quedalle un pouco de humanidade? ¿Como pode subir a esta tribuna a dicir que

lles pide aos veciños e lles agradece a paciencia? Non estamos falando dun tema de paciencia, estamos falando dun tema de seguridade, de decenas de mortos nesas curvas, ¡decenas de mortos!, de accidentes graves, de persoas que arrastran unhas consecuencias na súa saúde absolutamente brutais. E vostede dime que lles agradece a paciencia e que, claro, o problema foi que o Bipartito do 2008 dixo unha cousa... Pero é que estamos no 2016. ¿É que vostedes desde o 2008 ao 2016 non fixeron nada? É unha tomadura de pelo. Vostedes o que teñen é unha mala conciencia, e veñen aquí lavar a cara do que tivo que ser unha reivindicación dos afectados. Porque isto chega hoxe aquí, igual que chegou á comisión, porque os afectados, os accidentados, os sinistrados, os que todos os días teñen que pasar, absolutamente temerosos, por esa zona cando chove, porque saben que se xogan a vida, se organizaron e pediron que se fagan estas obras. ¿Pero a quen queren tomar o pelo?

Vostedes son unha sinvergüencería de goberno, porque non se pode consentir que vostedes digan aquí que hai paciencia cando hai mortes nesa estrada, que digan que é responsabilidade doutros cando levan gobernando sete anos este país e non fixeron nada nesta estrada; é máis, o que fixeron foi o nudo de Curro para facilitar a venda duns terreos que non servían para nada a algunhas empresas amigas do Partido Popular. E díganme cal é a solución para os peóns dese macronudo de Curro ou cal é a solución para os milleiros de persoas que se desprazan a diario entre Vilagarcía e Pontevedra e que teñen que pasar por ese punto quilométrico, entre o 6 e o 18,5, que é unha auténtica trampa mortal. Porque non só o din os veciños, senón que a propia DGT reconece ese punto quilométrico como o maior punto negro das redes de todo o Estado. Pero, ¿de que estamos a falar? E vostede, nin unha soa referencia a esta situación. Non fixeron nada, e agora reconecen a súa incapacidade para actuar.

E a esta iniciativa nós xa lle propuxemos algunha cuestión: primeiro, teñen que actuar sobre ese punto específico que ten gran perigosidade, na súa seguridade, no seu balizamento, sobre todo tamén nos accesos peonís e nas infraestruturas que conviven nese entorno, porque nunha das curvas máis perigosas deste país e do conxunto do Estado se convive ao carón dunha gasoleira, cunha cantidade moi importante... Que deberíamos de replantexarnos moitas cousas, sobre todo onde están situadas esas infraestruturas.

Vostedes si que fixeron algo, fíxense vostedes: o verán pasado incrementaron o límite de velocidade dun sitio perigoso que estaba a 70 a 80, coma se iso fose un dos elementos fundamentais; incrementaron a capacidade de ir a maior velocidade por ese punto quilométrico que a propia DGT reconece como o máis perigoso.

E o que eu lles digo é o que lles di a asociación de vítimas desa estrada, porque hai unha asociación de vítimas, e non basta só con solucionar o problema de seguridade viaria, que está, que existe e co que non fixeron nada, senón que hai que resarcir as vítimas. Porque que vostedes traian hoxe isto aquí é un recoñecemento á incapacidade e á responsabilidade da Administración pública da Xunta de Galicia, titular da obra, de que moitos dos accidentes son culpa da propia Administración, de ter feito unha estrada que non ten os mínimos requisitos de seguridade e de que, polo tanto, os accidentes que alí se levaron son responsabilidade tamén subsidiaria da Administración. E terá que resarcir as vítimas, a esas vítimas que tiveron que perder os seus postos de traballo e as súas vidas por unha obra mal executada por unha administración como é a Xunta de Galicia.

Polo tanto, eu pídolle dunha vez por todas que sexan dignos, e a dignidade é non pedirles paciencia aos veciños, senón directamente actuar sobre esa estrada.

Nós puxemos isto tamén na comisión, e claro que reclamamos o que reclaman os propios veciños: que, mentres iso non se faga, ese tramo da AP-9 sexa gratuíto, porque non é de recibo que as multinacionais se fagan de ouro e a nosa xente teña que xogar a vida todos os invernos nesa estrada. Por certo, é unha das estradas con maior, digamos, ocupación do conxunto da rede de estradas de Galicia. Se votedes non fan isto –deixadez absoluta cun dos puntos onde máis tráfico se dá e máis accidentes se dan–, ¿que farán co resto de redes do conxunto do país? Pois no que estamos na situación actual, deixadez absoluta, porque lles dá absolutamente igual. Iso si, cando a presidenta anterior do Parlamento e a presidenta do porto de Vilagarcía acoden a unha algarabía nas portas do Concello de Pontevedra, algunha delas utiliza o coche oficial; o coche oficial para ir a unha mobilización convocada polo Partido Popular. E, por certo, a ex presidenta deste Parlamento, que expulsaba a xente do Parlamento por non respectar a institución –segundo ela–, vai a non respectar a institución e a decisión democrática do Concello de

Pontevedra. Polo tanto, a dobre moral hai que eliminala canto antes do Partido Popular.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Fajardo.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Señor Moreira, vostede como trilerero non ten prezo, teño que dicirlllo así, con todo o cariño. *(Murmurios.)*

Mire, a situación da seguridade viaria na PO-531 ten unhas carencias máis que coñecidas. O BNG trouxo iniciativas a este Parlamento demandando solucións –solucións que demandaban os veciños–, porque tamén había resolucións por unanimidade do Concello de Barro, mais que se atoparon aquí co valado do Partido Popular, co voto en contra do Partido Popular a esas demandas. Vostede vén aquí erixirse en portavoz dos veciños, di que van facer o que os veciños queiran, mais é que mente descaradamente, porque xa votaron en contra do que os veciños pedían. E, ademais, é que é unha demanda que non é un capricho, non é dicir: bueno, é que queremos aquí unhas melloras que supoñan case nada; é que estamos falando de que é unha estrada das que maior tráfico soporta das de titularidade da Xunta de Galiza, das de maior tráfico da Xunta de Galiza, de que é a principal vía libre de peaxe entre Pontevedra e Vilagarcía e de que tamén recibe os tráfico de toda a zona do Salnés, do Grove, de Sanxenxo, de Cambados, de Vilanova, de Meaño, porque é a única vía libre de peaxe para unir estes territorios. Estamos falando dunha cuestión de importancia. E os veciños e veciñas levan moitos anos demandando estas medidas. Durante ese tan tremendo Bipartito estíbese chegando a acordos, practicamente quedou pechado un acordo. O que si é certo é que desde a chegada do Partido Popular no ano 2009 –estamos no ano 2016– o único que fixeron foi dilatar e non facer absolutamente nada, a pesar de que estamos falando dun tramo con múltiples sinistros e perdas de vidas; perdas de vidas, por iso estou dicindo que non é un capricho. ¡Perdas de vidas!

Por iso o BNG trouxo aquí iniciativas, e volvemos traer esta aquí. É que non di o mesmo que o que di vostede, señor

Moreira; é que o BNG dicimos que se execute no ano 2016, poñémoslle prazos. O que non me vale é que veña vostede aquí en época preelectoral dicir que imos facer. Non, compromisos reais, prazos.

E tamén di que neste ano 2016 se realicen de xeito prioritario as cinco rotondas comprometidas, porque o delegado territorial da Xunta de Galiza en Pontevedra hai máis dun ano que lles prometeu aos veciños e veciñas que ía facer esas cinco rotondas; co cal, os compromisos ou promesas verbais que non van a ningún lado queremos que se convertan en compromisos reais. E claro que pedimos que se fagan todas as actuacións precisas, non dicimos que sexan competencia da Xunta de Galiza, pero que se fagan as actuacións precisas para liberar de peaxe a AP-9, para que sexa un vial que permita desconxestionar esta zona. Son as cuestións que piden os veciños.

E a verdade é que a min me parece moi pouco serio que veña hoxe aquí, despois de que xa está en exposición pública o proxecto, de que a conselleira se reunira cos afectados e co Concello e despois de que publicaran na prensa, facer unha demanda que o Goberno da Xunta, o seu goberno, xa ten publicitado. A verdade, non sei, parece que está un pouco retrasado nesas problemas que ten coa hemeroteca.

Mire, as demandas que facemos son –máis unha vez mire as hemerotecas– o que demandaba o Partido Popular cando resulta que estaba na oposición... –Señor Moreira, vexo que non ten moito interese, porque é que igual lle fai saltar as cores.– Decía que a situación era tremenda, que a proposta que facía a Xunta non era boa; co cal, recoñecían que había unha proposta, que había un proxecto e un compromiso do Partido Popular: supresión da peaxe na AP-9 entre Pontevedra e Curro; enlace de Curro coa autovía do Salnés –promesa proposta do Partido Popular–; construción dun terceiro carril da AP-9 entre Curro e Pontevedra; conversión da PO-531 nunha avenida urbana. ¿Canto tempo pasou disto, señoras e señores do Partido Popular? Sete anos, e seguen, veñen hoxe aquí instar a que se licite que se vaia facendo segundo se poida. Mire, os veciños e veciñas de Curro non aguantan máis mentiras no papel que logo non se concretan en ningunha realidade. Entón, se vostedes non son capaces de aceptar as emendas que presentamos, onde se poñen prazos concretos e onde se poñen medidas reais que solucionen o problema, pois o Bloque Nacionalista Galego non pode

apoiar iniciativas que son simplemente flores electorais e que non teñen como obxectivo solucionarlles o problema de seguridade aos veciños e veciñas. ¿Como se soluciona? Con compromisos reais, con prazos e facendo efectivas as promesas do Partido Popular...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...e as reivindicacións dos veciños de Curro. Así.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Bos días a todas e a todos.

Señor Moreira, dá a sensación de que Galicia naceu en 2008, e lémbrolle que en 2008 xa levabamos 27 anos de gobernos da Xunta de Galicia, nos cales 22 gobernou o Partido Popular. É máis, o actual presidente da Xunta no previo 2005 era conselleiro de Ordenación do Territorio, Obras Públicas e Transporte. Polo tanto, esa é a realidade, e o problema non naceu en 2008, sábeo vostede moi ben.

Porque estamos a falar dunha estrada, a PO-531, que, evidentemente, ten moitas fortalezas. É unha estrada que atravesa toda a península do Salnés polo interior, é unha estrada receptora dun importante movemento de vehículos das poboacións costeiras, é unha estrada que une dúas das tres cidades máis poboadas da provincia de Pontevedra, é una estrada que soporta unha IMD –unha intensidade media de vehículos– de arredor de 17.000, dos cales aproximadamente 2.000 son vehículos pesados.

Esta é a situación diaria de tráfico que soporta esta estrada de titularidade autonómica. E, chegados a este punto, cabe facer unha sinxela pregunta: ¿cal é a realidade do ámbito diario entre Curro e Pontevedra que afecta usuarios, veciños e veciñas? Está á vista, e todos a coñecemos: varios asentamentos industriais ao pé da estrada, naves industriais á beira

desta mesma estrada, vivendas pegadas á estrada –ou a estrada pegada ás vivendas, que sería o mesmo–, beirarrúas inexistentes, pasos de peóns insuficientes... Este tramo semeixa unha permanente travesía salpicada de naves industriais.

E convén facer tamén outra pregunta: ¿está adaptada a estrada autonómica PO-531 entre Curro e Pontevedra para soportar ese tráfico en condicións de seguridade para todos os actores da vía; é dicir, peóns, ciclistas, motoristas, vehículos lixeiros ou pesados? Creo que todos coincidimos en que rotundamente non, empezando polos propios veciños e veciñas de Campañó, de Devesa, que teñen constituída unha plataforma coa que veñen actuando permanentemente e solicitando e pedindo un arranxo integral desta estrada. Por certo, proxecto integral que se proxectou de acordo co propio vecindario durante o Goberno bipartito, e que vostedes nada máis chegar o meteron no caixón, intentando rachar co pasado, en contra da opinión das veciñas e veciños.

Esta é unha estrada ausente por completo de seguridade viaria. A táboa de accidentes, a táboa de sinistros e a táboa de feridos e de falecidos está á vista de todos. Estes numerosos accidentes, cos resultados de falecidos, que se producen ano tras ano, certifican esta situación, e a situación é absolutamente concluínte. Tráfico identifica a PO-531, no informe 2015, como unha das estradas galegas de máis risco. Por certo, ano tras ano os mesmos informes reflicten a mesma situación.

Polo tanto, non se trata dunha situación conxuntural, que se produce nun momento determinado como consecuencia de situacións imprevistas. Estamos ante unha situación estrutural, que dura xa moitos anos e que pon diariamente en risco a vida de persoas.

E, con esta situación, ¿que ten feito ao respecto o Goberno do Partido Popular do señor Feijóo durante os últimos sete anos? Só tres cousas. Primeira: renunciar nos primeiros meses de goberno ao proxecto redactado e aprobado polo Goberno bipartito da PO-531 acordado cos veciños. Segundo: amosarse absolutamente impasible durante os últimos sete anos ante a grave situación que se ten producido día a día no treito Pontevedra-Curro da PO-531. E terceiro: inaugurar a precampaña electoral en Barro, ao se reunir por primeira vez coa plataforma pola mellora da PO-531, unha plataforma con dez anos de vida e con sete anos de olvido polo Goberno da Xunta.

Cos antecedentes desta consellería, deste goberno e da Dirección Xeral de Infraestruturas, as credibilidades respecto do que teñen prometido o pasado día 17 quedan en cativas promesas...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...simple manobra de distracción en ano electoral.

Mire, o 17 do febreiro tivo lugar a primeira reunión cos veciños, por certo, acompañados da publicación no DOG ese mesmo día –porque se non, non os recibían– do proceso de expropiación, cunha inversión de 500.000 euros, única e exclusivamente, e o único anuncio é o anuncio de expropiación. Con advertencia da propia plataforma –sae nos medios de comunicación–, deixámoslle moi claro que, se non actúan, a xente volverá á rúa.

Por todo isto, o Partido Socialista presentou unha emenda de adición, que comprometa cronograma, actuacións e orzamentos para unha intervención integral na PO-531 entre Pontevedra e Curro...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Ten que rematar, por favor.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...porque se necesita esa intervención integral.

Xa remato, señora presidenta.

O demais, o que vostede di, o que a conselleira di e o que prometen, só son bombas de artificio e novamente, despois disto, o esquecemento.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Fernández.

Polo Grupo Parlamentario Mixto ten a palabra a señora Fernández Rodríguez.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Bo día a todas e a todos.

Esta proposición non de lei que nos trae hoxe o Partido Popular é sobre o proxecto de reforma de Pontevedra-Curro, da PO-531; é como a historia interminable, pois tampouco é que nos aclare demasiado.

Despois de dez anos de reivindicacións das veciñas e veciños dos distintos concellos da comarca que forman a plataforma desta estrada, no pasado mes de novembro volveron intensificarse as súas demandas para exixir que a Xunta retomara o proxecto de reforma da estrada de Vilagarcía. Existe moita preocupación polos altos sinistros deste vial, e están fartas e fartos dos dez anos que leva o proxecto de urbanización desta estrada, deste medio de comunicación, gardado nun caixón, a chamada estrada dos mil remendos. ¿Ata cando a xente do Salnés terá unha conexión digna acorde cos tempos no século XXI? Imaxinamos que agora pasará algo, pero non sabemos o que, presionados pola mobilización das veciñas e veciños, e por estar en ano electoral comezan coa súa maquinaria propagandística.

E non entendemos por que traen isto a día de hoxe aquí, a esta Cámara, e, como repetiu a miña compañeira do BNG e o compañeiro do PSOE, non entendemos por que se trae aquí, cando a propia conselleira, despois das presións que tiveron todos os veciños e veciñas, se xuntou con eles a semana pasada, que coincidiu tamén co anuncio do *Diario Oficial de Galicia*, coa fase de exposición pública, onde se fala dun presuposto cunha cantidade concreta e se fala das primeiras medidas que van tomar, que é eliminar o punto negro no quilómetro 8,2 do vial, cunha rotonda.

Sabemos que a dita estrada, que comunica Vilagarcía de Arousa con Pontevedra, é das primeiras de Galiza en densidade de tráfico, unha das máis altas desta comunidade; un tramo de 20 quilómetros, dos cales un 10 % corresponde a tráfico pesado, e nunha parte deses 10 quilómetros, de Curro a Pontevedra, é onde se acumulan a maioría dos sinistros e onde tamén se perderon moitísimas vidas.

É un vial que transita por unha zona densamente poboada, con comercios a cada marxe, e por un contorno agrícola. Ten varios puntos perigosos, e, coa expansión dos polígonos industriais, contribuirá a aumentar o paso de vehículos pesados, e isto, nun futuro inmediato, pode levar ao aumento da poboación e a máis tráfico rodado.

A alta densidade de vehículos fai preciso o mantemento constante polo desgaste do firme, que non se realiza. Entendemos que as melloras son urxentes, reducindo os puntos negros, e intentar eliminar os sinistros nun tramo rodeado de poboación.

Unha das solucións, a máis efectiva, seguindo tamén as demandas das veciñas e veciños desta comarca, é suprimir a taxa da autoestrada, da A-9, porque vén un exemplo que acontece na península do Morrazo co sector de Rande. As altas tarifas da peaxe minguan a economía debilitada de moitos traballadores e traballadoras particulares e do sector do transporte, que sofre constantemente máis impostos sobre a súa actividade.

Esta estrada é o reflexo do que pasa con outras estradas na Galiza, por estas tarifas ou por estas taxas de autoestrada, que se ven obrigados ao emprego da estrada normal, como pode ser tamén o caso da 550.

E ante as presións da xente do Salnés, a Xunta tomou posicións a semana pasada, porque, bueno, estamos en ano electoral, e, claro, hai que ganar os votos, porque os votos están bastante complicados, ¿non?, polas últimas eleccións. –Bueno, xa veremos.– (*Risos.*)

Un dos grandes riscos, que é no quilómetro 8, elevado, quizais, ¿non?, un dos puntos máis negros, necesita un reasfaltado urxentemente. E este é un dos factores de que se produzan accidentes, porque parece ser que foi un dos remedios puntuais que se empregaron, como o caso da curva da Devesa.

Queda claro que na maioría dos casos son accidentes que se producen cando chove, sobre todo, e circulando en sentido Vilagarcía, cando nas costas os coches teñen que agardar máis, e está claro que é un fallo estrutural grave.

Tamén comentan que non é só o tramo de Curro a Pontevedra, senón que tamén se debe revisar o tramo de Curro a Vilagarcía, e tamén comentan que hai por reivindicacións dos veciños dos arredores de toda a obra de Curro sobre a auga acumulada da choiva, que levan tres anos reclamando por estas melloras das condicións do terreo.

Entón, o que queremos dicir é que imos apoiar dende o Grupo Mixto as emendas presentadas polos grupos do BNG, de AGE e do PSOE.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Fernández.

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra o señor Moreira Ferro.

O señor MOREIRA FERRO: Grazas, señora presidenta.

Bueno, eu vexo que tanto no BNG como en AGE están de capa caída. Á voceira do BNG xa nin lle aplauden (*Risos.*); o de AGE aquí pide que se lle anule a prórroga a Ence, pero cousa que nin teñen en conta os seus colegas de Podemos en Madrid. Así é que, se non lles fan caso no seu partido, ¿queren que llelo fagamos aquí no Parlamento? (*Aplausos.*) ¡Home!, é que non o entendo.

Pero é que, ademais, é falso que non se fixera nada. Claro que se ten en conta que hai accidentes, e por iso eu antes xa enumerei aquí –ao mellor hai que prestar máis atención cando fala a propoñente–, pero eu xa comentei aquí que a Xunta, a pesar diso, estivo facendo arranxos e obras por seccións, para ter en conta e poñer en marcha medidas para evitar os accidentes. Xa as enumerei ademais. Dixen que con moitas delas se constatou unha redución moi significativa de accidentalidade.

Falo da glorieta de Bombeiros, do nó de Bombeiros en Pontevedra, cun reforzo de sinalización horizontal e vertical, a instalación de bandas transversais de alerta. Revisouse a sinalización na zona de Curro. Instaláronse elementos complementarios de balizamento nos treitos nos que existen tres carrís. Logo tamén se fixeron obras de rehabilitación localizada do firme, tanto no treito que está en Pontevedra como no que está en Barro. Renovouse a capa de rodadura e mellorouse a seguridade viaria, actuando especialmente nos treitos nos que se constataron problemas de deslizamento, e aplicouse un microaglomerado, que é un tratamento superficial do firme que aumenta a adherencia da capa de rodadura.

E isto, evidentemente, contribúe a solucionar e mitigar a existencia de accidentes. Claro que contribúe, está constatado estatisticamente. Non quedaron de brazos cruzados na Xunta de Galicia esperando a que se fixera a obra, fixéronse xa cousas para ter en conta todos estes sinistros, e os sinistros diminuíron. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

E reformulouse un proxecto de acordo cos veciños, que son os mellores interlocutores, desde logo moito mellores interlocutores que vostedes, que o único que queren é vir aquí emponzoñar, (*Murmurios.*) e o que non lles interesa é a accidentalidade do tramo. A nós si que nos interesa, e afortunadamente os veciños están en contacto coa Xunta de Galicia, e a conselleira estivo con eles recentemente, e, de feito, ata xa teñen pactado o cronograma e cales son as fases prioritarias que os veciños queren. Creo que hai que facerlles máis caso aos veciños que ás ideas que vostedes traen aquí, que o único que queren é facer barullo pero non lles interesa moito a seguridade desa vía, polo que parece.

E, señor Fajardo, facendo referencia ás súas alusións, eu dígolle que no Pleno do Concello de Pontevedra, se houbo persoas do Partido Popular, foron particularmente. A ex presidenta do Parlamento foi coma unha cidadá máis, e mentres non se fagan controles de RH na porta ou purgas polo Concello de Pontevedra, todo o mundo pode ir ao Concello de Pontevedra. (*Aplausos.*) E do que pode estar seguro é de que, se usara gomina –que o dubido– ou laca –que o dubido–, non se lle pagaron con fondos públicos. Estea seguro diso, señor Fajardo. (*Murmurios.*)

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Moreira.

Proposición non de lei do G.P. de Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. José Javier Ron Fernández e cinco deputados/as máis, sobre a realización polo Goberno Galego das xestións necesarias ante o Goberno central para o desenvolvemento do Plan de acollemento e integración de persoas refuxiadas procedentes de Siria e doutros países en guerra ou conflito

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): A esta proposición non de lei presentáronselle dúas emendas: unha do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e outra do Bloque Nacionalista Galego.

(*O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada M^a Soledad Soneira Tajés, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento*

to da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (09/PNC-003369), doc. 46504.

Emenda de adición dun novo parágrafo, que quedará redactado co seguinte texto:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España a aplicación urxente dos acordos acadados e aprobados por unanimidade do Congreso dos Deputados, na súa sesión plenaria do 29 de setembro de 2015, sobre a crise humanitaria de refuxiados, e dar cumprimento a tódalas súas conclusións, especialmente as actuacións previstas na devandita resolución parlamentaria en materia de acollida e integración dos refuxiados.”)

(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 46504.

Emenda de adición.

Engadir o seguinte na parte resolutiva:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a exixir do Goberno español:

Que mude de forma radical e urxente as políticas de blindaxe por outras de axuda e acollida digna ás persoas refuxiadas e migrantes.

Que deixe de aplicar e apoiar políticas imperialistas e de intervención militar que están detrás desta situación e que defenda e poña en práctica accións destinadas a:

- *Retirada de todas as forzas militares norteamericanas e estranxeiras dos países de Oriente próximo e norte de África.*

- *Respectar a soberanía dos pobos e de resolución política dos conflitos.*

- *Promover unha política de paz, solidariedade e cooperación entre todos os pobos.*

- *Por en práctica unha política de solidariedade internacionalista e de acción antiimperialista en toda a Europa e en todo o mundo.”)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Para formular a proposición non de lei, señor Ron Fernández, ten vostede a palabra.

O señor RON FERNÁNDEZ: Bo día a todos e a todas.

Aylan Kurdi, ¿quen se lembra deste nome? Tiña só 3 anos, e as imaxes do seu corpo –pequeno corpo, que podemos chamar asasinado– nunha praia turca sacudiu as consciencias durmidas de toda Europa aló na fin do verán do 2015. Entón, unha vaga espontánea de solidariedade estendeuse por todo o Estado español, por Galicia, concellos, parlamentos, Goberno central, a cidadanía. Todos e todas erguían unha voz para dicir: poñamos freo a esta hemorraxia, hemorraxia que parte, no caso de Siria, do ano 2011.

Expresión solidaria, non obstante, que permaneceu abafada polas realidades e os desexos dos distintos gobernos dos diferentes Estados membros da Unión Europea. E podemos dicir que a resposta en xeral é indigna, indigna da propia memoria que temos como pobos de Europa. Indigna mesmo –pode parecer anecdótico pero non o é– con ese Premio Nobel da Paz co que foi galardoada Europa no ano 2012. É unha resposta indigna porque despois de Aylan –ou nese mesmo ano– morreron máis de 1.000 nenos e nenas no mar. Un cuarto das solicitudes de asilo é de menores. Se ollamos as cifras xerais, ademais, tristemente vemos que quen manifesta unha posición que nós definimos como impropia, por todo o que ten padecido o Estado español e pola nosa memoria como pobo, que foi un pobo de exilio e de emigración, é precisamente o Estado español.

Podemos simplemente lembrar, a título cuantitativo, que no ano 2013 se presentaron en España 4.485 solicitudes de asilo e no 2014, 5.947. Pois ben, mentres en España se presentaba aínda non o 1 % de toda a Unión Europea, en Alemaña presentábanse 126.705 solicitudes no 2013, e en Francia, 66.265. Mentres en España no 2014 se concedían 384 condicións de asilo de refuxiado, en Alemaña concedíanse 33.310 e en Francia, 12.020. Mentres iso acontecía no mar Mediterráneo no 2014, nos distintos mares desta gran falla que é o mar Mediterráneo morreron 3.419 persoas.

E mentres, xunto con esa indigna resposta, só asistimos a gasto, un desbaldimento de diñeiro público, en securizar, en externalizar e en dotar de medios que vixíen as fronteiras, por exemplo, a operación Tritón, que substituíu unha anterior chamada misión Mare Nostrum, que esa si tiña polo menos como finalidade rescatar persoas, e así se rescataron máis de 100.000 persoas entre outubro de 2013 e novembro de 2014, mentres que coa operación Tritón, na que se gastan 2,9 millóns de euros, posta en marcha despois de novembro de 2014, só ten unha visión securitaria, non de rescate nin de salvamento.

Podemos dicir, ademais, que non existe unha política de acollida europea digna dese nome, só o enorme desexo de externalizar cada vez máis as fronteiras, de realizar distintos gastos en mecanismos de rexeitamento. E só así podemos entender que entre o 2007 e o 2013 se desbaldisen 2.000 millóns de euros en políticas deste tipo. Creouse un discurso falaz e perigoso que relacionou refuxiados con terrorismo e afóndase no imaxinario do medo. E só así podemos entender que Finlandia avogue hoxe por unha saída do euro, Holanda por un mini Schengen, Polonia que leve a cabo unha política dubidosa na que se carga directamente a separación de poderes, Hungría creando un valo separador con respecto a Serbia, e que o Tratado de Schengen estoure en mil pedaciños, e así vemos que se restablecen os controis de fronteira en Dinamarca, Austria, Suecia e Alemaña, creando ademais un grave problema nos Balcáns que veremos a onde nos leva.

Polo tanto, non existe política de acollida verdadeira, e iso temos que varialo. Para frear o inferno xurídico, a segregación, a discriminación, o desprezo, o racismo frío, a xenofobia institucional, cómpre mudar totalmente a política de acollida, a política migratoria, aquí, en Europa, e alí, nas causas, na consecuencia e nas causas. Temos que recuperar aquilo do dereito a ter dereitos. A inmigración é un feito social global e a solidariedade só pode ser aberta e inclusiva, e iso maniféstase, en primeiro lugar, no dereito de asilo e a hospitalidade.

Xa o dixemos: nós non podemos entender que cando o ministro do Interior afirma que España está preparada para acoller as persoas que procederían das cotas de reubicación e reasentamento, que eran simplemente 854, se nos diga que son simplemente 18 persoas as que chegaron procedentes

das cotas de reubicación e reasentamento. E que se diga que efectivamente estamos preparados, que se formaron voluntarios en Galicia, que hai recursos, que hai ofrecemento de concellos e que non se coñece ningunha persoa aínda en Galicia e que non se puxese en marcha ese plan; un plan que –lembros– debe conter as estruturas necesarias para ofrecer acollida e aloxamento, asesoramento legal, acceso aos servizos públicos básicos como son ensino, saúde, servizos sociais, alfabetización na nosa lingua, formación, orientación para o emprego e unha atención psicolóxica e social especializada; iso debe conter ese plan; díxosenos que estaba en marcha. Polo tanto, nós non entendemos que se nos comunique que só hai 18 persoas no Estado e ningunha en Galicia.

Vou rematar con dous fragmentos. Un, dun neno libanés, brevemente, que dicía o seguinte: “No meu país non hai seguridade nin traballo, o que hai é morte todos os días. Foi unha viaxe moi longa e dura desde Baalbek, no Líbano, ata chegar aquí. O traxecto en lancha a Grecia foi moi moi aterrador e difícil, pensabamos que podíamos morrer en calquera momento. Ningún dos dous” –eran dous irmáns– “sabemos nadar e estabamos nunha lancha de goma. E en Presevo, Serbia, tiñamos que agardar días en medio do frío para rexistrarnos”.

E, finalmente, como o grande Eduardo Galiano quixera, é preciso recobrar a solidariedade e o internacionalismo: “*Sueñan las pulgas con comprarse un perro y sueñan los nadies con salir de pobres, que algún mágico día llueva de pronto la buena suerte, que llueva a cántaros la buena suerte. Pero la buena suerte no llueve ayer, ni hoy, ni mañana ni nunca; ni la llovizna cae del cielo la buena suerte. Los nadies, los hijos de nadie, los dueños de nada; los nadies, los ningunos, los ninguneros corriendo la liebre, muriendo la vida. Jodidos los nadies, jodidos, que no son aunque sean, que no hablan idiomas sino dialectos, que no practican religiones sino supersticiones, que no hacen arte sino artesanía, que no aplican culturas sino folclore, que no son seres humanos sino recursos humanos*”.

Pois para impedir iso agardemos obter a unanimidade e o apoio de todas as forzas aquí representadas, para que simplemente o Parlamento galego inste a Xunta a que desenvolva as actuacións oportunas diante do Goberno central conducentes a facer realidade o plan de acollida e integración

das persoas refuxiadas procedentes de Siria e outros países en guerra e conflito. Para recuperar o sentido do noso pobo e da humanidade do pobo galego como pobo europeo, academos esta unanimidade.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ron.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.
Señora Prado.

A señora PRADO CORES: É evidente que estamos diante dunha situación dramática de miles de persoas –de homes, mulleres, de nenos e nenas–, unha crise humanitaria ás portas e dentro da Unión Europea, unha crise dunha magnitude de traxedia que é evidente que fai preciso acometer accións inmediatas para con esas persoas refuxiadas.

E, dende logo, no BNG denunciámos a indecente resposta a esta situación dunha Unión Europea consistente, primeiro, en establecer guetos, campamentos infames, onde malviven centos e miles de persoas pasando frío, fame e calamidades. Unha Unión Europea na que non se cortan parte dos seus Estados en nacionalizar as escasas pertenzas dos que foxen e que criminalizan as persoas e entidades que ofrecen axuda. Que levanta muros, valados que veñen sumarse xa aos muros e valados da vergoña levantados pois por Israel ou por Marrocos no Sahara occidental. Unha Unión Europea que fai control de fronteiras, facendo efectivamente que Schengen salte polos aires, que Schengen se aplique á demanda, poñendo ao descuberto o auténtico obxectivo da Unión Europea nese fluír de persoas.

Estamos pois diante dunha situación dramática que ten causas, porque todos estes miles de persoas non se botaron a andar por capricho, non poñen en risco as súas vidas, as vidas das súas familias, porque se lles ocorrera un día de repente, senón que son persoas que foxen dos seus países por causa da guerra que neles se está a producir.

E estando de acordo coa iniciativa que presenta a Alternativa Galega de Esquerda, o Bloque Nacionalista Galego presenta unha emenda de engádegas, porque cremos que é preciso ir ao fondo das causas que producen esta situación tremenda de refuxiados e de crise humanitaria. E as causas

desta situación son a rapina imperialista –alto e claro–, a rapina imperialista dos Estados Unidos, mais tamén compartida e seguida polos Estados da Unión Europea, uns Estados conxuntamente cos Estados Unidos que non dubidan en levar morte, destrución e miseria a eses países para conseguir os seus obxectivos xeoestratéxicos, que non son outros que espoliar os recursos destes países, ben sexan os recursos enerxéticos –como pode ser o petróleo ou o gas–, os recursos naturais –como pode ser a auga, os recursos hídricos, os fosfatos...–, calquera tipo de recurso que lles pareza cobizo para os Estados do imperio.

Primeiro foi Afganistán, Iraq, Libia, Siria, Palestina a mans de Israel, o Sahara a mans de Marrocos... E o esquema é sempre pois moi similar: primeiro, organizan, arman, alentan diversas organizacións e fomentan actuacións de desestabilización e de terrorismo; logo usan esa desestabilización para xustificar a intervención e a inxerencia. ¿E cal é a conclusión? Pois que Estados considerados –moitos deles dos que acabo de nomear– como os de maior nivel de vida da zona agora son países arrasados, inestábeis, dos máis inseguros do planeta. Guerra e descontrol causados por esa inxerencia imperialista que ten vítimas. Efectivamente, as vítimas pois son a poboación destes territorios e esa inmensa vaga de refuxiados que foxen da guerra, da destrución e da miseria.

A resposta da Unión Europea pois foi represión, converter a Unión Europea, en vez de responsabilizarse das causas, das accións levadas a cabo, pois nunha auténtica fortaleza e realizar accións nestes países consentidas e participadas.

Entón, a emenda que presentamos –como dicía antes– o que busca é ir ao fondo, rematar con esas políticas imperialistas, belicistas e de rapina; que defendemos o diálogo na resolución de conflitos; que os pobos teñen dereito a decidir o seu destino sen inxerencias; que nos opoñemos ás alianzas militares como a OTAN no pasado, no presente e no futuro; e que refuxiados e refuxiadas son consecuencia de decisións políticas, desa inxerencia e desa intervención. E o que propoñemos na nosa emenda é nin máis nin menos que dicir non á guerra, respecto á soberanía dos pobos e si ao dereito a decidir o seu destino os pobos.

Esperamos que o grupo propoñente acepte a emenda, mais de todos xeitos votaremos a favor igualmente da mesma.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista. Señora Soneira.

A señora SONEIRA TAJES: Señor presidente.

Señoras deputadas, señores deputados.

A verdade, señor Ron, é que no persoal me emocionou a súa intervención, e creo que ademais calquera persoa ben nacida neste país debería tamén emocionarse con este tipo de cousas. Porque a Europa que hoxe está levantando tantísimas fronteiras, tantas alambradas, é a Europa que a finais do século XIX nestes países que hoxe consideramos punteiros –Finlandia, Suecia...– emigraban en masa, a Norteamérica, a Chile.

Ademais, está moi de moda unha literatura de recuperación de raíces en Chile, onde se fala das emigracións históricas dos alemáns, dos suecos, colonias practicamente illadas dunha cultura norte-centroeuropea, en países pois como por exemplo Venezuela, onde hai unha colonia de alemáns, onde a arquitectura, a gastronomía, a cultura, todo é alemán, aínda que hoxe os seus netos e bisnetos falan con acento caribeño; iso si, son rubios e con ollos azuis, porque historicamente incluso buscaban casar no país de orixe ou entre eles.

Iso esquecéusenos de repente, a todos, e este é un problema moi serio, un problema cultural, un problema case de humanidade, no sentido de empatía cos problemas doutras persoas, e un problema político.

Simplemente hai que ver a evolución do liderado de Merkel desde o inicio da crise ata hoxe en día. E hai datos que son moi preocupantes, e aos que non lles estamos prestando atención, e que deron lugar en Europa a auténticas atrocidades. Hai uns días, houbo xente que en Alemaña bloqueaba os bombeiros para que non foran apagar o lume dun centro de acollida de refuxiados, e por encima non tiñan problema en saír diante das cámaras e en presumir de semellante actitude. E iso estámolo deixando pasar así, como se non pasara nada.

Aquí temos problemas de orde política, incluso de estabilidade –algo dixo o señor Ron–, na Unión Europea. E unha

reflexión: ¿que estamos facendo –téño dito no debate de moitísimas iniciativas que xa temos feito nesta Cámara, sobre todo na Comisión 1ª– para que aqueles países que desde mediados do século XX estiveron exportando exiliados e estiveron pedindo acollida nos países do que antes era a Europa occidental hoxe sexan os máis furibundos, os que máis proa lles poñen ás políticas de integrar e de recibir os exiliados, e son os primeiros ademais que levantan auténticas murallas de alambre?

As cifras, señor Ron, están superadas pola realidade; é dicir, que aquí parece..., é unha cuestión que é digna de estudo. Vemos un só neno morto, afogado, e móvensenos as consciencias; vemos miles e parece que non pasou nada. Incluso as noticias nos din que puideron ter desaparecido máis de 5.000 nenos e nenas en Europa, en Europa –non estamos falando de Burundi–, en Europa, e non se nos move unha pestaña, e por encima a información nos titulares pode ser utilizada para moi distintos fins, de explotación, de todo tipo, e non se nos move un músculo.

Pero temos un problema moi serio, humanitario, moi serio. Hoxe, 24 de febreiro, aquí citouse a Rosalía, quizá un dos poemas máis citados, e que creo que todos sabemos de memoria, é aquilo de: “este vaise, aquel vaise, e todos se van, se van...”. Bueno, pois ¿de onde se van? De Iraq, de Siria, de Alxeria, de Afganistán, e vanse tamén dos países da pobreza. É dicir, a xente non se vai porque si, non é un *hobby* isto de poñerse a andar. A xente cando se vai é porque ten problemas moi serios, e nos países en conflito os problemas poden custar a vida. E posiblemente todas as súas señorías verían unhas imaxes dramáticas diante dunha alambrada onde uns pasaban e outros non, en función do país de onde viñeran, simplemente por un criterio político, ou outra foto onde un neno ou un bebé trataban de pasalo a través duns alambres.

En fin, o Goberno galego ten anunciado naquel momento de emoción colectiva que iamos facer un montón de cousas e eramos os primeiros do mundo mundial. Incluso a súa conselleira naquel momento pediu a comparecencia nesta Cámara, dona Beatriz Mato. A comparecencia quedou aí, aquí non compareceu ninguén do Goberno para concretar todo aquilo.

Nós presentamos unha emenda, señor Ron, na que pedimos algo que xa temos feito, porque practicamente está todo

dito e todo feito neste tema. En setembro o Congreso dos Deputados adoptou, por unanimidade, un acordo para instar o Goberno a que fixera determinadas cuestións, o Partido Popular tamén a votou, e esas cuestións refírense á recepción dos inmigrantes, á atención dos nenos, a fomentar as condicións para establecerse aquí, pero tamén a modificar e á colaboración con países que emiten estas persoas, en que é insoportable vivir alí e por iso se van, para cambiar as condicións.

Hai razóns políticas, razóns xeoestratéxicas, hai razóns económicas, pero hai sobre todo razóns de humanidade...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora SONEIRA TAJES: ...e eu creo que hoxe o que deberíamos lanzar é un mensaxe de humanidade.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Soneira.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Fernández Rodríguez.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: A denominada crise dos refuxiados xerou na nosa sociedade unha toma de conciencia, non só polas terribles consecuencias de millóns de persoas que sofren polo conflito armado en Siria e por outros conflitos esquecidos, senón tamén polas nefastas consecuencias das políticas migratorias de control da Unión Europea e dos seus Estados membros, que botan ás mafias –cando non á morte– centos de miles de persoas que foxen dos seus países buscando a protección e seguridade de Europa. E, por outro lado, os gobernos dos países, lonxe desta solidariedade, seguen mantendo discursos e alarmas que alimentan os sentimentos racistas e xenófobos no noso continente. Alarman coa repartición das denominadas cotas dunhas decenas de miles de refuxiadas e refuxiados, converténdoo en mercancía que ninguén quere.

E aquí parece que non temos memoria pola nosa historia. Case 700.000 persoas presentaron solicitude de asilo nos principais países de Europa, América do Norte, Oceanía e Asia, no primeiro semestre do ano 2005, segundo datos de Acnur. E no Estado español recibíronse 4.723 peticións no

mesmo período. Os países de orixe desta xente son, principalmente, Siria, Afganistán, Iraq, Eritrea, Paquistán, Somalia, Ucraína, etc.

O Estado español vulnera o artigo 14 da Declaración universal dos dereitos humanos, que establece que, en caso de persecución, toda persoa ten dereito a buscar asilo, a gozar del, en calquera país. Este é un dos tratados aos que están adscritos os países da Unión Europea, que o están vulnerando a día de hoxe.

Tamén esquece a Convención de Xenebra do ano 51, que representa a fundación da protección internacional dos refuxiados. E tampouco fai caso ao artigo 3.4 da Constitución española, nin ao que recolle a Lei de estranxeiría, que establece que unha persoa poderá ser demandante de asilo aínda que non dispoña de visado para permanecer no Estado español.

A Fundación Avogacía Española tamén denuncia que se burlou o Real decreto 1325/2003, que tamén prevé procedementos de emerxencia e de evacuación dende a orixe, que inclúe a concesión de visados humanitarios e salvocondutos, documentación e permisos de residencia e traballo, axudas sociais e reagrupamento. Este decreto burlouse, ao ignorarse os chamamentos dende Turquía e o Líbano que dende hai meses se están a producir. Como denuncian os propios refuxiados, víronse obrigados a arriscaren as súas vidas por terra e mar, ao non concedérselles asilo dende o seu país de orixe. Sobre todo, temos en conta o caso especial de mulleres e nenas refuxiadas, que sofren violencia, agresións, explotación e acoso sexual, incluso no territorio europeo.

E non imos mirar só as vergoñas dos outros países, porque tamén debemos centrar a atención na fronteira do Estado español, a fronteira sur. É denunciante o discurso que incita á hostilidade e ao medo, como os grandes baleiros e as deficiencias de que fai gala o Goberno español, en canto á acollida e integración social, tanto das persoas inmigrantes como das refuxiadas.

Centos de familias, case todas sirias, a quen se lles supón o dereito a acceder as oficinas de asilo situadas nos puntos fronteirizos, negado á súa vez ás persoas subsaharianas, están bloqueadas na cidade de Nador; pasan poucas e poucos, e todos eles deben pagar grandes cantidades a pasadores ou á mafia.

As persoas que chegan a Ceuta e a Melilla son confinadas nos centros de estancia temporal de inmigrantes, os chamados CETI, en condicións inaceptábeis e con exceso de xente. Non existe un servizo de orientación xurídica, nin reciben información concreta e personalizada da protección que lles brinda España, nin do marco europeo de tramitación de solicitudes de asilo. Durante eses meses non se lles permite o seu paso á Península, quedan retidos nos CETI, que funcionan coma un tapón ou un funil, que ignora as obrigas de recepción e protección das persoas refuxiadas, conforme o marco legal europeo.

Deste xeito van chegando a pingueiras, tras pasar períodos que van entre corenta e cinco días e varios meses en Melilla ou Ceuta, para vir parar a recursos públicos que non sempre son centros de acollida de refuxiadas e refuxiados, que abandonan maioritariamente en poucos días.

Para todas estas persoas o Estado español está claro que non é unha terra de acollida. É urxente a coordinación das institucións, que non participan das necesidades urxentes da xente, cando é a súa obriga, deixando este traballo ao voluntariado individual e ás ONG.

En Galiza houbo iniciativas a nivel local de ofrecemento para esta acollida, mobilizando os recursos institucionais e sociais, e despois a Xunta sumouse a isto nun efecto dominó. Mais aquí non chegou ninguén. E teño que lembrar que Cerna, a través do Grupo Mixto, presentou unha iniciativa para a admisión inmediata de 1.000 refuxiadas e refuxiados na terra galega.

Ante a gravidade da situación –e para rematar–, queremos sumarnos á convocatoria europea que se vai celebrar este vindeiro 27 de febreiro, na que se exixirá pasaxe segura xa, para evitar as constantes vulneracións dos dereitos humanos e as mortes que veñen padecendo, quen só desexa refacer a súa vida lonxe do horror e das persecucións.

Imos dar apoio á proposición non de lei de AGE e tamén acollemos e apoiamos as emenda presentadas polo BNG e polo PSOE. Entendemos que é unha cuestión moi urxente nesta sociedade, que cada vez está máis deshumanizada.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández Rodríguez.

Grupo Parlamentario Popular. Señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Señorías, nestes momentos a Unión Europea afronta un desafío humanitario co desprazamento de milleiros de persoas que foxen da guerra. Cinco anos de guerra provocan que millóns de persoas abandonen os seus fogares, máis de 11 millóns, a maioría desprazados dentro do seu propio país, pero máis de 4 millóns fóra das súas fronteiras, e ademais cada vez son máis os que veñen aos nosos países buscando un espazo de seguridade, de liberdade e de respecto aos dereitos humanos.

Hoxe coñecemos que no que levamos de ano viñeron 100.000 persoas, tantas como en todo o primeiro semestre do ano pasado. Ante esta situación de emerxencia, de dimensións incalculables, non podemos quedar de brazos cruzados ante as consecuencias dramáticas do conflito bélico que dura xa cinco anos.

Esta crise é complexa, ten causas diversas, pero a nós tócanos xogar un papel, e temos que axudar nas solucións, solucións nos eidos político e económico, pero tamén no eido humanitario, solucións que obrigan a toda Europa, a todos os españois e por tanto tamén a todos os galegos; solucións serias, solidarias e coordinadas, fuxindo dos electoralismos, dos populismos e dos nacionalismos, que queren levantar novos telóns de aceiro, novos muros, novos racismos.

O Goberno de España, señorías, amosou a súa vontade de facer fronte a esta crise, e comprometeuse a acoller a cantos refuxiados propuxera reubicar a Unión Europea. Creouse un equipo interministerial, convocouse a conferencia sectorial, para actuar de acordo coas decisións europeas e de acordo tamén coa iniciativa aprobada por unanimidade no Congreso dos Deputados; iniciativa á que se refire o Partido Socialista na súa emenda, e tamén Alternativa Galega de Esquerda, xusto ademais para recordar o que non se ten que facer. Sen embargo, é o que fai o Bloque Nacionalista Galego.

Esta iniciativa pedía non empregar as persoas refuxiadas como confrontación política. É verdade que ás veces parece que isto é simplemente un argumento politicamente correcto. Señorías, este acordo conseguiu a unanimidade, porque

os congresistas quixeron priorizar a acollida e a integración e favorecer a cooperación e colaboración entre administracións, cooperación e colaboración imprescindibles.

Non vou caer, como se está a facer por parte dalgún dos intervinientes, en lecturas partidistas, en interpretacións sectarias ou en electoralismos oportunistas. Por iso, precisamente, se pactou non empregar persoas refuxiadas na confrontación política. E vou centrar os esforzos no referente á xestión do traslado, da acollida e da integración dos solicitantes de protección internacional.

Para iso, ademais, aprobouse un primeiro decreto de axudas extraordinarias, para adecuar a rede de asistencia, e xa no debate de orzamentos se reforzaron con máis de 250 millóns de euros as partidas destinadas para atención de solicitantes de protección internacional.

En Galicia foi o presidente da Xunta de Galicia o que adiantou unha oferta asistencial de servizos públicos e de instalacións, oferta que o Goberno galego plasmou no plan de acollida, realizando un mapa de recursos da nosa Comunidade, de recursos da Administración autonómica, pero non só, tamén se incorporaron outras administracións, as locais, as ONG, e tamén as familias que tiñan comunicada a súa disposición para colaborar neste dispositivo.

Incrementouse a orde de entidades de iniciativa social, un 85 % máis; incrementouse tamén a orde dos concellos, un 123 % máis; fíxose formación para poder traballar cando cheguen os refuxiados na recepción, na acollida, pero tamén para acadar a inserción laboral e, en definitiva, que poidan ter unha vida autónoma e a mellor das integracións.

E nós, os galegos, estamos preparados para facelo, e por iso apoiaremos a súa iniciativa. Pero non nos equivoquemos, aínda que a Unión Europea pode e debe dar unha resposta rápida e adecuada, os estados membros non o están a facer. É necesario actuar e facelo en común, baixo os principios de solidariedade e responsabilidade, en coherencia coa necesidade de que Europa conte cunha política común, estable e duradeira, e que dea resposta ás necesidades dos refuxiados.

O que precisamos, señorías, non é menos Europa, senón máis Europa. Unha Europa na que urxe que se poña en mar-

cha un mecanismo de reparto dos refuxiados entre os seus membros...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...que permita facer fronte ao fluxo de chegadas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Trenor.

Grupo autor da iniciativa, señor Ron.

O señor RON FERNÁNDEZ: Ben, se entendín ben o grupo maioritario vai apoiar esta iniciativa, os restantes grupos da oposición tamén; polo tanto, en aras desa preservación da posible unanimidade, direi que aceptarei a emenda do PSdeG, porque responde ao que se acordou no Parlamento e no Congreso dos Deputados, e non aceptarei a do BNG, por se isto pode facer que o grupo maioritario se afaste da unanimidade.

Eu simplemente podoo dicir que desde AGE estaremos vixiantes, permanentemente, como levamos facendo desde que empezamos esta sesión, e estaremos permanentemente insistindo, preguntando, revisando e vendo canta realidade acolle este plan, se se materializa, porque está ben ter un mapa de recursos, pero ese mapa de recursos ten que ter realidade e ten que ter vidas detrás; vidas de persoas ás que acollemos, integramos, de forma integral. Porque é certo que falta unha política común estable, pero tamén integral e duradeira.

Polo tanto, agradecer o apoio de todo o mundo a esta iniciativa, que permite que recuperemos o sendeiro da humanidade, do carácter humanitario que nos guía como pobo. O pobo galego é un pobo emigrante, é un pobo exiliado na diáspora, e, polo tanto, quen mellor que o pobo galego para dicir que somos un pobo acolledor, un pobo solidario e un pobo que integrará as persoas que procedan en cotas de reubicación e reasentamento.

Hai que dicir que hai que diferenciar do aspecto do asilo xeral, que moitas veces se mestura, pero o asilo sabemos perfectamente que en España está tendo un

carácter bastante restritivo, e, polo tanto, niso tamén hai que avanzar e mellorar moito, para que España non sexa, precisamente, dos países que estean no furgón de cola para superar esas 384 solicitudes aceptadas de Estatuto de asilo ao refuxiado. Nós entendemos que teñen que ser moitísimas máis, porque son milleiros de persoas as que agardan nos perímetros das fronteiras de toda Europa a poder entrar nese soño que era antes a Europa dos dereitos humanos.

Vostede falou da seguridade, da liberdade, dos dereitos humanos, pois para que iso poida ser realidade temos que establecer unha política de entrada máis humanitaria e, desde logo, menos fortificada, menos electricada, e impedir que morran nenos e nenas no mar Mediterráneo, ou que se exploten e se violen os dereitos das persoas, das mulleres de todo o mundo nos perímetros desta fronteira dos soños, pero que está sendo a fronteira do pesadelo para moitas persoas.

Nada máis, agradecer o apoio de todo o mundo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ron.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Pasamos a votar as proposicións non de lei.

Comezamos coa do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posta en marcha e xestión de servizos ferroviarios de proximidade en Galicia.

Non se presentaron emendas.

Votación da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, sobre as demandas que o Goberno galego debe realizar ao Goberno central para a posta en marcha e xestión de servizos ferroviarios de proximidade en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos, a continuación, a Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Mixto, en relación co IVE que se está a aplicar aos produtos de hixiene íntima feminina.

Foi solicitada unha votación por puntos que parece que manifestou a ponente que está disposta a aceptar. (*Asentimento.*)

Votación do punto número 1 da Proposición non de lei G.P. Mixto, por iniciativa de D^a Carmen Iglesias Sueiro, sobre as demandas que o Goberno galego debe realizar ao Goberno central en relación co IVE que se está a aplicar aos produtos de hixiene íntima feminina.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este punto.

O señor PRESIDENTE: Votamos, a continuación, o punto segundo, desta proposición non de lei.

Votación do punto número 2 da Proposición non de lei G.P. Mixto, por iniciativa de D^a Carmen Iglesias Sueiro, sobre as demandas que o Goberno galego debe realizar ao Goberno central en relación co IVE que se está a aplicar aos produtos de hixiene íntima feminina.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto.

O señor PRESIDENTE: Votamos, a continuación, a Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular, sobre a inclusión do *Códice Calixtino* no rexistro de *Memoria do Mundo* da Unesco.

Xa manifestou o ponente que non aceptaba a emenda do Bloque Nacionalista Galego.

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular, por iniciativa de D. Agustín Baamonde Díaz e seis deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos trámites para a inclusión do Códice Calixtino no rexistro de Memoria do Mundo da Unesco.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos, agora, a Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista, sobre as recomendacións reflectidas no último informe do Comité de Expertos da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias en relación co uso da lingua galega.

Non se presentaron emendas, votamos, polo tanto.

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas, por iniciativa de D^a María Concepción Burgo López e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas recomendacións reflectidas no último informe do Comité de Expertos da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias en relación co uso da lingua galega.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos, agora, a Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a prórroga da concesión de Ence en Lourizán, na ría de Pontevedra.

Acepta, como dixo a ponente, a emenda do Grupo Mixto.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa decisión de ampliar por sesenta anos máis a prórroga da concesión de Ence en Lourizán, na ría de Pontevedra.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos, agora, a Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a licitación polo Goberno galego das obras de reforma da estrada PO-531. Non aceptaron as emendas, segundo manifestou o ponente.

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Jacobo Moreira Ferro e D. Alejandro Gómez Alonso, sobre a licitación polo Goberno galego das obras de reforma da estrada PO-531, no tramo Pontevedra-Curro, e a priorización dos puntos máis necesarios para a mellora da seguridade viaria.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a Proposición non de lei do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as xestións a realizar ante o Goberno central para o desenvolvemento do Plan de acollemento e integración de persoas refuxiadas procedentes de Siria e doutros países en guerra ou conflito.

Xa manifestou o ponente que non acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e que si acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. José Javier Ron Fernández e cinco deputados/as máis, sobre a realización polo Goberno galego das xestións necesarias ante o Goberno central para o desenvolvemento do Plan de acollemento e integración de persoas refuxiadas procedentes de Siria e doutros países en guerra ou conflito.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Abrimos as portas e continuamos co punto sétimo da orde do día, que se corresponde co de interpelacións.

Interpelación de D^a María Consuelo Martínez García, do G.P. Mixto, sobre a práctica da prostitución en Galicia

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

Hoxe traemos esta interpelación sobre un tema que normalmente está calado, tapado e olvidado, esquecido por todos e por todas, que é a prostitución.

Para comprender a violencia de xénero debemos recoñecer que a mesma se nutre de violencias institucionais, de accións ou omisións realizadas polos gobernos do Estado, polas autonomías e polas súas autoridades. Aínda hoxe en día ao falar de violencia contra as mulleres non se visibiliza que estamos ante vulneracións de dereitos nas que o Estado pode ser directamente autor por acción ou omisión, ou nas que pode ter responsabilidade, dende a discriminación salarial consentida ata a falta de protección das mulleres que denuncian o agresor. Como o último asasinato machista en

Zaragoza, no que constaba a denuncia e orde de alonxamento de 500 metros. E xa levamos 12 mulleres asasinadas en 2016.

En 1993 a Declaración sobre a eliminación da violencia contra a muller, da Asemblea Xeral das Nacións Unidas, especificou que unha das formas de violencia física, sexual ou psicolóxica era aquela perpetrada polo propio Estado. Nin o Estado español nin as lexislacións autonómicas teñen, sen embargo, incluídas definicións de violencia institucional. A ausencia fundamental segue sendo a falta dun recoñecemento xurídico explícito no dereito estatal e autonómico de que existen formas de violencia institucional contra as mulleres e que constitúen unha parte das violencias patriarcais.

Esta é a explicación de que só no 36 % dos casos de violencia de xénero denunciados o expediente acaba nunha condena do presunto agresor. Dese 36 % de casos que rematan en condena, no 56,45 % dos casos aplícase a suspensión de condena, é dicir, practicamente ningún agresor cumpre a condena. No resto dos supostos, un 64 %, a demanda xudicial da vítima remata ben cun sobresemento, no 30,4 % dos casos, ou na absolución, no 33,5 % dos casos.

Neste sentido, Rebecca Cook sinala: cando un Estado aplica, executa ou perpetúa un estereotipo de xénero nas súas leis políticas, públicas ou prácticas, institucionalízao dándolle a forza da autoridade do dereito e do costume. Entre os obstáculos sociais e psicolóxicos que se topan as mulleres están a normalización da violencia de xénero, o sentimento de vergonza, culpa e bloqueo emocional, a protección dos fillos e fillas e as mensaxes desincentivadoras do contorno familiar e social.

Un dos factores aos que máis aluden as mulleres tamén é ao medo á reacción do agresor e á falta de autonomía económica. No caso das mulleres migrantes en situación irregular, engádense a estes problemas a Lei de estranxeiría, que establece a súa expulsión se tras denunciar a violencia de xénero non logran acreditar os feitos no proceso penal, e como xa miramos no proceso penal é moi difícil que unha muller consiga que o agresor sexa condenado.

Este contexto normativo é utilizado polos agresores para desincentivar as denuncias e as agresións, e, noutras palabras, a lei é un instrumento que utilizan os agresores para a

súa impunidade. A situación da muller aínda é máis vulnerable en caso das mulleres traballadoras do sexo, asasinadas polos seus clientes, que non son consideradas pola lei como vítimas de violencia de xénero e, polo tanto, non contabilízan nas estatísticas de violencia de xénero, porque para o Goberno non o son.

A morte é só a manifestación máis crúa da violencia contra as mulleres. No mundo da prostitución hai moitísimo maltrato tanto psicolóxico coma físico. É un entramado que se alimenta da relación desigual entre o proxeneta e as mulleres que están sometidas. Ao longo dos anos non cambiaron, sen embargo, as causas que levan ás mulleres ao exercicio da prostitución: factores socioeconómicos e falta de oportunidades.

Nos anos 80 a prostitución de rúa no noso país era exercida maioritariamente por mulleres españolas ou portuguesas, cun baixo nivel educativo e económico, procedentes de familias en situación de marxinalidade ou exclusión social, e en moitos casos vítimas de drogodependencia.

Na actualidade, o 90 % das mulleres que exercen a prostitución no noso país non son españolas, e a gran maioría son mulleres inmigrantes en situación irregular e ameazadas por mafias e proxenetas. Estas mulleres viven as consecuencias do exercicio da prostitución, a deterioración da súa saúde física e emocional, trastornos do sono e da alimentación, illamento social, estigmatización, ansiedade, problemas xinecolóxicos, risco de contraer enfermidades de transmisións sexual, embarazos non desexados.

A prostitución ten a súa cara máis cruel na trata de mulleres e nenas, pero tamén a violencia sexual, a coacción, a discriminación e o abuso configuran as innumerables aristas que posúe a violencia de xénero, pero nunca lles demos o mesmo tratamento cando estas se producen nun contexto de prostitución.

É inquietante que a solidariedade que sentimos cando unha muller é maltratada non se sinta igual cando ela é prostituta. Nacións Unidas e diversas organizacións internacionais falan de violencia de xénero como todo acto violento que resulte ou poida resultar un dano físico, sexual ou psicolóxico para a muller, inclusive as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, incluíndo

as agresións sexuais, a prostitución, a explotación sexual, a ablación e o tráfico de persoas.

O que pasa no club queda no club. Esta frase reflexa a realidade: a impunidade e a opacidade que representa a explotación sexual no noso país. No caso da trata sexual, todo o mundo ten claro que debemos loitar contra ela e que é unha vulneración dos dereitos humanos. E segundo a Organización das Nacións Unidas contra a droga e o crime, unha de cada sete mulleres que exerce a prostitución é vítima de trata.

Sen embargo, o debate público sobre a prostitución presentáenos na maioría das ocasións desligado desta evidencia, provocando que a sociedade, en xeral, e as institucións, en particular, reaccionen contra as vítimas, considerándoas golfas, pouco recomendables, negativas para o barrio..., no canto de obter a solidariedade e o apoio social. Non en van, tanto en España coma en Galiza, as cifras de identificación de vítimas de trata sexual son ridículas. As ONG galegas detectaron en dous anos unhas 2.000 vítimas, mentres que as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado falan dun par de casos.

España é o país europeo onde máis se consume sexo de pago, un de catro españois reconece ter consumido sexo de pago. Calcúlase que, aproximadamente, no Estado español hai entre 300.000 e 400.000 mulleres que se dedican á prostitución, sendo un dos países onde o consumo da prostitución está menos desprestixiado.

Os clientes son invisibles e nadie os acosa nin os incomoda, pese a que se sabe que se aproveitan da pobreza, da vulnerabilidade e da escravitude.

As enquisas revelan que, aproximadamente, tan só un 5 % das mulleres que exercen a prostitución afirman facelo voluntariamente, o resto, o 95 %, fano obrigadamente. No caso das estranxeiras, vítimas de trata e que se encontren en situación irregular, a lei española permite a obtención do permiso temporal de residencia se se denuncia a rede e se colabora na desarticulación da mesma, pero tan só un 1 % das mulleres presentan a denuncia, porque afirman que a Policía e a Garda Civil non lles ofertan as garantías necesarias para que os seus proxenetas ou as propias mafias non as maten, as persigan a elas ou as súas familias. Veñen aquí

ameazadas e esa ameaza non desaparece coa protección da Garda Civil nin das Forzas de Seguridade do Estado.

Entendendo que a prevención e loita contra a trata de persoas, así como as medidas que se deben adoptar para a protección das vítimas de violencia de xénero exercidas por mafias e proxenetas, deben iniciarse partindo da análise da situación actual, é polo que lle pregunto: ¿cantos locais hai en Galiza onde se practica a prostitución?, ¿coñece a Xunta o número de mulleres que se dedican á prostitución en Galiza?, ¿coñece a Xunta o número de mulleres e nenas que chegan a Galiza vítima de redes de trata de persoas para destinalas á prostitución?, ¿cantas mulleres teñen deixado en Galiza a prostitución nos últimos anos como consecuencia das actuacións da Administración?, ¿que tipo de actuacións de apoio ás mulleres vítimas de explotación sexual se están a practicar en Galiza e cal é o resultado?, ¿que orzamento dedicará a Xunta neste ano 2006 á loita contra a prostitución e á trata de persoas?, ¿que formación recibe ao respecto a Policía e que formación reciben os xuíces e os fiscais?

Entendo que son preguntas necesarias para empezar a establecer unha relación de actuacións que vaian en beneficio destas mulleres, que procuren que lles ofrezan medios para saír dese mundo de prostitución e escravitude, e espero que teña resposta a estas preguntas.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, bos días.

Señora Martínez, interpela o Goberno sobre a explotación sexual a través da prostitución e da trata. Decía vostede que é un tema do que hai que falar, estou totalmente de acordo, que moitas veces está en silencio, pero que desgraciadamente está aí e, polo tanto, creo que é unha boa iniciativa –pola súa parte, por suposto–, e a obriga do Goberno é vir

responder a algo que, estará de acordo comigo, non é unha única problemática, nin moitísimo menos, ¡oxalá fose así!, sería moito máis sinxelo rematar con ela, pero son varias problemáticas e, ademais, todas de enorme complexidade.

Aquí hai moitas causas, teñen un carácter transnacional, cada vez máis –vostede mesma o dixo– hai redes criminais, sen ningunha dúbida, que rodean todo isto e, polo tanto, creo que é moi bo –como lle dicía– falar disto e non deixalo en silencio.

Aquí falamos de dereitos humanos; falamos –e estou totalmente de acordo– de violencia de xénero na inmensa maioría dos casos; falamos de accións algunhas que se moven ou na legalidade, moitas veces na ilegalidade, ás veces na legalidade formal, pero ou son alegais ou son ilegais. Pero, en todo caso, isto provoca que sexa moi difícil coñecer a magnitude real, que sexa moi difícil, en moitos casos, identificar as vítimas, ou que habendo vítimas, esas vítimas –vostede díxoo tamén– sexan quen, de acordo cos procedementos legais que existen agora mesmo, de acreditar a situación que están sufrindo.

Polo tanto, vostede, que na súa interpelación alude a iniciativas feitas noutros países, alude concretamente ao caso de Suecia, á experiencia e ás resolucións que alí se tiveron. Ao final, efectivamente, fai unha serie de preguntas concretas para algunha das cales eu teño resposta, porque son competencia da Xunta de Galicia, e que non é cuestión de competencia, é que é o que nos permite ter os datos que vostede me pide; outras non son competencia, cando menos directa, da Xunta de Galicia e, polo tanto, non teño eses datos, os datos exactos que vostede me pide; algúns dos datos, por certo, moi difíciles de conseguir, como tiñan acreditados moitos estudos que din que acotar esta lacra en números non é nada doado, e moito menos nos números exactos que vostede pide.

Polo tanto, respecto do número de locais onde se practica a prostitución en Galicia, respecto do número de mulleres que se dedican á prostitución e respecto do número de mulleres e nenas que chegaron a Galicia como vítimas da rede de trata de persoas para destinarse á prostitución, a Xunta de Galicia non dispón deses datos, e non sei se dispón quen ten competencia, a Administración Xeral do Estado. En todo caso, xa lle digo, por eses estudos que vostede manexa, e eu

tamén, eses mesmos estudos recoñecen que dar esas cifras e dalas dun xeito fidedigno –por desgraza e a día de hoxe– non é nada doado, por non dicir practicamente imposible.

No que se refire ás nosas competencias e, polo tanto, datos, tamén moi importantes, eu si lle podo dar datos da atención que a Xunta de Galicia está obrigada a prestar, e presta, a estas persoas, a estas mulleres, principalmente. Sabe vostede que no ano 2010 Galicia foi a primeira comunidade autónoma que asinou o Protocolo de actuación institucional para adoptar medidas de prevención, de investigación e de tratamento ás mulleres que foran vítimas de trata con fins de explotacións sexual.

Asinamos ese protocolo a Xunta de Galicia, e o presidente na súa representación, e o fiscal superior de Galicia, e dende a sinatura deste protocolo –que despois foi seguido anos despois, no ano 2013 por Cataluña, e no ano 2015 pola Comunidade Autónoma de Extremadura, e por ningunha comunidade autónoma máis a día de hoxe– hoxe permitiuse empezar a realizar accións, a asinar convenios de colaboración con entidades sen ánimo de lucro; por certo, que son as que se encargan de levar a cabo programas de atención a estas mulleres, e que son –como vostede mesmo dixo–, maioritariamente, mulleres inmigrantes unha porcentaxe altísima das que se atopan en situación de prostitución ou trata con fins de explotación sexual.

As entidades son, concretamente, dez, son: Accem, Adoratrices Ourense, Cáritas Lugo, Aliad-Ultreia, Cáritas Ourense, Cáritas Santiago, Cruz Roja, Ecos do Sur, Faraxa, Médicos do Mundo e Oblatas de Ferrol. Todas elas contan, contaban xa antes da sinatura deste protocolo, cunha ampla experiencia, pero ademais contan co apoio das administracións, co apoio da Xunta de Galicia e co apoio da Fiscalía Xeral do Estado para atender estas mulleres vítimas e para axudalas á súa recuperación, á integración social e laboral e, ao final, a conseguir –co difícil que é, moito máis fácil dicilo que acadalo– a súa recuperación e a súa integración integral, valla a redundancia.

A través de captacións, asesorando, apoiando e informando a estas mulleres respecto dos recursos de todo tipo cos que contan, principalmente sociais e xurídicos, acompañándoas para a realización de trámites administrativos e burocráticos que lles permitan a súa integración e saír da súa

situación e acreditar moias veces a súa condición de vítimas; creando, mantendo, fomentando e apoiando grupos que –ao final– o que buscan é atopar un espazo de encontro, de intercambio, de apoio a estas mulleres, capacitación das mediadoras sociais para poder apoiar a estas mulleres; desenvolver as potencialidades e as capacidades que, sen dúbida, teñen estas mulleres e que, polo tanto, se deben favorecer para axudalas, precisamente, a saír da situación: socializándoas, educándoas, formándoas, integrándoas.

E sensibilización tamén, este é un tema moi importante cando falamos de explotación sexual e de trata, sensibilizando a sociedade sobre a situación destas mulleres, sobre esta lacra e sobre as consecuencias que trae o seu padecemento.

Eu creo que coñecen ben as actuacións destes grupos a través das comparecencias que tiveron na Comisión de Igualdade, creo que ninguén pon en dúbida o seu labor. A propia Xunta de Galicia llelo recoñeceu no ano 2015 coa medalla de Castelao á Rede Galega contra a Trata, e, polo tanto, o único que podemos facer é expresar o noso compromiso fóra de calquera goberno, de calquera cor política, en continuar con este apoio que, insisto, empezou de xeito pioneiro no ano 2010 en Galicia e que segue ata o día de hoxe.

Vostede pídeme cifras: 27.404 persoas –na súa inmensa maioría mulleres, e na súa inmensa maioría mulleres inmigrantes– foron atendidas a través destes convenios, e este ano 2016 imos incrementar –oxalá que non fora necesario, pero é necesario– o orzamento dedicado a este fin case nun 30 %.

Á parte, que lles quede claro a estas mulleres –e por isto é tan importante potenciar a existencia dos CIM e o seu labor– que as mulleres que sofren, que son vítimas de trata, se acheguen a estes recursos e aos CIM. A todos os recursos, pero aos CIM dígoos porque están especialmente próximos a súa presenza en moitos concellos, que se acheguen para plantexar a súa situación.

Para acadar axuda puxemos en servizo no ano 2011 un servizo de teletradución a 51 idiomas, precisamente sendo conscientes de que son na súa maioría estranxeiras, pero, sobre todo, sabendo que os CIM son unha porta de entrada para empezar a solucionar os problemas, para empezar a solucionarlos dende a Administración e ofrecerlles algún tipo de saída.

Pregúntame tamén, e tamén lle podo dar datos, sobre a formación do diverso persoal da Administración pública.

Moi rapidamente, e se me dera tempo na réplica tamén a ampliaría.

Onte mesmo aprobamos na Comisión Interdepartamental de Igualdade un proxecto de decreto para regular a formación en materia de igualdade e violencia de xénero do persoal da Xunta de Galicia, unha formación integral. E, sen dúbida, perseverar na formación en materia de igualdade e de loita contra a violencia de xénero vai capacitar máis os homes e mulleres que traballan na Administración pública de Galicia para poder atender tamén este tipo de situacións.

Somos a primeira Comunidade Autónoma de España que vai facer un proxecto de decreto integral, e que, dende logo, se vai ir vendo a partir de agora moitísimo máis esa capacitación dos traballadores e traballadoras públicas.

Tamén a Escola Galega de Administración Pública, como centro máis directamente obrigado a dar esta formación, fai formación específica, tratamento da violencia de xénero dirixida a persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, e ademais inclúe diversos cursos de formación sobre violencia de xénero e igualdade, moitas veces de xeito transversal; dígoo porque hai módulos de cursos máis amplos que van dedicados especificamente a esta finalidade.

No ano 2015, por falarlle do último ano, 15 actividades nas que se impartiron un total de 400 horas e se formaron 630 persoas.

Pregúntame, tamén, pola formación no ámbito da xustiza. Sabe vostede que a nosa competencia directa e a nosa responsabilidade é o persoal –que non son xuíces, fiscais e letrados da Administración de Xustiza–, e realizáronse no ano 2015 dúas edicións dun curso de violencia de xénero e familiar, e 100 persoas participaron nestes cursos, 30 horas de formacións.

Despois houbo cursos non específicos nos que se impartiron, de todos os xeitos, módulos formativos relativos ao xénero, 14, e case 600 alumnos e alumnas puideron formarse en contido respecto do xénero, da igualdade, linguaxe non discriminatoria e atención a vítimas de violencia de xénero.

Respecto á formación de xuíces e fiscais, xa que depende do Consello do Poder Xudicial, asinamos un convenio de colaboración da Xunta de Galicia, á parte da formación específica que eles dan, e neste marco durante o ano 2015 ofertáronse 65 prazas para actividades formativas sobre materias como a Lei do estatuto da vítima, axuizamento de delitos ou tratamento de delitos de abusos sexuais a menores nos medios de comunicación.

Por último, a Academia Galega de Seguridade Pública, agás no ano 2015, 8 actividades formativas en materia de violencia de xénero, en materia de tratamento ás vítimas da mesma, dirixidas preferentemente ao persoal da unidade de Policía adscrita, Policía autonómica, e tamén das policía locais. 215 horas lectivas e cun número exacto de 1.013 prazas. A formación, aspectos psicolóxicos que hai que ter en conta e hai que coñecer no contacto con mulleres vítimas de violencia de xénero, mulleres vítimas de trata –novidades introducidas por exemplo no Estatuto á vítima do delito e na reforma do Código penal–, boas prácticas para comunicarse con vítimas estranxeiras, a través de intérpretes, protección procesual –que estas mulleres se enteren desde o primeiro momento– e outros contidos.

En definitiva, creo que é unha formación nunca dabondo, por suposto, pero formación na que se está incidindo, que ten que seguir aumentando. Á parte do apoio que se presta dende o eido social da Xunta de Galicia, á parte do apoio que se presta cando estas mulleres o demandan en situacións sanitarias que moitas veces o requiren, dende as competencias da Vicepresidencia, e apoio específico ás organizacións, ONG e entidades sen ánimo de lucro –que hai moito tempo que se dedican a axudar ás mulleres que sofren, que son vítimas de trata–, aumentaremos este ano o apoio.

Sen dúbida, nin a Xunta de Galicia, nin probablemente ningunha Administración, sen a concienciación da sociedade, vai ser capaz de acabar con esta lacra, pero volvo dicir, e dígoallo con toda sinceridade, que falemos deste tema, e que se lle pregunta ao Goberno que está facendo ou que está aportando para acabar con este problema, creo que é bo, e eu así o tomo e llo agradezo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Réplica señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Señor vicepresidente, dixo vostede: desgraciadamente, está aí. Pero non está desgraciadamente aí porque teña que estar e sexa algo que non se pode modificar, está aí como resultado de políticas machistas, de lexislacións machistas e do abuso do poder que ostentan os homes sobre as mulleres historicamente.

Polo tanto, é o resultado dun concepto do mundo, que só ten á vista os intereses dun xénero e non doutro. Polo tanto, un mundo masculino que xulga as mulleres en función da súa visión masculina, e as mulleres estamos totalmente fóra da lexislación. Polo tanto, a xustiza non é xusta con nós, de aí que ese desgraciadamente é, desgraciadamente, porque o consentimos que segue habendo prostitución.

Esa é a realidade, porque o consentimos nesta sociedade machista. Eu presentaba na iniciativa a situación de Suecia, esa é a actitude que eu entendo que hai que tomar. É dicir, as mulleres que se dedican ao traballo sexual, a vender o seu corpo a cambio de sexo, non por vicio, nin porque non teñan outra cousa que facer, por necesidade, por fame, porque son expulsadas do mundo do traballo, porque cobramos menos que os homes, porque temos menos dereitos, aínda que o Partido Popular vote unha e outra vez que as mulleres sigamos cobrando menos que os homes.

E iso era o que eu dicía cando eu falaba de violencia institucional contra as mulleres. Un pode dicir que a lei di que todos temos que cobrar igual, pero se o Goberno mantén esa diferenza salarial e non fai nada para eliminala, e vota en contra de toda a iniciativa que vaia rematar con esa discriminación, o que lle está trasladando á sociedade é –e sobre todo aos homes, e sobre todos aos homes máis novos, que case é máis perigoso– que elas son distintas, que elas son inferiores. Por iso elas deben de cobrar menos. Por iso elas deben de darnos pracer, e están aí para darnos pracer, e os homes podemos utilizalas a cambio de diñeiro.

Por iso só baixo esa misión e ese concepto do que é a muller se entende que o Partido Popular non condene a actitude do señor Baltar en Ourense, ofrecendo postos de traballo a cambio de sexo.

Iso é consentir, esa é unha mensaxe á sociedade de que as mulleres podemos ser tratadas como obxectos sexuais, que non pasa nada.

Falaba vostede do protocolo do ano 2010, a min parece-me ben, creo que foi un avance, parece-me que as ONG están facendo un traballo importante neste eido, pero o que falta aí é o traballo da propia Administración. ¿Que lles ofrece a propia Administración cando estas mulleres son atendidas polas ONG e chegan á Administración e lle din: acabo de deixar o proxeneta tirado, vouno denunciar, necesito un salario, unha vivenda para min e para os meus fillos? ¿Que lles di o Goberno? ¿Que protección teñen esas mulleres máis que volver xunto do proxeneta, seguir na súa vida?

Polo tanto, eu creo que iso é realmente o importante, saber que está disposta facer a Administración.

Falaba vostede de sensibilización da sociedade, eu non a vexo por ningún lado, eu non sei se as miñas compañeiras– tanto da oposición coma do Partido Popular– teñen escoitado moitas campañas para sensibilizar a poboación sobre a vida das mulleres que se dedican ao traballo do sexo. Creo que eu non mirei ningunha, ningún recoñecemento, ningún amago de favorecer a estas mulleres.

En formación, xa remato, que se me vai acabando o tempo.

O outro día tivemos a comparecencia da Escola Galega de Administración Pública, realmente eu critiquei a falta de formación neste eido, sobre todo no terreo do ensino e da xustiza. Non hai formación, son cursos pequeniños de poucas horas e aos que accede moi pouco persoal, igual que ocorre no ámbito da sanidade.

Eu tamén lamento que vostede tendo esta pregunta enriba da mesa dende hai unha semana non se dirixira ao Goberno do Estado para ver se dispón dos datos sobre Galiza, estes datos que di que dependen do Estado.

Tampouco me contestou cantas mulleres, grazas á Administración galega e á súa actuación, deixaron nos últimos anos a prostitución en Galiza.

Tampouco me contestou cal é o apoio que se lles está a practicar a estas mulleres e cal é o seu resultado. Non temos

resultados, vostede díxome as ONG, me parece moi ben ese traballo, xa lle digo, o apoio, pero, ¿cal é o resultado? Como colofón, ¿que conseguiu a Xunta nestes anos a favor destas mulleres que son explotadas sexualmente, que son escravas sexuais de mafias e proxenetas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: ...e que son utilizadas dende grandes señores?, e temos casos –en Vigo tivemos un non hai moitos anos– con xuíces, policía, políticos e de todo, de todo, utilizando a prostitución. 1 de cada 4 homes utiliza a prostitución neste país. Iso non é unha desgraza, iso é educación, ese é o valor que se lle transmite sobre as mulleres á sociedade, e a iso se refería a miña pregunta.

Se me pode contestar a algunha das preguntas que quedaron sen contestar, agradézollo.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Turno de peche, señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Martínez, empezo como rematei, non quero pensar que vostede trouxera esta interpelación hoxe aquí para facer política, a pesar de algunha alusión que fixo, nin sequera para dicir, e se o dixo así, díxoo, pero non sei se lle entendín ben.

Non estou de acordo en que esa sexa a única causa de que exista a prostitución por culpa das políticas machistas, ou polo menos non por culpa das políticas machistas exclusivamente; porque dicir iso é tanto como descoñecer o que lle dicía ao principio da miña intervención, que aquí hai problemas de trata de persoas, problemas de legalidades, ilegalidades e alegalidades, que son os que manteñen toda esta lacra no limbo, ás veces xurídico, no que se mantén, e de aí veñen os problemas para poder acreditar as condicións, moitas veces, das vítimas.

Sabe vostede perfectamente, aínda que é minoritario comparado co que sofren as mulleres, que tamén hai prosti-

tución masculina, e polo tanto iso tampouco se pode descoñecer. Ao final falamos de persoas, non falamos nin de políticas machistas, nin de políticas de ningún partido concreto.

Dígoo porque é que se non entendemos isto será imposible atopar unha solución.

Dime que desgraciadamente está aí, e que non creo que lle guste absolutamente a ninguén, e se a recoñecemos como violencia de xénero que segue habendo, é un fracaso colectivo e, polo tanto, será unha tarefa colectiva empezar a solucionar este enorme problema, por iso é tan importante a educación e a igualdade.

Eu díxenlle que onte aprobamos un decreto, que podíamos telo feito moito antes, probablemente, pero tamén somos a primeira comunidade autónoma que fai unha formación integral en materia de igualdade, para que todos os traballadores e traballadoras públicas teñan claro que este é un tema transversal e que non hai formación axeitada se a igualdade non é algo absolutamente transversal.

Eu non teño unha variña máxica, non a ten ningún Goberno, señora Martínez, se vostede pensa que ten unha variña máxica ou unha solución máxica para acabar con este problema, de verdade, déanola a calquera goberno, a calquera administración, que sen dúbida aplicará de inmediato.

Xa digo que focalízalo só en políticas machistas, ou focalízalo só nunha causa concreta, non axuda nin vai axudar.

Entendo que vostede..., xa digo que non é o que quería dicir, e que eu na parte que lle interpretei mal non quería dicir iso.

Sabe vostede, por volver ao exemplo que poñía, o exemplo de Suecia, que despois de vinte anos de estudos, e vostede dicíao na súa interpelación, chegaron a unha conclusión, e resulta que é contraria. Digo respecto a como hai que abordar o problema ao que chegaron, por exemplo, en Holanda, que creo que tamén é un país exemplo de políticas moi avanzadas nalgúns eidos que abordan o problema da prostitución dun xeito diferente a como o abordan en Suecia. Polo tanto, cada un, estou seguro que todos os países, cando menos todos os países avanzados, están ou estamos facendo o posible para intentar avanzar.

Xa lle digo, coñecemos as estatísticas igual que as coñece vostede, coñecemos os estudos, por exemplo o estudo máis serio feito por oficinas das Nacións Unidas, que di que só se detecta 1 de cada 20 potenciais vítimas de trata con fins de explotación sexual.

Digoo polo difícil que é sinalar datos concretos e sinalar cantas mulleres están sufrindo este problema, e sobre todo cantas mulleres o poden sufrir. Deille, ademais, o dato de 27.000 persoas atendidas por esta rede que apoia a Xunta de Galicia: por suposto moitas delas, afortunadamente, moitos miles de persoas –pero que tamén estamos falando de seis anos, que é tempo dabondo– conseguiron saír desta situación grazas a ese apoio inicial, que é o fundamental, porque se non hai o contacto inicial despois é moi difícil seguir axudando a todas esas mulleres e aos seus fillos e fillas, que tamén é moi importante; pois a partir de aí reciben as axudas da Xunta de Galicia, e se poden acreditar unha situación de violencia de xénero –que ás veces non é fácil, precisamente polas dificultades que teñen en moverse nese limbo de alegalidade que hai moitas veces–, poden acceder ás axudas para vivenda da Xunta de Galicia. Poden acceder, por suposto, iso sen ningunha discusión, á axuda sanitaria, e poderían acceder a moitas máis axudas, e debería haber moitísimas máis axudas.

Pero, xa lle digo, aquí haberá que ir pouco a pouco, haberá que ir entre todos.

Di vostede que non percibe a sensibilización suficiente nin as campañas suficientes, pois razón de máis para seguir perseverando, para deixar claro, dunha vez –e ese é outro debate–, que ten vostede que recoñecer, e eu teño a miña postura persoal, como seguro que ten vostede, pero non se acaba de aclarar nunca se se fai ou non se fai publicidade das actividades de prostitución nos medios de comunicación, e iso xa foi obxecto de debate.

Este Parlamento xa se pronunciou, por certo que se pronunciou o meu partido a nivel nacional, pero supoño que se é un tema que non está tan claro, porque non todo o mundo o ten claro e non se toman determinacións, que na miña opinión e dende o meu punto de vista deberían de estar clarísimas dende hai moitísimo tempo.

Polo tanto, vólvo dicir, agradezo que se fale deste tema, a pesar de que, como sempre, hai certas deputadas que como

non se di o que elas pensan, non lles gusta o que se está dicindo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non fagamos política con este tema, hai algunhas que non van ser capaces nunca *(Murmurios.)* de seguir *(Murmurios.)* esa directriz, que creo que axuda a todos.

Polo tanto, sigamos falando as veces que faga falta deste problema, a ver se algunha vez dicimos sen variñas máxicas *(Murmurios.)* que se non o erradicamos, polo menos fomos capaces de diminuílo enormemente.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Suspendemos a sesión ata as dezaseis trinta.

Suspéndese a sesión ás tres da tarde e retómase ás catro e corenta e oito minutos.

O señor PRESIDENTE: Retomamos a sesión.

Interpelación de D. Ricardo Vicente Docasar Docasar e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que vai tomar o Goberno galego para fomentar a aprendizaxe de linguas estranxeiras entre o alumnado, como a formación continua do profesorado de idiomas, e para dotar os centros educativos cos medios humanos e materiais necesarios para acometer tal fin

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra o señor Docasar.

O señor DOCASAR DOCASAR: Ben, grazas, presidente.

Señorías, señor conselleiro, boas tardes.

Quero empezar esta intervención dicindo que estou absolutamente convencido de que nin os galegos nin o conxunto dos españois somos máis tontos que o resto de cidadáns de Europa. E se isto que afirmo é así –e creo firmemente que é así–, ¿como explicar entón os problemas que temos os galegos e o conxunto dos españois para aprender idiomas estranxeiros?

Xa lle digo de entrada, señor Rodríguez, que os socialistas facemos esta interpelación con afán totalmente construti-

vo; queremos dicirlles esas cousas que entendemos que se están facendo mal, pero tamén queremos dicirlles como pensamos nós que se poderían facer mellor, mostrando –unha vez máis– que somos un partido con vontade e vocación de goberno.

Agardamos, pois, poder facer un debate sosegado con vostede, e agardamos tamén que vostede teña a suficiente humildade e capacidade de escoitar para atender as propostas de mellora que lle vai facer o Grupo Parlamentario Socialista.

Señor conselleiro, nos últimos días falei deste asunto con diferentes profesionais que imparten linguas estranxeiras nos nosos centros educativos, para poder coñecer de primeira man as súas opinións e poder traelas a este debate.

O Grupo Socialista ten sido crítico coa política de aprendizaxe de linguas estranxeiras levada a cabo por vostede. Si, con esa política, e novamente centrada no santuario dos Peares. Ninguén dubida que a aprendizaxe de linguas estranxeiras se ten convertido nos últimos tempos nunha cuestión fundamental tanto para mozos coma para adultos. E ninguén dubida, tampouco, que a aprendizaxe de idiomas estranxeiros abre ou pecha portas para o acceso ao esixente mercado laboral nos tempos que estamos a vivir. Por iso, esta iniciativa do Grupo Socialista busca, ante todo, señor conselleiro, reflexionar sosegadamente sobre esta cuestión, pero busca facelo sen trampas, sen demagogia e con ánimo de corrixir as eivas existentes.

Nun contexto global no que a mobilidade de poboación é cada vez maior, parece razoable pensar que unha das prioridades educativas deba ser que a xuventude española e galega domine unha primeira lingua estranxeira, e, polo menos, que acade un bo nivel, tamén, nunha segunda. Como pasa, por certo, na maior parte de países da Unión Europea aos que dicimos que debemos parecer nos.

É evidente, señor conselleiro, que a competencia lingüística do noso alumnado vai mellorando moi lentamente. Pero tamén sería bo recoñecer que queda moito camiño por percorrer para equipararnos co resto de países europeos. Os currículos do noso sistema educativo deben ser actualizados para evitar a reiteración de contidos e para evitar que os alumnos de linguas estranxeiras teñan a estraña sensación de que sempre están a estudar o mesmo.

Débase priorizar máis, señor conselleiro, a expresión e a comprensión oral, e as linguas española ou galega só deben utilizarse como apoio no proceso de aprendizaxe das linguas estranxeiras en momentos moi puntuais das clases.

Aquí cóntolle unha pequena experiencia. Eu fun lector en dous institutos franceses da Champagne, na cidade de Reims. Eu recordo a primeira vez que cheguei a clase, sendo un rapaz moi xoven, que a profesora de español que había na época nese instituto me dixo: dende o primeiro día ti fálalles aos rapaces soamente en español, non me deixou para nada utilizar o francés. Iso a min marcóume, e creo que ese é un dos erros fundamentais que temos neste país.

Sería, pois, desexable, señor conselleiro, que houbera un maior número de horas lectivas dedicadas ao estudo das linguas estranxeiras, e sería tamén moi conveniente que unha parte dese horario fose dedicado a clases de conversación ou auditivos, en grupos pequenos, xustamente o contrario do que vostedes acaban de facer na LOMCE.

Cómpre, pois, abordar un profundo cambio metodolóxico, máis centrado en todas as destrezas comunicativas, e acompañalo da incorporación das TIC e das ferramentas 2.0, 3.0 ou, como di o meu compañeiro Abel Losada, 4.0, as que vostedes desexen.

Neste senso, quero lembrarlle, señor conselleiro, que cando se lle pide á xente que utilice unha serie de recursos tecnolóxicos como Internet, haberá que darlle a posibilidade de ter realmente eses medios, e cunha calidade de servizo que neste momento non temos. Aproveito para lembrarlle, por enésima vez, a enorme fenda dixital que existe entre os centros das cidades e os centros do rural, e que hai, necesariamente, que corrixir, porque iso tamén afecta –e de maneira importante– o estudo das linguas estranxeiras coas diversas ferramentas punto 0.

Creo honestamente, señor conselleiro, que unha das asignaturas pendentes do noso sistema educativo é corrixir o sistemático fracaso do noso alumnado á hora de aprender linguas estranxeiras. É certo que os nosos alumnos comezan a idades moi temperás a estudar inglés, pero non é comprensible que despois de pasar tantas horas ao longo da súa vida académica estudando un idioma estranxeiro sexan incapaces de comunicarse con fluidez nos idiomas que estudan ao final da etapa educativa.

Debemos analizar, pois, con sentido autocrítico, as causas deste fracaso lingüístico, as súas orixes, así como plan-
tear alternativas claras para que a aprendizaxe de linguas
estranxeiras no sistema educativo español estea ao mesmo
nivel que no resto dos sistemas educativos europeos aos que
queremos parecernos.

As linguas estranxeiras son usadas de maneira habitual
nos negocios, na política, na investigación, e, ¡como non!,
tamén no ámbito laboral. E que triste resulta ver os nosos
dirixentes políticos viaxar polo mundo e non seren capaces
de comunicarse cos seus interlocutores sen a presenza de
intérpretes.

Señor conselleiro, segundo os máis prestixiosos investi-
gadores na aprendizaxe das linguas é conveniente empezar
esa aprendizaxe na primeira lingua a idades moi temperás,
niso estamos totalmente de acordo, fundamentalmente en
educación infantil, cando os nenos e nenas se comportan
como auténticas esponxas receptoras de saber.

A falta de potenciar unha inmersión lingüística real é
outro dos factores que fan que a aprendizaxe de linguas non
sexa exitosa no noso país. Debemos procurar, pois, que nas
clases de idiomas a única lingua vehicular sexa a lingua
estranxeira, e para iso o profesorado debe ter o nivel axeita-
do de formación. Unha formación que debe estar actualizán-
dose constantemente, e velai outra das obrigas que ten a pro-
pia Administración: garantir a necesaria reciclaxe perma-
nente do profesorado que imparte docencia nas linguas
estranxeiras.

Outro detalle que merece a nosa atención, señor conse-
lleiro, ten a ver coa propia actitude do alumnado e das súas
familias ante esta cuestión, que teñen que asumir que nas
clases de idiomas a lingua a utilizar debe ser, fundamental-
mente, a propia lingua estranxeira.

Do mesmo xeito que é absolutamente clave, señor con-
selleiro, facerlle entender ao alumnado a importancia que
ten hoxe para a promoción na vida laboral o coñecemento
de idiomas estranxeiros. E aquí aparece unha nova tarefa
para vostede, a excesiva masificación das aulas; non é
posible ensinar, señor conselleiro, unha lingua estranxeira
con garantías en clases que roldan ou sobrepasan os 30
alumnos por aula. Como tampouco é posible unha correcta

aprendizaxe de idiomas concedendo tanto peso á aprendi-
zaxe da gramática e deixando completamente de lado as
destrezas orais.

Un claro erro disto que acabo de dicir é o propio exame
de acceso á Universidade que temos dende hai un montón de
anos, pois para superar ese exame basta con ter coñecemen-
tos de gramática, léxico e facer unha pequena redacción, e,
polo tanto, o profesorado prepara xustamente para iso o seu
alumnado e non para aprender a falar un idioma.

Outro aspecto a subliñar, señor conselleiro, sería o apro-
veitamento dos propios medios de comunicación, e funda-
mentalmente das televisións públicas, aínda que non só, pois
tamén as privadas poderían botar unha man. No caso das
televisións, a Administración podería potenciar a emisión
dunha porcentaxe de contidos programáticos noutros idio-
mas, para que a sociedade, e fundamentalmente os máis cati-
vos, foran collendo o hábito de ver algúns programas televi-
sivos en versións orixinais.

No resto de Europa, e poñamos como exemplo os veci-
ños portugueses ou franceses, é bastante habitual ver pelícu-
las, series de televisión ou debuxos animados en versión ori-
xinal. Iso axudaría, sen dúbida, os máis pequenos, xa que a
esas idades é cando máis doado resulta aprender unha lingua
estranxeira.

E se nos comparamos con algúns países de Europa, como
Francia, Holanda, Bélxica, Suíza ou Alemaña, darémonos
conta de que nos queda un gran camiño por percorrer.

Señor conselleiro, se realmente queremos cambiar a
situación do ensino das linguas estranxeiras no noso país,
todos debemos facer un importante esforzo de cambio de
actitudes: administración, profesorado, alumnado e familias.
Creo que o problema e a necesidade desta interpelación
están perfectamente centrados.

Deixarei, pois, para o meu segundo turno, a proposta
dunha batería de medidas para conseguir que a aprendizaxe
de idiomas estranxeiros no sistema educativo sexa máis exi-
tosa e deixemos de ser un país rezagado á hora de aprender
idiomas, porque estou totalmente convencido de que nós,
señor conselleiro, non somos máis tontos que o resto de
cidadáns da Unión Europea.

Polo tanto, agardo que vostede reciba esta interpelación con sentido crítico, pero con sentido construtivo.

Pola miña parte, máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Docasar.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moi boas tardes, señor presidente.

Señorías, señor Docasar, agradecemos, pois, o plantexamento desta iniciativa. Agradecemosllo, primeiro porque reconece a importancia da aprendizaxe do idioma no ensino. Iso no Partido Socialista é un avance, non sempre foi así. Eu lembro aquí debates cando foi a presentación do Plan de potenciación en lingua estranxeira, onde houbo críticas duras, moi duras, ao Plan de fomento en linguas estranxeiras, que despois explicarei e darei datos que creo que teñen favorecido un notable avance no ámbito educativo en todo o que ten que ver coa aprendizaxe de linguas.

Tamén lle agradezo a oportunidade de que traia a esta Cámara este asunto, porque imos poder manifestarnos sen temor a que nos acuse de vir facer propaganda ao Parlamento de como está a facer a consellería, a Xunta de Galicia, para fomentar en serio a aprendizaxe de linguas estranxeiras, e vostede sabe que eu sempre escoito con humildade os meus interlocutores e sempre intento aprender. Incluso dos que están equivocados intento aprender, para non reincidir nas equivocacións.

Pero utilizando as súas palabras, permítame dicirlle que eu estou convencido de que a Xunta de Galicia xa o está facendo: ten un sistema e ten un modelo de aprendizaxe que é moderno, que é eficaz e que é rigoroso, utilizando as palabras que vostede cita na exposición de motivos.

Normalmente vostede tamén o dixo, e tamén o di na súa exposición de motivos, denuncia, sempre que ten ocasión, de xeito textual, a política lingüística da Xunta de Galicia. Sen embargo, nós pensamos que o que se está a facer, insisto, dun xeito moderno, eficaz e rigoroso é pór en marcha un plan de

potenciación das linguas estranxeiras, que comezou xa hai cinco anos e que está conseguindo mellorar notablemente as destrezas en linguas estranxeiras a estudantes galegos.

É certo, é certo que toda España e toda Galicia teñen un déficit histórico de aprendizaxe das linguas, é certo. Creo que por iso se fixo moi necesaria a existencia dun plan específico de potenciación de linguas estranxeiras, nomeadamente o inglés, para corrixir esa eiva, esa situación que os xóvenes, e os non tan xóvenes, fomos arrastrando ao longo do tempo. Co cal creo que potenciar as linguas estranxeiras sempre é unha estratexia de futuro e sempre é fundamental, sobre todo para os xóvenes, porque, queirámolo ou non, estamos nunha sociedade cada vez máis globalizada, onde cada vez é necesario estar manexando constantemente diferentes linguas.

Vostede dinos na súa exposición de motivos, e na súa interpelación nas preguntas, ¿que facemos cos estudantes, que facemos co profesorado no tocante á aprendizaxe de linguas estranxeiras? Eu direi, respondendo á súa interpelación, que o que se plantexa, por un lado, é unha aprendizaxe que busca que o alumnado sexa autónomo, non só en linguas estranxeiras, senón que haxa moito manexo oral, moita comprensión oral; busca tamén que haxa unha certificación dos coñecementos e que haxa tamén a posibilidade de participar, mediante diferentes modelos de mobilidade, en proxectos europeos, etc.

Tamén no profesorado hai liñas de traballo abertas, hai liñas de acción de formación, hai escenarios formativos, hai sistemas de acreditacións. É dicir, estase traballando directamente no ámbito da potenciación, no alumnado e no profesorado, no manexo de linguas estranxeiras. Vostede sábeo perfectamente, porque vostede coñece o Plan de potenciación de linguas estranxeiras, e tamén o sabe ben porque eu, nesta mesma Cámara tiven a ocasión, na anterior comparecencia, para explicar o inicio de curso, de facer, pensamos, un aparte moi significativo para falar do ensino galego na aposta do ensino galego polos idiomas, co cal o que vou dicir non é unha novidade, pero creo que non sobra, en ningún caso, dicilo.

E os datos que temos enriba da mesa, no conxunto do ensino público, son os seguintes: un 75 % dos centros educativos sostidos con fondos públicos participan nalgunha das

liñas de acción do Plan de potenciación de linguas estranxeiras. En torno ao 40 % dos alumnos –90.000 alumnos, aproximadamente– beneficiáanse directamente dalgunha das accións concretas deste plan: centros plurilingües, seccións bilingües, escolas de idiomas, estadias de formación.

A Rede de centros plurilingües tivo un incremento moi notable no ano que se pon en marcha, que foi no ano 2010, 30 novos centros. Naquel momento había cincuenta e pico centros, hoxe hai 257, estamos falando, practicamente, de 36.000 estudantes en sesións bilingües, estamos falando de 3.630 xestións bilingües que dan servizo e cobertura en torno a 53.300 alumnos.

Auxiliares de conversa nativos, que están nos nosos centros educativos, 454; practicamente un corenta e pico por cen dos centros educativos galegos teñen auxiliares de conversa nativos, é dicir, xóvenes ingleses ou norteamericanos que veñen favorecer todo o que ten que ver co manexo da lingua nos nosos centros educativos.

Creo que se está avanzando, que hai datos moi salientables no ámbito do Plan de potenciación de linguas estranxeiras, e por iso tamén quero volver agradecerlle a oportunidade que nos ofrece, tamén, para dicir que neste caso o Goberno da Xunta de Galicia cumpre cos mandatos desta Cámara.

Hai aproximadamente un ano aprobouse unha PNL neste Parlamento que instaba a Xunta de Galicia a estender o plurilingüismo á Formación Profesional, ao Bacharelato e a outras ensinanzas postobligatorias.

Pois ben, dando cumprimento a ese mandato, pódolle anunciar que hai xa catro centros en Galicia dando plurilingüismo no ámbito do Bacharelato, e estamos preparando moitos máis para sacar en moi breve prazo de tempo.

Eu téñolle escoitado moitas veces, señor Docasar, que o mellor sistema para a aprendizaxe de idiomas eran as estadias no estranxeiro, téñollo escoitado moitas veces. Sen chegar a discutilo, vostede entenderá que iso, sendo importante, é máis importante –porque ten un carácter moito máis amplo e moito máis global– potenciar, realmente, o que é a aprendizaxe das linguas estranxeiras nos propios centros educativos.

Vostede díxoo, vostede é profesor de francés, e supoño que estará comigo, estará connosco, en que o que é realmente importante é potenciar no conxunto dos centros educativos a aprendizaxe de idiomas, seccións bilingües, plurilingües, auxiliares de conversa, etc., porque deste xeito é a forma real na que este sistema de aprendizaxe chegue á inmensa maioría do alumnado. É dicir, que todos os alumnos do sistema educativo non universitario teñan posibilidades de potenciar no propio centro educativo, no cal cursan as súas ensinanzas obrigatorias, non universitarias, o manexo de idiomas.

Vostede sabe que iso é tremendamente xusto socialmente, porque ata non hai moitos anos para reforzar a aprendizaxe de idiomas as familias tiñan que ir a academias privadas, tiñan que pagarse pasantías privadas. Sen embargo, con este modelo, que busca espallar a aprendizaxe das linguas estranxeiras ao conxunto do sistema, estase facendo, ademais, unha función absolutamente de carácter social.

E direille que agora que as linguas estranxeiras están presentes en todo o sistema educativo público non universitario, hai que destacar a potencia que adquiriu nos últimos anos esta modalidade, e por iso lle digo que me estrañan algunhas das súas afirmacións, tendo en conta a dinámica que houbo nos últimos anos.

No ano 2010 había 58 centros plurilingües, hoxe hai 257. No ano 2009 había 720 seccións bilingües, hoxe hai 3.630 seccións bilingües. Co cal estamos vendo que hai un notable incremento de todas aquelas accións orientadas a potenciar a aprendizaxe das linguas estranxeiras no conxunto do sistema educativo, e eu creo que esa é a forma máis importante para ser capaces de corrixir ese déficit histórico no cal coincidimos e que, realmente, existe da aprendizaxe das linguas estranxeiras.

E eu, coma vostede, non creo que os galegos ou os españois sexamos nin máis tontos nin máis listos que outros países de Europa, e si é certo que temos certa debilidade no manexo dos idiomas. Co cal creo que o traballo nos centros educativos, coa inmensa maioría dos alumnos, é a mellor forma de potenciar unha aprendizaxe para todos.

Tamén co profesorado temos liñas de acción concretas. Dende o ano 2009, por dar un dato, investíronse máis de 15

millóns de euros en accións formativas específicas en idiomas para profesores, co cal é unha cantidade –entendemos– significativa.

E mire, eu xa remato cunha sencilla reflexión. Vostede propón un tema interesante, un tema de debate, un tema no que creo que se ten avanzado moito nos últimos anos, e creo que o que debemos é empezar a ser conscientes, igual que fomos por exemplo no ámbito da FP, como vostede tamén ten recoñecido. Temos que empezar a darnos conta de que temos un bo e moderno sistema de aprendizaxe de linguas estranxeiras, que obviamente queda camiño por percorrer, que obviamente hai que seguir mellorando, pero se se compara co que había hai catro ou cinco anos, pois creo que o sistema ten avanzado notablemente.

E xa remato cun titular dos medios de comunicación, que nos vén dicir que algo se estará facendo ben, cando neste titular de prensa se dicía de xeito literal: “*Menos brecha histórica con el inglés. Galicia supera la media europea y la española en nivel de lengua inglesa. Un informe la sitúa entre las comunidades con mejor balance*”.

Creo que nos queda moito camiño por percorrer, e con total humildade, e tendo en conta que partimos dunha situación complexa e cun enorme déficit, é certo que esta afirmación non é feita nin...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...polo Partido Popular, nin pola Xunta de Galicia, e debería levarnos polo menos a facer unha reflexión a este respecto.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señor Docasar.

O señor DOCASAR DOCASAR: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, o Partido Socialista non é sospeitoso de non potenciar as linguas estranxeiras. Sempre que gobernou tanto en Galicia coma en Madrid o fixemos, e fixémoslo

con medidas en apoio do profesorado e tamén en apoio dos alumnos cos proxectos de inmersión lingüística, e créame que sei do que falo.

Como xa lle anunciei na miña primeira intervención, señor conselleiro, quero aproveitar este segundo turno para facerlle chegar a vostede aportacións concretas que me trasladaron –insisto– profesionais con anos de experiencia no ensino das linguas estranxeiras e como corresponde –e tamén llo digo sempre– a un partido que ten vontade e vocación de goberno.

Imos, pois, con esa batería de propostas con afán construtivo, señor conselleiro.

Unha primeira medida ten que ver co profesorado. Vostede falou aquí de inversións de 15 millóns de euros nos últimos anos, pero o que temos que garantir é no profesorado que imparte as linguas estranxeiras a necesaria formación continua para actualizar os seus coñecementos, e nada mellor para iso que potenciar e financiar as estadias e formación deste profesorado no estranxeiro, e os programas de intercambios; e cando iso non sexa posible, señor conselleiro, hai que buscar outras maneiras de formalos, aproveitando, por exemplo, o gran potencial que temos nas escolas oficiais de idiomas, os centros de formación e recursos e mesmo as aulas Mentor, e recoñecer –de paso–, señor conselleiro, que esa formación que se lles fai a efectos de curso de traslados é no acceso a prazas singulares da propia Administración. Por tanto, esas serían medidas concretas que teñen que ver co profesorado.

En canto ao alumnado, hai que facilitar que aquel alumnado que non ten recursos económicos, pero que ten capacidade, teña unhas becas axeitadas para estadias en países estranxeiros. Sigo pensando que esa é a mellor inmersión, non a inmersión nos Peares, senón a inmersión en países onde poidan aprender o idioma en contacto real coa xente. Xa que as familias que teñen medios, señor conselleiro, e vostede si que o sabe, xa o fan dende hai moito tempo, e non intentan substituír esas estadias de inmersión lingüística en países de orixe –onde aprenden a lingua en constante contacto na calle, coa xente e coa sociedade– e cámbialas por unha semana nos Peares, non ten nada que ver, son cousas totalmente distintas. O outro pódese facer, pero non é garantía de que imos arreglar o problema.

Hai que incrementar as horas lectivas de linguas estranxeiras e non recortalas, como se fixo coa LOMCE. Ese é un dato concreto, señor conselleiro: recortáronse as horas na aprendizaxe de linguas estranxeiras. Esa non é unha boa medida e hai que propiciar que unha parte dese horario, do horario de linguas estranxeiras, sexa dedicado a clases de conversación e auditivos, porque é a única forma de mellorar esa aprendizaxe.

Hai que facilitar os desdobres en pequenos grupos nas clases de linguas estranxeiras. Con grupos de 30 un profesor de idiomas non pode ser capaz de ensinar axeitadamente; necesitamos partir o grupo, facer desdobres, unha parte do grupo na clase de teoría e outra clase, outro grupo, na aula multimedia, se a teñen, ou incluso en propios laboratorios de idiomas. Esa tamén sería unha boa medida.

Hai que actualizar os currículos e potenciar neles os contidos orais. Hai que dotar os centros educativos de ferramentas tecnolóxicas necesarias para poder impartir con garantías as clases de linguas estranxeiras. Non é de recibo que todavía hoxe en día moitos profesores e profesoras teñan como único medio, como única ferramenta de traballo, unha humilde radio-CD. Iso xa non é hoxe..., é un tema... Si, segue habéndoos nos centros, si, si, créame. Créame que segue habendo en moitos centros o profesor coa radio case-te de cara á clase, todavía hoxe en día hai cousas desas.

Hai que potenciar en serio o estudo de dúas linguas estranxeiras, como se fai –por certo– na maior parte de países europeos. Hai que seguir incrementando –esa si é unha boa medida, e vostede díxoo, e eu tamén sempre lle aplaudo– a presenza de auxiliares de conversa nos centros educativos, e hai que facelo xa dende etapas de abaixo, dende a educación infantil, hai que facelo tamén controlando con rigor o seu traballo e intentando chegar –insisto– ás primeiras etapas, por ser xustamente aí onde o alumnado ten maior facilidade para aprender unha lingua estranxeira.

Hai que seguir incrementando, señor conselleiro –esa tamén é outra boa medida–, as seccións bilingües e centros plurilingües, si; pero non é unha cuestión de cantidade, é unha cuestión de calidade. É mellor facer menos seccións bilingües e centros plurilingües, pero os que fagamos que sexan de auténtica calidade, non tanto a cantidade e máis a calidade.

Hai que potenciar a obtención de títulos oficiais de linguas estranxeiras, e hai que tamén facelo na Galicia rural, non soamente na Galicia das cidades; hai tamén que facelo en lugares como Chantada, onde eu lle pedín, e lle pido hoxe, por quinta vez neste Parlamento, a creación dunha sección de inglés no IES Lama das Quendas. Non se pode permitir que impartan idiomas estranxeiros co abuso da nefasta impartición de afines profesores non especialistas nin con clases de máis de 30 alumnos.

Hai que dotar os centros de aulas multimedia e permitir que os que as teñen as poidan utilizar. Hai que ampliar o número de centros que imparten en Galicia o Bacharelato Internacional, e tamén llo teño pedido, e non soamente nas provincias da Coruña e Pontevedra. Hai que incrementar as becas Erasmus e non recortalas, como se fixo nos últimos anos. E miren, por certo, o éxito que teñen estes estudantes no mercado laboral.

Polo tanto, señor conselleiro, é hora de poñer as bases para mellorar e fomentar o estudo de linguas estranxeiras e así superar a mala posición na que se atopan os nosos alumnos se os comparamos co nivel doutros países europeos.

A ensinanza dos idiomas estranxeiros en Galicia e en España ten grandes eivas que deben ser solucionadas para quitarnos, dunha vez por todas, de enriba ese sambenito que arrastramos dende hai demasiado tempo, de que un español é aquel que se pasa toda a súa vida intentando aprender inglés sen logralo.

Pola miña parte, máis nada, moitas grazas e agardo, señor conselleiro, que estas humildes reflexións lle sirvan a vostede para mellorar unha eiva que ten o noso sistema educativo, tanto en Galicia coma en España.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Docasar.

Turno de peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Efectivamente, señor Docasar, o Partido Socialista ten vocación de goberno, estes días vímolos máis que nunca; é capaz de nego-

ciar coa extrema esquerda e é capaz de negociar cos que ata hai uns días vostede chamaba as dereitas. Ten moita vocación de goberno, pero ao final case vén dicirnos que lle é igual a carne que o pescado, porque é unha especie de bufete político seu. Porque unha vez no bufete o peixe sabe a carne e noutros a carne sabe a peixe. Porque bueno, a vocación de goberno é positiva, pero non se deixen tampouco absorber con esas ansias de goberno de caer no que non son, caer no que non son ao final do que teñen encima das mans.

E mire, tamén lle diría, señor Docasar –neste ánimo de intercambio de información, creo que positiva–, que está nun pequeno lío. (*Murmurios.*)

Eu non hai moito tempo, non hai incluso moitas horas, escoitei a unha portavoz autorizada do seu grupo dicir que había que potenciar aínda moito máis o ensino do galego, o ensino da lingua galega nos centros educativos. Vostede agora dinos que o que hai que facer é ter máis horas de linguas estranxeiras. Outra vez dinnos que hai que ter un sistema educativo que sexa de inmersión; outra vez criticannos o modelo trilingüe e plurilingüe que puxemos en marcha.

E hoxe pola mañá firmaron un documento vostedes con Ciudadanos, e voulle dicir o que di no ámbito do ensino plurilingüe este documento, vou ler textualmente. É o que pon a páxina web, non sei se é, digamos, verídico do Partido Socialista ou non. Pero o que si di é que do pacto do Partido Socialista e de Ciudadanos, e di –vou ler en castelán, porque estaba en castelán, se me permite–: “*Nos proponemos establecer un modelo educativo bilingüe o trilingüe añadiendo una lengua extranjera, de preferencia el inglés, a la oficial u oficiales de cada comunidad autónoma, respetando las competencias de cada autonomía para establecer el peso ponderado de cada lengua en el horario escolar*”. (*Murmurios.*) Isto dino vostedes, isto é o decreto do plurilingüismo que vostedes, o Partido Socialista, queren derrogar, e acaban de firmalo en Madrid.

Eu entendo que nisto estean en contra o Bloque Nacionalista, as Mareas, é normal, pero vostedes non poden estar de acordo con derrogar o decreto de plurilingüismo cando acaban de asinar hoxe algo que é exactamente igual ao decreto de plurilingüismo. (*Aplausos.*)

Co cal, señor Docasar, cando vostede di que teñen vocación de goberno, téñena, e a súa vocación de goberno *es a*

cualquier precio, (*Murmurios.*) e élle igual a carne que o pescado, e élle igual unha liña ideolóxica que outra, porque a súa vocación de goberno o leva ao que o leva, señorías. (*Aplausos.*)

Bueno, vostede tamén citou pois Os Peares e fixo unha especie de causa común contra Os Peares, como se o que se aprendese aí estivese mal. ¡Home!, é certo. Voulle recoñecer que vostedes enviaban máis estudantes ao estranxeiro a estudar idiomas, porque tiñan máis diñeiro, sen dúbida, moito máis diñeiro –outra cousa era como o empregaban–, pero non me diga vostede que non é posible facer unha inmersión lingüística no recinto dos Peares, semellante ao que se pode facer noutros sitios, semellante ao que se pode facer noutros sitios, como vostedes facían nalgúns pueblos no interior de España. O Partido Socialista, durante o Bipartito, mandou alumnos a pueblos do interior de España para ter inmersións lingüísticas, semellante aos Peares, e mire, non debe ser tan mal servizo o que se presta nos Peares cando os usuarios teñen un nivel de aceptación moi importante respecto do mesmo.

Mire, practicamente o 85, o 86, o 94, segundo a variable que se utilice, todos os alumnos, familias e pais, están moi contentos e satisfeitos e apoian claramente ese sistema de aprendizaxe, que complementa o que se dá nas aulas, e a vostede agradézolle que recoñeza que se mellorou nas seccións bilingües, no eido plurilingüe e nos auxiliares de idiomas. Vostede dixo aquí –bueno, díxeno eu, vostede tamén o dixo–, estamos a falar practicamente de 500 auxiliares de idioma, 500 nativos xóvenes, basicamente, que veñen aos nosos centros educativos potenciar e mellorar o que é o manexo oral da lingua. E iso é fundamental para que os nosos chavales...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...os nosos nenos e as nosas nenas, ademais de gramática, ademais –digamos– da parte máis académica, melloren a súa comprensión oral. Co cal creo que agradecemos que estea a favor destas medidas.

E tamén lle vou dicir que algunha das que vostede plantea pois realmente entendo que é difícil que as diga, porque esta temporada, como vostede ben sabe, visito moitos cen-

tros e visito moitos laboratorios de idiomas, e visito moitas aulas multimedia, pero non unha, nin dúas, nin tres, moitísimas, co cal a nivel tecnolóxico o avance que ten habido nos centros educativos coa aprendizaxe de idiomas ten sido moi forte.

En todo caso –xa remato, señor presidente–, e respecto do plantexamento que fixo vostede na súa interpelación, eu quixera concluír que para fomentar en serio a aprendizaxe de idiomas en linguas estranxeiras a Xunta de Galicia, utilizando as súas palabras, está facendo unha política moderna, eficaz e rigorosa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Interpelación de D. José Luis Méndez Romeu e dezasete deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política prevista pola Xunta de Galicia para reactivar o mercado laboral

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Quintas.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señoras e señores deputados. Boas tardes, señor conselleiro.

Levamos un pleno falando de emprego, practicamente poderíamos dicir *bis*, ¿non?, pois a realidade do emprego precario que hai en Galicia, dos datos de emprego, realmente os levamos dicindo todo o pleno. A realidade dos problemas que teñen os traballadores galegos e galegas viuse hoxe á mañá cos traballadores da empresa Pellejero, pero, bueno, é un simple exemplo da realidade laboral e de precariedade laboral que ten Galicia.

O Partido Popular, o señor Feijóo, leva sete anos gobernando en Galicia, e a realidade deses sete anos é que temos 138.000 ocupados menos, menos que antes de ser presidente o señor Feijóo, 60.000 parados máis e 52.000 contratos indefinidos que se perderon, 37.000 temporais e 150.000 a tempo completo. Por outra parte, os salarios están en caída libre. Cando hai un problema nunha empresa, cando hai un

problema cos traballadores, practicamente, falabamos hoxe á mañá cos traballadores desta empresa e dicían: bueno, é que vai chegar un momento en que imos ter que pagar por traballar, ¿non? É o que se lles está ofrecendo aos traballadores e traballadoras galegos, ¿non? Cando o Goberno galego vén aquí e di que hai máis empregos e que hai xente que está traballando, a realidade é que as condicións son absolutamente leoninas e que practicamente se lles mete na encrucillada a moitos traballadores e traballadoras de “*al paro o la nada*”, ¿non?

Un terzo da poboación galega –e isto non é algo que diga o Partido Socialista, é algo que din axencias internacionais e os propios datos, os parámetros que temos para medir a calidade de vida dos galegos e galegas– está en risco de pobreza. Os mozos e mozas mellor formados teñen que emigrar.

Agora estabamos asistindo a unha interpelación do señor Docasar, compañeiro deputado socialista, que falaba da inmersión lingüística. Realmente, pensaba eu que o Goberno galego está contribuíndo a esa inmersión lingüística, ¿non? Aínda non se lles ocorreu, pero, bueno, todo se andará.

Realmente, aos xóvenes e ás xóvenes galegas mándanos ao estranxeiro, xóvenes cualificados, a desenvolver traballos que non están dentro da súa cualificación. Despois desa inversión tanto do Estado nuns estudos universitarios como das propias familias nese esforzo, mándanse fóra, porque aquí non teñen oportunidade. Eses xóvenes nin sequera van ás oficinas de emprego. Iso debe ser a inmersión lingüística, ¿non?

Por certo, inmersión lingüística que xa pasou Galicia nos anos 20, nos anos 60, nos anos 70, é dicir, esa inmersión lingüística que é consecuencia da pobreza. E unha administración pública non pode permitir, por ausencia de iniciativa, por ausencia de esforzo –dende o respecto, señor conselleiro–, pero por ausencia de políticas activas de emprego, non pode permitir que as persoas, que unha xeración de homes e mulleres ben formados vaian ao estranxeiro porque aquí non teñen oportunidades. Que maiores de 45 anos, e maiores de 55 anos, se encontren cunha realidade laboral inxusta despois de ter cotizado, de ter contribuído e verse no paro sen prestacións e cunha calidade de servizos públicos cada vez menor. Esa é a realidade que ten Galicia. Non se adoptan medidas eficaces, nin eficaces nin eficientes, con respecto a

frear o desemprego xuvenil, a incentivar o retorno deses xóvenes e a corrixir a crise demográfica que temos.

Moi ao contrario, o Goberno galego aprovéitase deses xóvenes que xa non confían en ir darse de alta no desemprego e que xa non confían en quedar un pouco máis aquí para ver se encontran un emprego digno e se van fóra, como se foron os seus avós e os seus pais, a buscar un emprego indigno en moitas ocasións. Pois o Goberno galego o aproveita para presumir de cifras, que, como moi ben sabe, son cifras de paro maquilladas.

O Grupo Socialista, como os outros grupos que están presentes nesta Cámara, nas emendas do orzamento, eu dicíao onte e sígoo repetindo, eu creo que o orzamento é o verdadeiro programa electoral dun goberno, como vostedes dicían cando facían a campaña electoral, que comparaban os países coas casas, coas unidades familiares. Bueno, nunha unidade familiar, cando non hai orzamento suficiente para sobrevivir, non hai saída. Pois o orzamento é realmente o programa electoral, é realmente o programa de goberno que vostedes teñen, e ese orzamento non concorda coa maior parte da publicidade e propaganda dos conselleiros e do presidente do Goberno do Partido Popular de Galicia.

Como moi ben dicía, o Grupo Socialista fixo unha emenda para que o Goberno dedicase 192 millóns de euros para fomentar o emprego de calidade, e realmente podería non gustarlle ao Goberno do Partido Popular, podería pensar que había algunha cuestión que podería integrarse, outra que non podería integrarse, en fin, sentarse e velo, porque cando hai un drama nun país eu creo que hai que sentarse e ver oportunidades. Ben, non aceptaron nin unha, nin sequera as consideraron.

Esa falla de estratexia que presenta o Goberno do Partido Popular, que se traduce nestes resultados reais de precarización, de ausencia de emprego e de emprego de mala calidade, non vemos –como digo– que teñan vostedes estratexias para frealo, ¿non? Vostedes fixeron un plan estratéxico, que foi o Plan 10/14 –dicíao onte e volvo dicilo hoxe–, e equivocáronse nese plan en 4.000 millóns de euros. Bueno, non sei, a min parécese moito. Agora temos un plan, que é o 15-20. Bueno, xa terminou o 15, estamos no 16, e os datos de desemprego e de calidade de emprego para xaneiro foron peores que en decembro. Por tanto, entendemos que ese plan

tampouco ten gran resultado. O que si queda moi ben pois é a presentación do plan; como di sempre o deputado Losada, publicidade e propaganda, señor conselleiro.

Non vale, non vale, señor conselleiro, vir aquí e dar discursos, porque dende a nosa perspectiva entendemos –e supoño que dende a cidadanía– que non hai unha conciencia –e digo conciencia intencionadamente– real do drama que provocan as súas políticas. Non existe unha conciencia real, porque o que ocorre é que esas políticas neoliberais entendemos que están perfectamente planificadas para variar, por unha parte, o mercado laboral e, por outra parte, a estrutura social. Non é certo que esa crise mundial nos leve, non é certo, totalmente. Si é certo que existe unha crise, si é certo que existe unha crise financeira, si é certo que afecta, pero si é certo que as medidas que se adoptan para corrixir son medidas que afectan sempre os traballadores e traballadoras, sempre as familias de clase media, sempre dan no mesmo sitio, sempre empobrecen a clase media e os máis pobres e enriquecen exponencialmente, ao 100 % ou ao 200 %, os máis ricos.

Por tanto, entendemos que esas políticas, máis alá da crise, teñen unha intencionalidade, unha intencionalidade ideolóxica. Ás veces, cando se fala de ideoloxía, falamos moito de historia, de socioloxía. Eu creo que a real, a verdadeira ideoloxía está na economía. A economía é a que vai conseguir unha sociedade máis igual, con máis dereitos, ou a economía é a que vai conseguir unha sociedade máis desigual, con menos dereitos, con precariedade, con *búscate la vida*, porque non todos podemos ser iguais. Iso é o que leva a economía, as políticas económicas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: ...extraneoliberais que levou a cabo o Partido Popular en España e que leva a cabo o Partido Popular en Galicia. Porque máis alá do que o presidente Feijóo todos os mércores de pleno retorza as cifras e faga o *pino puente* coas cifras, a realidade di –organismos internacionais, a EPA, todo nos di–: máis desemprego, máis emprego precario, máis horas regaladas aos empresarios que non se cobran, máis subemprego en B, máis emigración de xóvenes, peor calidade de vida...

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: ...e menos servizos públicos.

E, señor conselleiro, é dramático: problemas laborais, problemas económicos e aínda por riba nos servizos sociais se recorta para que esas persoas con problemas non teñan oportunidades, porque a persoas en desemprego e paro de longa duración...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quintas. Remate xa.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: ...vostedes reduciron o cen por cen...

O señor PRESIDENTE: Remate, remate, señora Quintas. Remate xa. Moitas grazas.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: ...economicamente para a prestación desas axudas.

Grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, moitas grazas.

Réplica. Contesta o conselleiro de Economía e Emprego.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Quintas, señorías.

Eu, a verdade, esperaba da súa intervención un pouco de rigor e que deixara ao lado todas as xeneralidades que acostuman a plantexar cando vostedes... *(Murmurios.)* veñen falar aquí das políticas activas de emprego, *(Aplausos.)* pero vostede interpélame, efectivamente, polas estratexias que está a desenvolver a Xunta de Galicia en materia de emprego, e loxicamente tamén en materia económica e en materia industrial, e eu loxicamente vou darlle cumprida resposta, poñendo, en primeiro lugar, que, lonxe de que vostede intente trasladar aquí que este goberno e este grupo parlamentario non ten conciencia, non ten sensibilidade, lonxe desa situación, este goberno, dende logo, é plenamente consciente da situación que herdamos do seu paso polo goberno, é plenamente consciente da dificultade que está a atravesar a xente que efectivamente busca oportunidades de emprego, e

este goberno é totalmente sensible a esa situación, e por iso estamos a desenvolver políticas para as persoas, para abrir-lles oportunidades ás persoas.

Pero mire, señor Quintas, en materia de planificación, en materia de identificación das diferentes políticas que se poden impulsar, dous non colaboran se un non quere, e diso vostedes saben moito, e o que non quere —e vostede sábeo ben— é o Partido Socialista. E teño moitos exemplos. Mesmo onte o Grupo Socialista votou en contra do primeiro Proxecto de lei de economía social de Galicia que se trouxo a esta Cámara, sen importarlles en absoluto a consecuencia que pode ter non aprobar esa lei para eses 300.000 galegos e galegas que xa dependen deste sector.

Pero é que vostedes, permanentemente, cada vez que traemos aquí iniciativas en materia de planificación, en materia de políticas económicas industriais, vostedes permanentemente están en contra. Recórdolle a súa oposición á Lei do fomento do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, que, por certo, ten sido considerada polo Banco Mundial como unha norma innovadora e pioneira, e que debería de ser replicada no resto de España, e remítoa a publicación do Banco Mundial.

Vostedes a Estratexia de especialización intelixente tampouco a apoiaron, e, como ben saben, tivo o beneplácito da Comisión Europea, e que xa está dando resultados concretos.

Tampouco apoiaron a Estratexia de internacionalización da empresa galega, outra das apostas deste goberno, que se traduce sinxelamente en que estamos ante o mellor ciclo exportador da nosa historia e estamos batendo récords ano tras ano.

E tampouco están a apoiar —vostedes saberán por que— a Axenda de competitividade Galicia Industria 4.0, que permanentemente vostedes queren cuestionar, mentres os sectores estratéxicos da nosa industria están a participar activamente en proxectos de fabricación de desenvolvemento da fábrica intelixente, precisamente para garantir, señorías, emprego de calidade aos seus traballadores.

Polo tanto, señora Quintas, a súa vontade de colaboración con este goberno e con Galicia creo que está acreditada. Está acreditada e dende logo é permanentemente non apoiar nin-

gún tipo de proposta. Eu lamento loxicamente que a única proposta que vostedes traen a esta Cámara é máis gasto. Recórdolle que este goberno está cumprindo todos os anos o déficit público, e recórdolle que aínda este goberno está pagando eses máis de 2.000 millóns de euros que vostedes deixaron a deber e que agora este goberno ten que pagar.

Polo tanto, señoría, con todo respecto, este goberno apoiará toda iniciativa que responda ao interese xeral, que responda ao interese dos galegos e das galegas, pero onde non nos atoparán é en posturas que poñan en perigo esta economía, tal como están a facer agora, simplemente dicindo que non a todo. Xa coñecemos ese de *no es no, pero no es no*, e non é non a todo. E, polo tanto, así é difícil poder construír e así é difícil que vostedes poidan facer un traballo de oposición.

En calquera caso, e aclarado isto, paso loxicamente a contestarlle ás súas preguntas, e dígolle que este goberno, dende logo, aínda non está satisfeito co avanzado en materia de emprego, por suposto que non. Non son suficientes os preto de 50.000 postos de traballo creados en Galicia dende o inicio do ano 2014, non é suficiente que dous de cada tres asalariados en Galicia sexan indefinidos cun contrato de traballo a xornada completa e non é suficiente que se teña reducido en 20.400 persoas o número de fogares galegos que seguen a sufrir a falta dun emprego.

Dende logo, non é suficiente, e por iso estamos a desenvolver todas as políticas económicas e industriais para revertir esa situación, unhas políticas que, como saben, porque xa tiven ocasión de trasladalo a esta Cámara, o estamos facendo cun 20 % máis de recursos para dedicar ao fomento empresarial e ao fomento do emprego, e dende logo o seguiremos a impulsar con esa nova axenda de emprego, acorde co actual escenario de crecemento no país.

Unha axenda que espero que, neste caso, teña as súas achegas, e loxicamente o seu apoio tamén, que estará centrada en crear máis postos de traballo, que estará centrada en promover unha maior calidade e estabilidade na contratación, e unha axenda que –xa lles adianto– incluírá tamén un plan de emprego en igualdade.

Polo tanto, será unha axenda que vai ter instrumentos concretos para facilitar unha maior inserción laboral das per-

soas desempregadas, con axudas para a contratación, con fórmulas para estimular a calidade e a igualdade no emprego, e medidas que tamén se sumarán ao traballo da inspección laboral que este ano poñerá o foco na vixilancia das contratacións.

Así pois, esta axenda prestará unha atención especial aos colectivos con máis dificultades de acceso ao emprego, entre eles loxicamente os parados de longa duración, e xa saben que estamos destinando recursos para mellorar precisamente a empregabilidade destes parados que teñen cargas familiares e que non reciben ningún tipo de prestación, e que nos anos 2015 e 2016 recibirán un total de 14 millóns de euros en axudas.

En todo caso, señoría, vostede sabe que a atención aos parados de longa duración, que é unha das principais prioridades, non é nova nas políticas activas de emprego, e de feito vostede quere trasladar que os seus datos son os oficiais e os nosos son os que inventamos, pero nós remitímonos aos datos oficiais (*Murmurios*). Eu trasladolle un dato que seguramente non coñece, que precisamente, cando falamos de parados de longa duración, case dous de cada tres parados que saíron do desemprego en Galicia nos últimos doce meses foron parados de longa duración; en concreto, o 64,13 % dese parados que saíron do desemprego eran parados de longa duración.

Polo tanto, seguiremos traballando cos colectivos máis desfavorecidos, seguiremos traballando tamén cos xoves para que encontren esas oportunidades e tamén o Goberno seguirá facendo un esforzo a nivel asistencial en favor das persoas que máis o necesitan. Esta é a razón pola que hoxe as axudas de emerxencia social son case un 50 % máis que cando chegamos ao Goberno e a razón pola que lanzamos ese plan de loita contra a desigualdade con medidas como o Realoxa, ou o cheque asistencial, ou tamén o *ticket* eléctrico.

Polo tanto –e conclúo–, este goberno, señoría, non deixará de esforzarse. Parécenos insuficientes os datos xa conseguidos, parécenos que eses datos nos sitúan na boa dirección, e, dende logo, o que si deben de saber os galegos e as galegas é que este goberno non deixará de aplicar medidas concretas para abrir oportunidades, para que aquela persoa que queira traballar atope un posto de traballo adecuado e

dende logo que todas as familias dispoñan de todos os recursos suficientes para unha vida digna.

Ese é o noso compromiso, dende logo, ese é o traballo que estamos a desenvolver, un traballo, señoría, por certo, que o estamos a facer co aval logrado ata o de agora.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica. Señora Quintas.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Mire, señor conselleiro, o rigor dáo que cando veñen traballadores aquí que teñen un problema vostede nos os recibe, o presidente non os recibe. O rigor dáo que cando vén a xente protestar aquí porque os despiden, porque lle pechan, porque os ERE entran dentro da legalidade que vostedes aprobaron nunha reforma laboral pero os poñen na rúa sen ningún dereito, vostedes non os reciben e aproban normas para que dende a Cámara os boten, non os que berrean e se portan mal, non, os que veñen preguntar polo seu pan e o dos seus fillos.

Mire señor conselleiro, vostede seguro que ten un *staff* ao que lle paga para que lle prepare os documentos e llos vexa, pero mire, os meus son rigorosos. ¿Sabe por que? Porque, como non teño un *staff*, cólloos directamente do que publican e están por riba da mesa.

Mire, hai pouco un diario galego, *La Voz de Galicia*, dicía: “Basta ver o estado calamitoso dos principais sectores produtivos da nosa realidade máis próxima para comprender que calquera perda de tempo é irrecuperable. Practicamente todo o que na economía galega foi algunha vez relevante desapareceu, foi vendido ou está sufrindo os estertores da agonía, sen que os poderes públicos sexan capaces de deter o declive.”

Esta é a realidade de Galicia, señor conselleiro. Un dato real: durante estes cinco últimos anos cada galego pasou de deber 2.600 euros a deber 3.762 euros. Esa é a realidade das familias, despois da súa reforma laboral para axustar o déficit.

A realidade é que, dos menores de 25 anos, a taxa de desemprego dos menores de 25 anos é do 40,4 %. E vostede sábeo, e é verdade. Nos menores de 20 anos, do 59,2 %. 7 de cada 10 persoas mozas están en pobreza laboral. As mulleres seguen tendo unha fenda laboral en Galicia maior que no Estado, porque se todas as diferenzas, se Galicia non converxe co Estado, loxicamente tampouco nese aspecto.

A realidade é que Galicia, a Comunidade Autónoma perdeu 37.000 habitantes, e a realidade é que o presidente do Goberno de Galicia mande o señor conselleiro de Servizos Sociais a explicarnos que *es guay hacer hijos*. E, bueno, rigor, rigor, imos ver. (*Murmurios.*)

Ben, esa é a realidade. Hai provincias, como a de Ourense, nas que hai máis pensionistas que cotizantes, e a tendencia seguirá empeorando, señor conselleiro. Non vale que vaian pola mañá un conselleiro, pola tarde outro conselleiro –eu entendo que é a única cidade de Galicia en que vostedes gobernan e que deben de apoiar o seu compañeiro–, pero non vale que vaian alí; perdemos xente, non temos oportunidades. Na provincia interior a pirámide está totalmente invertida. Non sei se isto ten rigor, pero dende logo o digo. Si, señor conselleiro.

Mire, ¿canto inviste o Goberno galego en I+D+i? O 0,86 %. Como diría o señor Losada –que non sei onde está, está aí–, como Ucraína e Turquía. Pero vostedes despois din que o obxectivo é alcanzar o 3 % do PIB para 2020. ¿Isto é rigor ou é tomarlle o pelo á cidadanía?

Diga que a estas alturas á cidadanía estes detalles non lle importan. ¿Sabe o detalle que lle importa? Saber se ten un contrato fixo, saber se ten un contrato que non é fixo pero que o pode renovar o ano que vén, saber canto cobra a fin de mes, saber se pode levar un, dous ou tres fillos –que pode ter de media– aos colexios, se pode pagarlles a universidade. Iso é o que lle importa á xente neste momento. Porque vostedes nos levaron aquí, nos levaron a que xa só importa comer. ¿Vale? E iso é unha intencionalidade, cunhas políticas neoliberais.

Mire, o Instituto Galego de Estatística di que en 2012 928.200 persoas estaban traballando a xornada completa, e 128.800, a tempo parcial. Digo 2012, coa súa reforma laboral. ¿Sabe o que pasa? Que hai 37.300 persoas menos a xornada completa.

Os datos da EPA dinnos que na comunidade galega...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: ...hai 70.000 traballadores por conta allea cuxa retribución anual é inferior a 5.000 euros; o seu salario mensual equivale a 351 euros brutos. ¿Que lle parece o salario? ¿Que non ten rigor? A min tamén.

O 20 % do total dos traballadores galegos sofre pobreza laboral, e iso dío o Fondo Monetario Internacional, a OCDE e dío... (*Murmurios.*) Vaia vostede e dígalle alí que non teñen rigor.

O señor PRESIDENTE: Remate, remate, por favor.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: Pero, mentres tanto, vostede ten o 50 % do presuposto da súa consellería sen executar – que eu non mo explico, pero bueno–.

O señor PRESIDENTE: Remate, señora Quintas. Terminou o seu tempo.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: Señor conselleiro, señor conselleiro, son datos oficiais. E eu non teño un *staff* que me retorza as cifras...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: ...para en cales me convén poñer o número, en cales me convén o tanto por cento.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quintas.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: Señor conselleiro...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quintas. Terminou o seu tempo.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: ...a realidade de Galicia...

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo, señora Quintas.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: ...vostede sábea coma min...,

O señor PRESIDENTE: Xa terminou.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: ...e é lamentable...

O señor PRESIDENTE: Señora Quintas, por favor, xa terminou.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: Señor presidente...

O señor PRESIDENTE: ¡Home!, ¡por favor!, mire o tempo.

Por favor, xa terminou o tempo.

Moitas grazas, señora Quintas. Moitas grazas.

(*Aplausos.*)

Turno de peche. Señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Quintas, cando se fala de política económica e política industrial, se fala de política de innovación, eu entendo a frustración do Partido Socialista. Entendo a frustración porque, efectivamente, vostedes cando estiveron no Goberno, tanto aquí en Galicia como en Madrid, quixeron impulsar proxectos e non o conseguiron. Eu entendo a súa frustración cando hoxe o presidente anuncia que efectivamente mañá se dará conta do alcance da creación dese parque tecnolóxico e industrial de avións non tripulados en Galicia que, efectivamente, vostedes non conseguiron desenvolver. E que, efectivamente, nós estamos apostando polo I+D+i tamén en sectores emerxentes. Igual que estamos apostando noutros sectores, como pode ser o sector da automoción, onde grazas, entre outras cousas, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) á colaboración deste goberno, xunto coa implicación da industria e da propia industria de compoñentes e os traballadores, conseguimos a adxudicación desa nova furgoneta.

Polo tanto, eu creo que estaría encantado de que o Partido Socialista entrara no debate, que non quere entrar no debate porque non lle interesa, na estratexia de política económica e política industrial. Pero, dende logo, cando falamos de emprego, señoría, dende logo nós temos claro

cales son os principios reitores da nosa política de emprego: traballar para máis contratación indefinida, máis contratación a tempo completo, mellora dos salarios e das condicións de traballo e, por suposto, unha maior igualdade entre homes e mulleres. Eses son os principios de actuación, e, dende logo, os datos están aí para efectivamente poder contrastalo.

No ano 2015, señoría, tivo lugar o maior incremento dos contratos a xornada completa con respecto aos contratos de tempo parcial. De feito, hai 40.000 persoas ocupadas máis con este tipo de xornadas que a finais do ano 2014. E hoxe podemos dicir, señoría –eses son os datos–, que oito de cada dez persoas en Galicia teñen un posto de traballo a xornada completa. E se esta melloría se produce nos contratos de a xornada completa, tamén nos contratos indefinidos.

Os asalariados con contrato indefinido representan en Galicia, señorías, o 74,5 % do total. E esta situación é mellor –aínda que non o queiran recoñecer– que a que había antes da crise, xa que a finais do ano 2007 tiñan este tipo de contrato o 70,7 % dos asalariados. De feito, señora Quintas –e sigo cos datos–, (*Murmurios.*) o 85 % dos ocupados galegos levan un ano ou máis na súa empresa actual, un ano ou máis, e os asalariados cun contrato de menos dun día están caendo no último ano máis dun 30 %. Polo tanto, estamos falando de estatísticas que confirman unha mellora de case todos os indicadores que miden o emprego; insuficientes, como xa dixen, pero unha mellora.

O que resulta sorprendente é que vostedes, que meteron a España nunha situación de absoluta crise e de absoluto desemprego, veñan aquí intentando dar leccións de políticas de emprego.

Pero se quere falar con seriedade e se quere falar con rigor tamén en materia de salarios, pódolle dicir que os soldos e os salarios en Galicia se sitúan –é certo– por debaixo da media de España dende antes da crise. Pero ese diferencial, señoría, estase acurtando, esa é a realidade. O salario medio anual no ano 2014 supera en 1.100 euros o salario medio do ano 2008, un incremento do 5,9 % fronte ao incremento do 4,5 % no Estado. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Polo tanto, señoría, Galicia é unha das cinco comunidades que acadan un crecemento salarial

superior ao conxunto do Estado, que é unha evolución á que cabe engadir o incremento salarial pactado en Galicia a novembro do ano 2015, que foi do 1,07 % en termos medios. Polo tanto, creo, señoría, que os datos están aí para contrastalos.

Vostede fálame da taxa de risco de pobreza. Debería saber, en datos oficiais, que no ano 2014, que foi o último ano publicado, a taxa de risco de pobreza en Galicia era do 15,4 %, e é unha taxa que se sitúa bastante por debaixo da taxa de risco de pobreza do conxunto do Estado, que é do 22,2 %. E, de feito, señoría, volvo repetir nesta Cámara que Galicia é a cuarta comunidade autónoma que ten os mellores resultados. De feito, as únicas comunidades que melloran este resultado de Galicia son o País Vasco, Navarra e Madrid.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Polo tanto, señoría, creo que queda constatado que efectivamente estamos traballando na boa dirección, os datos estannos acompañando, e, dende logo, seguiremos reforzando todas as oportunidades para que todos os galegos que queren atopar un traballo o poidan atopar, grazas a unha política activa non só de emprego, senón tamén unha política activa atraendo investimentos aquí a Galicia, tanto dende o punto de vista industrial como dende o punto de vista do I+D+i.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Modificación da orde do día

O señor PRESIDENTE: Antes de pasar ao punto noveno da orde do día, que se corresponde co de preguntas ao Goberno, comunicar que foi solicitado por parte do Goberno o aprazamento da pregunta que figura en último lugar e que tamén xa foi comunicado ao interesado.

Procedemos, polo tanto, a desenrolar o punto noveno, que é o de preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. Antón Sánchez García e cinco deputados/as máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a actual posición do Goberno galego respecto da permanencia de Ence na ría de Pontevedra

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boas tardes.

Boas tardes, señora conselleira ou señor conselleiro –non sei quen vai contestar–.

Gustaríame comezar facéndolle unha pregunta, a ver se é vostede quen de contestar; é a cuarta vez que o intento e nunca recibín resposta. Concretamente, quería saber cales eran as razóns polas que o Partido Popular de Galicia apostaba nos programas electorais de 2009 e 2012 polo traslado de Ence da ría de Pontevedra. Non pregunto o cambio de posición que vimos todos nos últimos tempos, pregunto cales eran as razóns expresadas nos programas electorais para pedir o traslado de Ence. E gustaríame que o dixese publicamente.

Gustaríame tamén que nos explicase cal foi a posición da Xunta de Galicia e do Partido Popular de Galicia a respecto da aprobación no 2013 da Lei de protección do litoral, que abría a posibilidade da permanencia de Ence na ría setenta e cinco anos máis e que deixaba a última palabra sobre esta tan importante decisión para este país no Estado. Cedía parte da nosa soberanía para decidir sobre un asunto como é a permanencia de Ence, que condiciona a economía da ría de Pontevedra e o modelo forestal do país, deixábao nas mans do Estado.

Gustaríame saber cal foi a opinión da Xunta de Galicia e do Partido Popular de Galicia cando se aprobou un regulamento de aplicación da Lei de protección do litoral onde se limitaba, unha vez máis, a soberanía de Galicia limitando o informe ambiental ao xa contido na autorización ambiental integrada.

Señora conselleira, vostedes, que se ofenden tanto porque en Pontevedra se declarou persoa *non grata* a Rajoy, eu pregúntome: ¿como non vai ser persoa *non grata* o señor Rajoy? ¿Como non o vai ser unha persoa que traizoou a súa cidade e o seu país, sen consultar a cidadanía, tomando unha decisión que só beneficia a empresa? O cen por cen dos grupos deste Parlamento, señora conselleira, o cen por cen dos

deputados e deputadas deste Parlamento entraron aquí defendendo o traslado de Ence. E Galiza ve como Ence permanecerá sesenta anos máis na ría por unha decisión allea á soberanía popular da xente e determinada polos intereses privados dun grupo de persoas que se vai lucrar a custa do benestar deste país. É aí cando lle pido que recorde por que todos os grupos deste Parlamento apostabamos polo traslado de Ence e por empezar unha etapa baixo outras bases económicas, sociais e ambientais, señora conselleira. Feijóo tamén debe de ser persoa *non grata*, porque el xogou un papel aínda máis vergoñento nesta historia, cedendo toda a capacidade de decisión no Goberno de Madrid, non foi quen de actuar como un presidente do Goberno dun país.

Señora conselleira, prégoles que conteste ás preguntas concretas que lle trasladei. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Moitas grazas, presidente.

Señoría, é a cuarta vez –como di vostede– que me fai esta pregunta, ou que lle fai esta pregunta ao Goberno. Respostou o presidente, eu respoustei dúas veces, e o secretario xeral; e pode vostede preguntar tantas veces como faga falla, que a resposta vai ser sempre a mesma.

O que si lle podo clarear é que o que non fai este goberno é mercadear coa terra, o que non fai este goberno é mercadear co dominio público terrestre. E vostede debería saber moi ben, posto que é deputado e representante dos galegos, que o dominio marítimo público terrestre, o dominio terrestre, é competencia exclusiva do Estado. Isto non é cuestión de soberanía dos galegos, é soberanía de todos os españois e de todas as españolas, e, polo tanto, isto é o que lle corresponde e lle compete ao Estado. Se quere vostede falar dunha lei e debater da lei, terá vostede representación no Congreso do Estado e terá a oportunidade de falar do mesmo.

Dende logo, o Goberno da Xunta de Galicia o que non fai –porque eu penso que non hai maior traizón que saír do sistema– é saír do sistema, é dicir, incumprir as leis. E as leis

cúmpreas *a raxatabla*, fai exactamente o que as leis demandan para a estrita defensa dos intereses dos galegos e das galegas. E iso foi o que fixo este goberno da Xunta de Galicia en relación con esta autorización. É un proceso –como vostede moi ben coñece– no que a Xunta de Galicia, a través desta consellería, participa, a resposta dunha solicitude que lle fai o Ministerio, para dar única e exclusivamente conta do cumprimento e dos requisitos que ten a autorización ambiental desta empresa, e iso foi o que fixo esta consellería.

Sempre dixemos, señor Sánchez –e volvémoslo dicir, e por iso lle digo que xa van catro veces e volva traermo aquí as veces que faga falla–, que o emprazamento de Ence non nos gusta; que o emprazamento de Ence non sería o emprazamento que, dende logo, se tiveramos a oportunidade, nós escolleríamos. Pero sabíamos que só tiñamos dúas oportunidades, e eran: ou continuaba Ence ou ía toda a xente á rúa. E a vostede téñolle escoitado –non nunha ocasión, senón mesmo incluso esta mañá mesmo– defender postos de traballo.

Hoxe neste Parlamento dicían que o Goberno da Xunta de Galicia non defendía cinco postos de traballo. Hoxe estívenos aquí nunha pregunta ao presidente porque cinco persoas quedaron na rúa polo de agora de Transportes Pellejero. ¿Que quere dicir vostede agora? ¿Que prefire que se vaian oitocentas persoas que traballan na comarca de Pontevedra directamente á rúa? (*Murmurios.*) ¿Vostede que está a defender agora? O que temos claro é que a Xunta de Galicia defende e está polo emprego, as circunstancias son as que temos agora. Ese emprazamento –insisto– non o temos escollido nin vostede nin este goberno da Xunta de Galicia. E mentres sexa así, este goberno dará cumprimento a todas as leis e, por suposto...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira. Terminou o seu tempo.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): ...daremos resposta ao que...

(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Réplica. Señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señora conselleira, vostede di que vostedes non mercadean. ¡Home!, se fai algo ben o Partido Popular é mercadear. Creo que vostede dimitiu da Consellería de Traballo porque mercadeaban ás súas costas altos cargos con cursos de formación para desempregados ou para empregados. (*Murmurios.*) Iso si, cun pequeno detalle: que vostede dimitiu pero recolocárona noutra consellería.

Mire, vostede non contesta ás preguntas que se lle fan precisamente porque é unha vergoña contestar a estas preguntas, señora conselleira. Conteste: ¿que fixeron vostedes cando se aprobou unha lei que cambiaba o poder de decisión do Goberno galego ao Goberno do Estado? Antes da aprobación en 2013 da lei pola maioría do Partido Popular en España, onde supoño que vostedes pintan algo, Galicia tiña a última palabra na permanencia de Ence. E vostedes permitiron que nesa lei o Estado tivese a última palabra, incluso aínda que a Xunta de Galicia fixese un informe ambiental desfavorable. A pesar diso, vostedes consentiron que no regulamento se atase ben atado o futuro de Ence, onde, por casualidade, só por casualidade –porque xa sabemos que os casos de corrupción no Partido Popular son casos illados e o borrado de discos duros son casos illados–, están a señora Isabel Tocino, o señor Carlos del Álamo, etc., etc. E vostedes permitiron iso.

Hai dúas posibilidades: que vostedes sexan cómplices desta traizón ou que vostedes sexan uns monicreques que non pintan nada. Explíqueme cal das dúas son vostedes, señora conselleira. ¿Por que permitiron estes cambios e que dixeron ao respecto destes cambios? Nós opuxémosnos a estes cambios, manifestámolo politicamente, ¿que fixo o señor Feijóo cando se fixeron estes cambios que afectaban o poder de decisión do Goberno galego sobre o seu país? É unha vergoña, e despois se estrañan de que os declaren persoas non gratas. É o mínimo xesto democrático que pode facer a cidadanía para poñelos a vostedes no seu lugar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Turno de peche, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Moitas grazas, presidente.

Pois nin monicreque, nin cómplice, señor Sánchez. A min gustaríame escoitalle máis alá de todas as súas reivindicacións, ¿onde colocaría vostede estas 800 persoas de Pontevedra e da súa comarca? ¿Onde colocaría vostede as 5.000 persoas que están agora dependendo desta fábrica? ¿Dígame onde? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vostede dentro do seu labor, como, efectivamente éo, deputado, ¿onde?, ¿onde colocaría e que postos de traballo lles daría e onde recolocaría esas 5.000 persoas? Evidentemente non o ten, por iso non ten ningunha oportunidade para falar das distintas opcións que poida ter esa xente.

Dende o Goberno da Xunta de Galicia o que queremos é seguir avanzando e, por suposto, seguir avanzando polo emprego. Mire, señor Sánchez, se non tiveramos a oportunidade de cumprir a normativa, houbo unha oportunidade tamén no ano 2008 e, efectivamente, o Goberno da esquerda, o Goberno progresista, o Goberno do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, tamén podería non ter aprobado unha autorización, tamén podería, segundo vostede. Segundo vostede podería non ter aprobado unha autorización, cousa que evidentemente non fíxo. ¿Por que? porque a única implicación que ten o Goberno da Xunta é dicir se cumpre ou non cumpre.

Eu pódolle garantir que o Goberno da Xunta, a través desta consellería, estará sempre vixiante de que esta empresa cumpra con toda a normativa, a normativa que me compete a min, que directamente agora non é emprego, que é a normativa medioambiental, e pódolle garantir que Ence a día de hoxe cumpre, estritamente, non só coa normativa, coas directrices europeas e a normativa que lle marca o Goberno do Estado e a Xunta de Galicia en materia medioambiental, senón que incluso aínda vai por riba.

Pero para min o máis importante é coñecer de primeira man que é o que van facer a partir de agora. E hoxe mesmo mantiven unha xuntanza cos máximos representantes de Ence. Hoxe mesmo mantiven unha xuntanza para coñecer, para pedirilles e instarlles que inmediatamente comece todas as inversións, eses 61 millóns de euros que están vencellados á empresa, que van vencellados directamente ás

condicións medioambientais, e que as comecen xa, sen tardar, que non pasen do verán, que comecen todas as inversións agora mesmo. Esas inversións que teñen (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) comprometidas.

Evidentemente, pedinlle máis, e pedinlle máis para Pontevedra, e pedinlle máis tamén para Galicia, e pendinlle que colaboraran coa depuradora de Praceres, señor Sánchez. Pedinlle que colaboraran cunha inversión que tamén é medioambiental, e que, ademais, repercute directamente na cidadanía, en concreto na sociedade e nas mariscadoras.

Esa é a función que ten que facer o Goberno da Xunta de Galicia, ser exixentes, facer cumprir a normativa, e, por suposto demandarlle a Ence que cumpra con Pontevedra, que cumpra con Galicia, e que sexa, se cabe, máis exixente en materia medioambiental, e iso foi o que fixemos nós (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), demandarlle agora as inversións en materia medioambiental, esta mesma mañá.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora conselleira.

Pregunta de D^a María Tereixa Paz Franco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as xestións previstas polo Goberno galego para acadar a reposición nos seus postos de traballo das persoas afectadas polo expediente de regulación de emprego nas empresas do Grupo Tragsa en Galicia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Paz

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señoras e señores deputados.

Quixera tamén saudar os representantes dos traballadores e das traballadoras de Tragsa e Tragsatec que nos acompañan na tribuna do hemiciclo.

No día de onte neste Parlamento aprobouse por unanimidade unha declaración institucional a través da cal este Parlamento insta a reincorporación dos traballadores e traballadoras da empresa afectados polo ERE de Tragsa, do grupo

de empresas Tragsa na nosa comunidade, e engade que o Parlamento galego amosa o seu respaldo aos traballadores e traballadoras de Tragsa e Tragsatec en Galicia, e insta a Xunta a dirixirse ao Goberno de España e á dirección das empresas para solicitar a readmisión dos 75 traballadores e traballadoras despedidos en Galiza, e insta a empresa a entablar, coa maior brevidade posíbel, as negociacións necesarias cos representantes dos traballadores e continuar.

Nós congratulámonos de que se aprobase esta declaración institucional no Parlamento de Galiza, supoño que os traballadores e traballadoras tamén o toman como un respaldo dos seus representantes, por unanimidade, ás súas demandas que veñen manifestando en diversas mobilizacións nos últimos meses, pero desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego queremos, a través desta pregunta, facerlle algunhas consideracións e tamén algunhas peticións concretas a este respecto ao Goberno da Xunta de Galiza.

Habitualmente, cando se aproban este tipo de declaracións a xestión que fai o Goberno, para darlle cumprimento, límitase, polo que temos constatado en ocasións anteriores, a unha simple remisión por escrito dunha misiva, dunha carta, aos responsábeis aos que vai dirixida para que teñan constancia e coñecemento desta declaración.

Nós, señor conselleiro, cremos que neste caso é absolutamente insuficiente que a execución que faga o Goberno da Xunta de Galiza se quede simplemente en remitir unha carta. Consideramos que é insuficiente, primeiro, polo dereito dos traballadores que se ten demostrado –e a propia empresa coa paralización do ERE así o constata– que o ERE era innecesario, inxusto e abusivo.

En segundo lugar, porque estes despidos afectan directamente a servizos públicos da Xunta de Galiza, e mesmo a falta destes traballadores, que como todos vostedes saben en Galicia se executou practicamente o 75 % do ERE previsto, e no caso de Ourense case o 90 %, afecta a traballadores esenciais para o mantemento de servizos propios da Xunta de Galiza encomendados a esta empresa.

E porque afecta tamén a unha situación tan sensible como son as emerxencias...

O señor PRESIDENTE: Remate a pregunta, por favor.

A señora PAZ FRANCO: ...¿se ocorre unha desgraza no noso país a quen ten pensado recorrer a Xunta de Galiza?

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora PAZ FRANCO: Por iso –remato, señor presidente– pregunto, ¿cales son as actuacións concretas que vai realizar o Goberno da Xunta para que se cumpra esta declaración institucional para garantir que, efectivamente, se readmitan os 77 traballadores e traballadoras despedidos en Galiza. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Paz.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Paz, eu xa teño comentado nesta Cámara que este Goberno, efectivamente, está ao lado de todos os traballadores e traballadoras do Grupo Tragsa, e por iso dende o primeiro momento xa nos puxemos a traballar e mantivemos xuntanzas, xuntanzas concretas, non remitimos cartas, senón que tivemos xuntanzas tanto coas direccións da empresa en Galiza, coma en Madrid e tamén coa propia representación sindical. E, dende logo, seguímolo facendo con ese obxectivo claro de lograr solucións alternativas aos despedimentos executados en Galiza.

Dende logo, esa é a vontade inequívoca do Goberno da Xunta, facémolo sempre, sempre que haxa un conflito laboral e sempre que haxa un conflito que poña en risco os postos de traballo na nosa comunidade, este Goberno reacciona de inmediato, e máis se cabe, neste caso, loxicamente, porque se trata dunha empresa pública á que esta administración –somos plenamente conscientes– outorga importantes contratos.

Por iso xa instamos o presidente da SEPI e o presidente de Tragsa a que revisen esa situación dos traballadores afectados en Galicia na procura, efectivamente, da súa readmisión e doutras solucións que poidan dar unha resposta concreta aos traballadores despedidos. E volverémolo facer, volverémolo facer nos vindeiros días, efectivamente, acatando o mandato do Parlamento, onde onte, efectivamente, se

aprobou por consenso de todos os deputados e deputadas unha iniciativa. Por certo, olvidóuselle dicir que foi unha iniciativa do Grupo Parlamentario do Partido Popular, pero eu recórdollo por se non tiña claro quen fixo esa iniciativa.

En calquera caso, non teña ningunha dúbida que nós empregaremos ese aval que nos está outorgando o Parlamento para intentar que, efectivamente, se retomen de novo as negociacións cos traballadores e se poida conseguir unha solución concreta desde o consenso.

Digo isto, señoría, porque vostede sabe –igual ca min– que o ERE aplicado por Tragsa é axustado a dereito, a dereito segundo o fallo do Tribunal Supremo do ano 2015, polo que este Goberno o que non pode obrigar é a que unha empresa dea marcha atrás nesa decisión. Só temos a vía do diálogo, pero pódolle asegurar que, dende logo, a imos seguir con toda intensidade para, efectivamente, atopar unha solución; dende logo, evitando que esas medidas poñan en risco outros postos de traballo que seguen dependendo dos contratos da Xunta de Galicia, a través de Tragsa e Tragasa-tec, que se prestan nestes momentos en Galicia.

Polo tanto, este Goberno seguirá implicado cos traballadores de Tragsa, defendendo a súa posición, e vostedes simplemente o que deberían de explicar a esta Cámara e aos galegos é por que, simplemente, defenden uns postos de traballo e outros non.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señor presidente.

Moi telegraficamente, porque teño pouco tempo.

Primeiro, a sentenza do Tribunal Supremo, en calquera caso, non obriga a executar o ERE, simplemente di que é axustado a dereito.

Segundo, as situacións económicas e organizativas da empresa desde o ano 2013, que foi cando se plantexou o ERE, cambiaron substancialmente, e vostede sábeo.

E, en terceiro lugar, eu voulle facer unha petición, e vostede dirame na súa resposta se está disposto este Goberno a cumprir con esta petición para verificar na práctica, e realmente, o que acordamos onte aquí neste Parlamento.

A empresa Tragsa ten unha produción en Galiza de case 40 millóns de euros, produción que devén na súa integridade de encomendas de xestión que lle fai a Xunta de Galiza, que afectan a servizos públicos e a actuacións públicas da Xunta de Galiza. Eu dígolle, fagan vostedes un dossier de todas as encomendas de xestión que teñen as distintas consellerías coa empresa Tragsa e vaian vostedes con ese dossier a negociar cos señores directivos de Tragsa para facer presión.

Non vale simplemente ir alí a dicirlles, con palabras bonitas, que teñen que readmitir os traballadores, vaian co peso e coa autoridade que lles dá que vostedes contratan cada ano por máis de 40 millóns de euros a esa empresa, que, por certo, é pública; que se lle olvidou a vostede dicilo, pois cando di que vostedes non poden incidir nas decisións dunha empresa, hai que poñer de manifesto que esta empresa é pública.

E, polo tanto, collan todas esas encomendas de xestión e vaian negociar con iso, unha por unha, e, incluso, dicíndolles que igual se non se cumpren determinados prazos, en función dos cales se lles deron algunhas encomendas, por exemplo, para xustificar fondos Feader e a Xunta de Galiza se queda sen poder cobrar...

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora PAZ FRANCO: ...eses fondos Feader, haberá que reclamar, facer unha reclamación patrimonial.

O señor PRESIDENTE: Remate xa, terminou o seu tempo. Grazas.

A señora PAZ FRANCO: Polo tanto, eu o que estou dicindo é, ¿están vostedes dispostos a utilizar todos os instrumentos e toda a presión que...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: ...teñen na súa man para defender estes postos de traballo? ¿Si ou non? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas.

Turno de peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, eu creo que, dende logo, os traballadores non teñen ningunha dúbida de que este Goberno está a traballar dende o primeiro momento para defender os seus intereses. Eu lamento que vostede veña aquí intentar poñer en dúbida que, efectivamente, iso é así.

Eu dixen que era unha empresa pública, claro que o dixen, o que pasa é que vostede xa ten a resposta preparada e le o que ten preparado. Pero dixen que é unha empresa pública (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) e, efectivamente, nós imos defender os intereses dos traballadores, pero tamén o imos facer con responsabilidade.

Con responsabilidade, porque somos plenamente conscientes de que a vía do diálogo é a que pode dar unha resposta concreta a esta situación, e farémolo con toda a intensidade, xa o dixen. Pero tamén, loxicamente, tendo en conta que hai outros postos de traballo que dependen, loxicamente, dos contratos da Xunta de Galicia, e, dende logo, traballaremos tamén con esa responsabilidade para dar solucións concretas, pero que non teñan outro tipo de externalidades, porque non ten por que telas, por outro lado.

Nós non compartimos, loxicamente, a decisión de Tragsa de aplicar o ERE sen chegar a un acordo cos traballadores —xa o dixen nesta Cámara, e reitéroo—, non compartimos a decisión de Tragsa, e por iso estamos a traballar, xa digo, con toda intensidade.

Reunirémonos todas as veces que faga falta para que, efectivamente, se poida revertir esa situación, pero, loxicamente, xa digo que nese contexto nós o que imos intentar é darlles unha resposta concreta aos traballadores.

Nós, dende logo, señoría, somos absolutamente sensibles á situación que están a atravesar os traballadores de Tragsa e Tragsatec, somos totalmente sensibles á situación que provocou a decisión do ERE de Tragsa, e por iso lle digo que seguiremos a traballar intentando resolver, loxicamente,

todas as diferenzas que poidan xurdir coa empresa, que se poidan resolver esas situacións, e farémolo, xa digo, cos traballadores de Tragsa, igual que o facemos co resto de traballadores que pasan por algún tipo de dificultade.

Eu —insisto— o que lamento é que o Bloque Nacionalista Galego parece que está con determinados traballadores, con outros non, e deberían de explicar por que con uns si e con outros non, e, polo tanto, dar un pouco de coherencia á situación de defensa dos traballadores. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Nós defendemos sempre a todos os traballadores que teñen dificultades en Galicia, pero vostedes vexo que simplemente defenden a uns si e a outros non.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e dous deputados/as máis, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para paralizar os proxectos de megaminería en Galicia

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, se non queres caldo, toma outra taza. Así deben de razoar vostedes, porque estes días coñecemos a sentenza do Tribunal Constitucional que pecha, definitivamente, a porta á mina de Corcoesto, un triunfo da sociedade galega que se mobilizou para frear este proxecto de megaminería, pero ao mesmo tempo a súa consellería somete a información pública a solicitude de permiso de investigación mineira Isabela II, que afecta boa parte do concello de Zas e tamén dos concellos de Vimianzo, Santa Comba, Coristanco e Mazaricos, e que xa mobilizou os veciños das zonas afectadas, que presentaron centos de alegacións. Unha representación está na tribuna de convidados e, por tanto, diríxolles tamén un saúdo.

Este proxecto, de prosperar, afectará unha extensión equivalente a máis de 4.000 campos de fútbol, incompatíbel cos usos actuais e potenciais dos solos, co desenvolvemento da agricultura, da gandería, da silvicultura, coa preservación da riqueza patrimonial e paisaxística, coa conservación dos

recursos hídricos. Un proxecto que implicaría a realización dunha inmensa mina a ceo aberto, na que sería inevitábel o uso de cianuro. Un proxecto, en definitiva, e por todo iso, incompatíbel coa protección do medio ambiente e coa protección da nosa saúde.

Señor conselleiro, miren, Galiza non é unha mina. ¿Cre que o progreso do noso país vai vir da man dun modelo esquilador dos nosos recursos, do noso territorio, da nosa riqueza natural? ¿Ese é o modelo de futuro que vostedes teñen para Galiza? ¿Un modelo de pan para hoxe e fame para mañá? ¿Un modelo que destrúe máis postos de traballo dos que crea? ¿Onde os beneficios emigran e os custos se internalizan?

Mire, a minaría de ouro ten un compoñente claramente especulativo, a súa viabilidade depende da cotización do metal nos mercados internacionais de capitais. Por iso só son rendíbeis aquelas explotacións que usan métodos máis agresivos co medio ambiente para reducir custos. E cando o mercado mundial de ouro acumule un exceso de oferta, os prezos do ouro caerán, a empresa marchará e na zona ficarán só as estériles augas contaminadas e unha paisaxe lunar.

Por iso insisto, ¿é ese o modelo de futuro que vostedes queren para o noso país? ¿Pensan que Galiza é unha mina? Por iso, señor conselleiro, tópicos á parte, porque estamos moi acostumados ás súas respostas tópicas, ¿vai a Xunta de Galiza adoptar algunha medida para paralizar, definitivamente, os proxectos de megaminería no noso país?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Jorquera.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Señor Jorquera, con toda cordialidade, creo que temos que definir conceptos, porque se non non imos facer un debate con seriedade.

Vostede di que o Tribunal Constitucional emitíu unha sentenza. Non, vostede sabe que iso non é así. Vostede sabe perfectamente que este Goberno, no ano 2013, rexeitou a

tramitación do proxecto de Corcoesto, este Goberno con criterios obxectivos establecidos na propia normativa. E vostede sabe, perfectamente, que este Goberno aprobou na Lei de medidas unha modificación, na Lei de medidas aprobada por este Goberno, que foi levada ao Tribunal Constitucional polo Estado. E vostede sabe que o que fixo o Tribunal Constitucional non foi emitir unha sentenza, senón que foi validar a normativa que nós, este Goberno, aprobamos na Lei de medidas.

Polo tanto, se alguén está a traballar pola defensa da minería, se alguén está a traballar pola defensa dos intereses de Galicia, é este Goberno. E o único que fixo o Tribunal Constitucional é validar esa tramitación, ese cambio normativo que permitiu non só cancelar os dereitos mineiros de Corcoesto, senón tamén cancelar eses dereitos no Rexistro Mineiro de Galicia. Esa foi unha acción concreta deste Goberno. Polo tanto, ese é un aspecto que creo que é importante.

En segundo lugar, vostedes fálanme de megaminería. ¡Curioso, curioso! Vostede sabe, perfectamente, que a megaminería non existe, nin existe dende o punto de vista xurídico, nin existe dende o punto de vista técnico.

E se fose así, porque vexo que reacciona como, ¿como que non existe?, ¡home!, pois estaría bo que seguramente vostedes incluíran esa normativa e esa concepción da megaminería na Lei da minería de Galicia, que é a que está vixente, que foi a que aprobaron vostedes no ano 2008. O curioso é por que no ano 2008 non regularon que é e que non é a megaminería. Curioso que agora descubran precisamente que hai megaminería.

Polo tanto, eu creo que temos que plantexar un debate cun certo rigor se realmente queremos que a xente entenda todos os procedementos. E se somos rigorosos, señoría, por iso temos que explicar que é un permiso de investigación, porque agora resulta que vostede o que quere é que sencillamente non se saiba nin cal é a riqueza que temos en Galicia.

Vostede sabe que un permiso de investigación simplemente o que establece é a posibilidade de que se poida efectivamente identificar cal é a riqueza que temos no noso país, e iso non significa, en ningún caso, ¡en ningún caso!, que ese proxecto vaia ser aprobado pola súa explotación. Polo tanto, señoría, eu creo que hai que definir ben os conceptos, voste-

des no Bipartito aprobaron 106 permisos de investigación, 106. Eu non llelo reprocho, todo o contrario, paréceme ben, pero agora resulta que vostedes...

O señor PRESIDENTE: Remate a resposta, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): ...xa non queren investigar. Non o entendo, señoría.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: Señor conselleiro, non sei se leu este titular: “*La Xunta prescindirá de casi 7.500 empleos fijos durante los últimos cuatro años*”. ¿Por que fago mención a este titular? Porque sempre que preguntamos sobre estas cuestións vostede responde co topicazo de que o BNG defende uns postos de traballo si e outros non. Mire, a Xunta prescindiu de 7.500 postos de traballo fixo.

Se pide rigor, teña o rigor de admitir que o BNG propuxo excluír a megaminería do Plan sectorial de minería de Galiza, e vostedes opuxéronse.

Mire, señor conselleiro, se quere rigor saiba que Galiza xa ten ouro. O ouro é o noso vento, señor conselleiro, e unha decisión ilegal, como vén de recoñecer o Supremo, provocou a ruína do noso sector eólico.

Mire, o que non queremos é que Galiza sexa tratada como unha colonia, sexa por Ence ou sexa polas empresas da megaminería.

Señor conselleiro, xa sei que o Tribunal Constitucional o que fixo foi darlle a razón á Xunta de Galiza cando estableceu que os dereitos mineiros –cito textualmente– poderán denegarse polo incumprimento dos requisitos subxectivos e a insuficiente acreditación da solvencia económica ou técnica do solicitante.

Xa o sei, señor conselleiro, pero é que resulta que iso mesmo é de aplicación aos promotores deste proxecto. Mire,

resulta que ningunha das empresas do grupo avala dispor de capital, traxectoria ou número de traballadores suficiente para poder realizar un proxecto desta envergadura.

¿Sabe que vai acontecer? O mesmiño que con Corcoesto. Primeiro unha pequena empresa fai as prospeccións e despois asume o proxecto unha multinacional. Pero ademais sabe que a Fiscalía pediu seis anos de prisión ao administrador da empresa por un delito contra o medio ambiente. ¿Sabe que a súa empresa, a empresa deste administrador, sacou area sen autorización dunha zona especialmente protexida? E aínda non executou a reparación do terreo afectado.

Niso consiste a solvencia técnica...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: ...do solicitante, niso consiste o...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: ...seu respecto ao medio ambiente. Por iso, déixese de topicazos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Jorquera. Terminou o seu tempo.

O señor JORQUERA CASELAS: ...e paralice este proxecto, señor conselleiro. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Jorquera.

Turno de peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): É curioso que o Bloque Nacionalista Galego sempre prexulga e incluso sempre plantexa que non apliquemos a lei. A min sorpréndeme, e neste caso sorpréndeme máis porque o único que fai este Goberno, señor Jorquera, é aprobar a lei que aprobou o Bipartito. E que é a súa lei, non é a lei deste Goberno, é a súa lei. (*Murmurios.*)

En calquera caso, vostede e o seu grupo manifestan que, efectivamente, queren trasladar a esta Cámara todo tipo de veto á actividade mineira en Galicia. Eu lamento

que esa sexa a oposición do Bloque Nacionalista Galego, creo que simplemente responde a este plantexamento que teñen vostedes de ir contra todo; vostedes van contra todo, van contra a industria enerxética, van contra a industria papeleira, contra a industria cementeira... Eu entendo que a vostedes en Galicia (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) lles sobra moita xente, a nós, loxicamente, non nos sobra nada.

En calquera caso, señoría, eu creo que é difícil de entender cal é o seu plantexamento, porque vostede sabe o que é un permiso de investigación que se está tramitar, que nin se concedeu ese permiso de investigación. Vostedes o que pretendén é que eu paralice unha tramitación que está en exposición pública. Eu creo que simplemente non coñecen cales son os trámites que establece a lei e que, efectivamente, nós temos a obriga de cumprir a lei e, polo tanto, de facer esa tramitación, igual que temos a responsabilidade de que cando se queira plantexar calquera tipo de proxecto de explotación, se non se cumpren os criterios técnicos, os criterios financeiros e os criterios económicos, dicirlle a ese proxecto que non. E iso, taxativamente, foi o que no seu momento lle dixemos a Corcoesto. E iso é o que lle diremos a calquera proxecto que se poida presentar en Galicia que non cumpra os criterios medioambientais, os criterios técnicos e os criterios económicos e financeiros.

E, dende logo, o que ten que compartir vostede comigo é que a concesión dun permiso de investigación, que é do que estamos a tratar aquí, non significa por si mesmo que se acadará unha autorización de explotación en ningún caso, nin —moito menos— onde e como se realizan os posibles traballos de explotación, porque esas, precisamente, señorías, son as variables que son o obxecto do plan de investigación.

Eu creo que simplemente ou non coñecen a lei ou o que queren é enganar e confundir a xente, e a xente é moito máis intelixente. Eu invítoos a coñecer un pouco máis a minería de Galicia, traballan 7.000 persoas na minería en Galicia, é o 1 % do produto interior bruto, e eu creo que o Bloque Nacionalista Galego debería pasarse polas comarcas de Valdeorras, polas comarcas do Porriño e coñecer un pouco máis a minería de Galicia. Lamento que non a coñezan, pero tamén lamento, sobre todo, que non coñezan a lei, a súa lei, que é a que estamos a aplicar, e todo o respecto ao cumprimento da normativa vixente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. Hipólito Fariñas Sobrino e sete deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a evolución dos contratos programa desde a súa implantación no referido ao número de centros acollidos, de alumnos beneficiados e de actuacións en cada curso escolar

O señor FARIÑAS SOBRINO: Moitas grazas, señor presidente.

Señor conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, desde a chegada ao Goberno en 2009 do Executivo Feijóo foi a principal preocupación para a conselleira que vostede dirixe hoxe ocuparse dunhas inasumibles —dunhas pode que impresentables— taxas de abandono escolar. En calquera caso, o fracaso escolar inxusto ao que se lle podían aplicar, e voullas aplicar, palabras que foron propias da oposición referíndose aos recortes. Efectivamente, supuxeron para moita xuventude de Galicia recortes nas súas posibilidades de emprego, recortes na equidade do sistema e recortes no principio fundamental consagrado na nosa Constitución da igualdade de oportunidades.

Ao mesmo tempo, podíamos cualificar os responsables dese sistema de infieis a Galicia e infieis aos galegos, porque non hai mellor forma ou peor forma de ser infiel a un mandato imperativo do pobo que mandar á rúa, sen cualificación académica nin profesional ningunha, e o que é peor, sen ningunha posibilidade de obtela, a máis dun cento de miles dos nosos xóvenes.

Ese foi o produto e grazas a medidas postas en escena por este Goberno e o goberno da lexislatura anterior, medidas como os contratos programa, que foron quen de frear estea sangría que se estaba a dar no noso territorio. Iniciativas que son ben deseñadas para poder acceder a que os centros accedan a unhas estratexias, estratexias de mellora da calidade do propio sistema educativo.

Estamos falando duns contratos programa nos que os programas que se deseñan na defensa de cada centro da súa autonomía, a través dun contrato que se firma entre ese centro e a Consellería, un contrato á medida, un contrato que ten

a súa temporalidade marcada, que ten os seus obxectivos, que ten o seu plan de seguimento, que ten a súa avaliación e, algo importantísimo, que ten unha financiación 100 % da Xunta de Galicia e non o 50 % dalgún PROA que seguen a rescatar algúns, sen darse conta de que é unha das primeiras medidas que contemplan os contratos programa.

Señor conselleiro, uns contratos programa que fan excelentemente o seu papel, que cumpren exactamente coas necesidades do sistema educativo, que contemplan os PROA e que tamén contemplan –e léoos para non equivocarme– a posibilidade única de que se cumpra con todas as competencias, xa non básicas senón agora mesmo claves para que os centros desempeñen tamén a súa autonomía e para que sexamos todos mellores do que eramos. Por iso lle fago a pregunta que vén hoxe na orde do día.

Moitas grazas e nada máis. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Fariñas.

Para respostar ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señora presidenta.

Señor Fariña, igual que fixen na interpelación anteriormente formulada polo Partido Socialista, tamén lle agradezo esta pregunta, porque está falando vostede dunha iniciativa importante no sistema educativo, está falando dos contratos programa, que é unha iniciativa, sen dúbida, novidosa e é unha iniciativa que está orientada claramente a mellorar a calidade do sistema educativo, pero sobre todo a mellorar a equidade do proceso educativo en Galicia.

Por iso, na procura dunha mellora da calidade no ensino para reducir a porcentaxe de alumnos con baixo rendemento, dun xeito voluntario os centros educativos fanse un chequeo, fanse unha autoevaluación, e son capaces de analizar e de identificar as súas eivas e as súas fortalezas, e unha vez analizada esta situación o que fan é propoñer á Consellería, neste caso, a sinatura dun contrato, dun contrato programa,

no cal se fixan unha serie de liñas de acción orientadas a mellorar todo o que ten que ver co proceso educativo. Estamos falando neste caso de responsabilidade, estamos falando de autonomía dos centros, estamos falando de avaliación e de autoavaliación, estamos falando de promover e potenciar a cultura do esforzo; en definitiva, estamos falando de mellorar o sistema educativo tanto na variable calidade como na variable equidade.

E nos últimos cinco anos, señor deputado, pódolle informar de que houbo unha evolución moi positiva destes contratos programa. Na actualidade temos uns 82.000 alumnos dentro do sistema educativo de Galicia que se están a beneficiar dos contratos programa; practicamente un terzo dos centros públicos galegos teñen asinados contratos programa, 378 centros teñen contratos programa. Vostede xa nos plantexou aquí as liñas de acción que teñen eses contratos programa: reforzo, competencias claves, convivencia, etc., pero quizais o máis importante desta iniciativa é, por unha parte, o seu carácter voluntario, e, por outra parte, o que supón reforzar a cultura do esforzo, ou reforzar a avaliación, e crear en torno a un contrato, a un programa, unha comunidade educativa que está orientada, con carácter voluntario neste caso, a reforzar o proceso educativo, a calidade e, sobre todo, a reforzar a equidade dos alumnos do sistema público.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Turno de réplica.

Ten a palabra o señor Fariñas.

O señor FARIÑAS SOBRINO: Moitas grazas, señor conselleiro pola súa resposta.

É ben evidente que o éxito destes programas se debe á iniciativa novidosa desenvolvida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e comprácenos moito comprobar esa comunión perfecta que hai entre as políticas que desenvolve a Consellería e a aplicación que teñen nos centros de Galicia, onde desenvolven un papel fundamental, sen os que non se podería levar a cabo todo isto, os nosos docentes.

Hai que dicir que os contratos programa tamén supoñen un estímulo fundamental para que os mestres sexan os protagonistas reais desta mellora a través da aplicación de medidas específicas para as necesidades que os centros teñen que deseñar para cumprir un papel fundamental, que é o de que todo o alumnado desenvolva as súas capacidades dentro das súas características específicas e dentro das súas posibilidades. Meter no mesmo saco –se se me permite a licenza– as familias, toda a sociedade que participa, toda a comunidade educativa, os mestres e volver retornar o alumno ao centro do sistema educativo, permite que se poida aplicar o vello proverbio africano de que para educar unha tribo só fai falta un home, pero para educar un neno desa tribo fai falta toda a tribo, e é pouca se esa tribo non está cualificada.

Vemos que avanzamos notablemente cara a esa excelencia que buscan todas as medidas que están deseñadas especificamente para a mellora da calidade do sistema educativo, cara a incorporar as xeracións –sobre as que temos a responsabilidade de formar– á igualdade de oportunidades. Por iso animámolo e dámoslle a noraboa por esta e outras medidas que se están a aplicar hoxe no noso sistema educativo, que, sen volta atrás, camiña cara á excelencia e á calidade.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Fariñas.

Réplica do Goberno.

Señor conselleiro, ten vostede a palabra.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señora presidenta.

Señor deputado, certamente os contratos programa tiveron, pese a ter recibido unha gran cantidade de críticas, unha moi boa aceptación por parte da comunidade educativa de Galicia, por parte do mestrado, dos mestres en Galicia. Tiveron críticas políticas por parte da oposición, pero, sen dúbida, ao final o tempo dános e quítanos a razón.

E eu nestes tempos, que teño a honra de dirixir esta consellería, puiden visitar moitos centros, nos cales se están

implementando contratos programa, e puidemos coñecer de primeira man as diferentes realidades que soportan estes contratos programa. Vimos grupos de profesores traballando en proxectos con colectivos con necesidades educativas especiais, vimos grupos de profesores que estaban traballando para reducir as taxas de fracaso escolar con aqueles alumnos que tiñan dificultades de aprendizaxe, vimos contratos programa orientados a fomentar a convivencia en centros onde hai problemas de convivencia interna dentro dos centros; vimos, en definitiva, unha acción coordinada, implicada e moi positiva por parte do profesorado para poder avanzar no que estamos a falar, na calidade e na equidade do sistema educativo.

E, obviamente, queda moito camiño por percorrer, queda moito traballo por facer, pero tamén é certo que no tempo de vixencia destes contratos programa se ten avanzado moito. E, con modestia, quixera dicir que os contratos programa tiveron nestes cinco anos unha incidencia moi positiva nunha das variables máis importantes do sistema educativo, como é o fracaso escolar; unha das variables educativas que ten un carácter máis social polo que implica naqueles alumnos que abandonan o sistema educativo sen ningún tipo de soporte e sen ningún tipo de titulación que lles permita ter na vida uns itinerarios vitais menos difíciles, como aqueles alumnos que saen sen ningún tipo de titulación.

Grazas aos contratos programa, entre outras cuestións, o fracaso escolar baixou practicamente nove puntos, que non é cuestión menor, dende o ano 2009. Estamos nunha media no ano 2015 dun 17 %, e estamos, no último trimestre, nunha porcentaxe do 15,7 %, que é unha porcentaxe aínda elevada e que aínda ten que seguir orientándonos e obrigándonos a traballar nesta liña. Pero, sen dúbida, lonxe de ningún tipo de triunfalismo, os contratos programa son unha fantástica estratexia educativa polo que supoñen.

Quixera tamén nesta Cámara agradecer publicamente o traballo e o esforzo, a motivación e as ganas por parte do conxunto do profesorado para implementar estes contratos programa de xeito voluntario nos centros, xa que, como consecuencia e como resultado deses contratos programa, hoxe Galicia pode dicir que nos últimos anos, con moitos menos orzamentos, tivo unha redución practicamente do 9 % no fracaso escolar. E tamén podemos dicir que estamos fundamentalmente aplicando unha política social no eido educati-

vo, onde unha variable, como é o fracaso escolar, importantísima para medir a calidade e a equidade do sistema educativo, se está reducindo. Afortunadamente, isto é grazas ao traballo do profesorado e a este tipo de medidas impulsadas pola Consellería.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. Abel Fermín Losada Álvarez e catro deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto das manifestacións xeneralizadas dos profesionais do hospital privado de Vigo, en relación coas deficiencias do centro

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Losada Álvarez.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señora presidenta.

Señor conselleiro, para aforrarlle os dous primeiro párrafos da súa intervención, esta pregunta non vai nin contra os profesionais da sanidade pública de Vigo nin contra a sanidade pública de Vigo, é unha pregunta para coñecer a valoración que, efectivamente, o Goberno galego –vostede, na súa representación– fai da situación da asistencia hospitalaria especializada na área sanitaria de Vigo.

Un feito inaudito na historia recente desta comunidade autónoma: 290 facultativos do Complexo Hospitalario de Vigo, o 40 % da plantilla –que, tendo en conta o nivel de contratos eventuais e, polo tanto, a inseguridade laboral, é unha porcentaxe moi relevante–, publicaron unha carta aberta na que pedían fundamentalmente cinco cousas, que seguro que vostede coñece: a reversión das deficiencias, a participación dos profesionais no proceso de adaptación, a dimisión do xerente, o rescate da concesión e a recuperación do proxecto inicial.

A resposta da Consellería foi digamos que unha manifestación clara de finura política. Dixeron que esa carta estaba desfasada e dixeron que os profesionais do hospital de Vigo non tiñan información precisa e eficaz da situación asistencial do seu centro hospitalario.

Eu vou dedicar o minuto e corenta segundos que me quedan a ler titulares de prensa de Vigo deste mesmo mes de febreiro todos eles.

O primeiro: “*Las urgencias del Cunqueiro se llenan con 250 pacientes a la vez. Muchos enfermos esperan por resultados en camillas en pasillos del área de boxes*” –3 de febreiro–.

4 de febreiro, outro medio de comunicación: “*El Cunqueiro desdobra ya 19 habitaciones ante el aumento de ingresos vía urgencias; llegó a haber 30 hospitalizaciones pendientes*”.

6 de febreiro: “O Chuvi cerra o primeiro trimestre dos quirófanos do novo hospital cunha demora de 99 días”.

15 de febreiro: “O traslado ao Cunqueiro dispara a espera para unha proba dixestiva ata os sete meses de media. Multiplícanse por cen as endoscopias pendentes”.

15 de febreiro –o día da publicación da carta–: “O 40 % dos médicos do Chuvi piden que funcione o Cunqueiro e o cese do xerente”.

16 de febreiro, martes: “*El colegio de médicos apoya las críticas sobre el Cunqueiro y el colectivo respalda la carta de los 290 facultativos contra las carencias del nuevo hospital y exige el rescate de la concesión*”.

17 de febreiro: “*Cortes en la electricidad obligan a suspender pruebas, dejan al ralenti el Álvaro Cunqueiro y dificultan la realización de los TAC así como la actuación en los quirófanos*”.

18 de febreiro: “*Medicina interna urge reforzar el personal para atajar una carga de trabajo inasumible*”.

19 de febreiro: “Trece operacións canceladas no Álvaro Cunqueiro por falta de camas”.

E sábado 20 de febreiro: “Médicos critican que a lista de espera real do Chuvi dobre a oficial, e é xa de 15.000 pacientes”.

Señor conselleiro, ¿considera vostede que a carta dos facultativos está desfasada? (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Losada.

Para respostar ten a palabra o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Señora presidenta, señoría, señorías todos, boa tarde.

Desculpe que non poida darlle a cara, teño que falar así, e é unha posición incómoda.

Moitas grazas por dicir que me aforra os primeiros párrafos do que ía dicir. A verdade é que pensei que tiña filtracións no meu departamento, que se sabía o que ía ler, pero, mire, non acertou, porque os primeiros párrafos que ía dicir é que me parece que o título da pregunta non é moi correcto, creo que puido facelo un pouco mellor. Sei que vostede é unha persoa respectuosa, pero, curiosamente –e leo–, di: “sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto das manifestacións realizadas polos profesionais do hospital privado de Vigo en relación coas deficiencias do centro”.

Ben, evidentemente, poderíamos falar de Povisa, de Fátima ou dalgún outro centro privado que hai en Vigo, pero parece ser que non é o caso. Non nomeou o hospital, pero debe ser o Álvaro Cunqueiro, e teño que dicirle que é claramente público; público, público, público.

Mire, vou relatar un pouco a historia, non moito, pero algo quero recordarlle porque creo que hai que saber, na área de Vigo, como foi a evolución nos últimos anos, e dicirle que, evidentemente, hai insignes hospitais dirixidos por xente importante, como o Nicolás Peña, gran médico de Vigo, ou doutor Troncoso, pero imos falar só desde o ano 2004, cando se decide crear o Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, Chuvi, que estaba formado nese momento polo Hospital Xeral e o Cíes, que, como saben, o Xeral era un hospital dos anos 50, moi fragmentado, centrado na mobilidade vertical, con 16 plantas, cunha alta obsolescencia de recursos e elevados custos de mantemento. Tamén está O Meixoeiro, centro hospitalario con áreas ambulatorias, inaugurado no ano 89; o Nicolás Peña, centro de media e larga estancia; o Rebullón, que era o hospital psiquiátrico; e Coia e A Doblada, que eran centros de especialidades. E actualmente o Chuvi é un complexo hospitalario docente

que conta con máis de 1.300 camas e que presta asistencia a unha poboación sanitaria de 437.440 pacientes aproximadamente da zona sur da provincia de Pontevedra; 26 concellos agrupados en 7 zonas sanitarias de atención integrada.

E, como lle dicía ao principio, dentro dese complexo decidese que hai que variar, que hai que modificar, que hai que crear novas infraestruturas. ¿Por que? Porque a poboación desta área está en crecemento, hai malas infraestruturas, antigas, e con esa limitación vertical, e un envellecemento claro; novas técnicas asistenciais que hai que aplicar. E decidese crear un hospital novo, con todas as garantías, o hospital que merece a área metropolitana de Vigo.

Nese momento, teño que dicirle que se decide por unha modalidade claramente pública, con asistencia pública. Vostede dicía anteriormente que non quería meterse cos profesionais de Vigo, pero gustaríame preguntarlle se todos os profesionais sanitarios que actúan na área de Vigo realmente son funcionarios do Sergas ou son contratados por unha empresa privada. Claramente non é así. Por iso creo que hai un esforzo moi grande, unha decidida actuación por parte da Xunta para que a área de Vigo teña que ter a calidade asistencial que se merece.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor conselleiro.

Turno de réplica.

Señor Losada, ten vostede a palabra.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señora presidenta.

A verdade é que a miña capacidade de aprendizaxe –da cal me sinto satisfeito– é infinita. Hoxe agradézolle a clase de historia da medicina, pero eu non lle preguntei en absoluto por nada diso. Xa sei que o Hospital ex almirante Viena é vertical e que ten 19 plantas; podía ser mesmo unha mina subterránea, pero é un edificio de 19 plantas, que todos coñecemos.

Mire, señor conselleiro, eu quero dicirle cinco cousas. A primeira: claramente, o sistema de financiamento

público-privado para construír infraestruturas hospitalarias é un negocio para as construtoras, que non son one-gués. Acciona non é Médicos sen Fronteiras, é unha empresa construtora que ten dividendos e que lles paga dividendos aos seus accionistas...—Señor Dorado, cando queira, pregúntalle vostede, que seguro que lle agradece a pregunta o conselleiro.—

Segunda cuestión, mire, vostede era alcalde de Baiona, e viu os indecentes —ducias— carteis pagados con diñeiro público, nos que puña, efectivamente: “hospital público de Vigo”. Vese que vostede o creu, pero é falso, o hospital non é público.

Terceira cuestión: a proba de que non é público é que non está no rexistro de propiedades do Sergas, está no balance da UTE de Acciona. Polo tanto, non é do Sergas. Xa sei que os traballadores son do Sergas, xa o sei, ¡ata aí chego!, e non fai falta que mo repita, porque insisto que xa o sei. Digo que o hospital non é público porque non está no censo de propiedades do Sergas, está nas propiedades e no balance contable de Acciona, señor conselleiro.

E, mire, aos profesionais por suposto que os respecto, claro que os respecto; quen non os respectou —non sei se o recorda vostede— foi a súa antecesora cando dixo que protestaban pedindo algo tan evidente como que o laboratorio estivera cerca da porta de entrada de enfermos críticos e que o que querían era despachos novos. Eses eran os que non respectaban os profesionais, os médicos, os enfermeiros ou as enfermeiras ou os celadores do hospital de Vigo. Despachos novos, señor conselleiro, ese era o argumento central da consellería que vostede preside agora.

E, por último, beneficios empresariais. Efectivamente, para Acciona e tanxencialmente tamén para Povisa. E mire, 200.000 persoas na rúa en Vigo, o PP arrasado nas eleccións municipais, e o PP vai estar arrasado nas eleccións autonómicas por ese hospital Álvaro Cunqueiro, que, por moito que publiciten, por moitas historias que nos contan, é privado; é de Acciona e de Copasa. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Losada.

Réplica do Goberno.

Señor conselleiro, ten vostede a palabra.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):
Moitas grazas.

Ao final, resulta que estaba clara a pregunta. A pregunta non tiña ningún interese polo tema sanitario, que é do que eu veño falar aquí. Vostede veu falar das eleccións; das eleccións municipais, das autonómicas, das xerais. Ben... Eu veño falar de algo importante que nos atinxe a todos, aos que, desde logo, somos da área metropolitana de Vigo, porque imos ser atendidos alí, e espero que tamén o señor Losada; eu non o quero, pero, se ten que ir, que vaia a este gran hospital que temos en Vigo.

Quero dicirlle que os que coñecemos a sanidade de Vigo sabemos, evidentemente, que había problemas, e por iso a Xunta de Galicia decide construír un novo hospital, pero non só construír un novo hospital, senón facer unha redistribución total de área. A redistribución está completándose aínda. É un proceso lento, complexo, que necesita, desde logo, da colaboración de todo o mundo, ¡de todo o mundo!

Os profesionais xa están implicados, evidentemente. Eu respecto totalmente as declaracións que pode facer calquera profesional, do ámbito que queira, e, desde logo, de todos os cidadáns da área de Vigo. E creo que é moi importante, moi interesante, máis que ler ás veces titulares de periódico, coñecer o que din os propios cidadáns que foron pacientes deste hospital, e falan todos marabillas dese hospital. Cando comparan o que lle pasaba no Xeral e o que lle pasa agora no novo hospital, din: pois a verdade é que melloramos e moito, melloramos moito.

Este é un proxecto ilusionante, o proxecto máis importante que agora mesmo hai en España. Pero chámame a atención, señor Losada, que vostede estea en contra deste tipo de creación ou construción de novos hospitais, cando vostede e o Partido Socialista Obreiro Español o fixeron en autonomías onde gobernaron, en Baleares, por exemplo... *(Murmurios.) (O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)* Por iso... Entón, señor Losada... *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*

¡Señor Losada, déjeme hablar hombre! Sexa democrata, déixeme falar, señor Losada, que eu creo que veño aquí falar de sanidade; non vou falar de eleccións, vou falar de sanidade. (*Murmurios.*)

E por iso digo, mire, este é un proxecto, como dicía antes, ilusionante, é un proxecto que necesita do apoio de todo o mundo, de todos, desde os profesionais ata os concellos de área, de todos, e, desde logo, ata agora non houbo demasiada axuda, teño que dicilo. Critican calquera cousa que se poida facer no hospital, e curiosamente, ademais, señor Losada, creo que a área de Vigo debería defender o que se está facendo, o gran esforzo que estamos facendo entre todos, os profesionais e os cidadáns, para que isto vaia adiante.

Teño que dicirlle que, evidentemente, as aportacións que poidan facer os facultativos, os que firmaron esta carta e os que non a firmaron –que son maioría, pero é igual, son todos importantes–, son para crear o que queremos: un gran servizo sanitario nesa área.

E, desde logo, teño que dicirlle que, desde que se traballou, falamos non só dun cambio –como dicía antes– para o Nicolás Peña, senón que pechamos o Rebullón, para a asistencia, cerramos centros que xa non tiñan as necesidades cubertas...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...e estamos facendo grupos de traballo, porque o máis importante de todo isto é crear equipos; non facer edificios, senón crear equipos, e iso é o que estamos facendo. O potencial que ten o Complexo Hospitalario de Vigo é inmenso, e temos que aproveitalo, dígo de verdade.

Quixeramos que todos colaboraran, porque, ao final, a sanidade é de todos e é para todos. Por iso agradecería moito que todos os implicados de toda cor política puideran axudar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. Xosé Manuel Balseiro Orol e sete deputados/as máis, do G.P. Popular, sobre a valoración do Goberno galego respecto da incidencia no potencial forestal de Galicia do conxunto de liñas de axudas publicadas no Diario Oficial de Galicia do 30 de decembro de 2015 para a defensa e apoio do sector forestal e dos profesionais e industrias que desenvolven a súa actividade no ámbito do aproveitamento do monte

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Para formular a pregunta ten a palabra señora García Pacín.

A señora GARCÍA PACÍN: Grazas, señora presidenta.

Boa tarde, señora conselleira, señorías.

Repetimos datos que todos coñecemos, pero que evidencian a riqueza en materia forestal da comunidade e o seu potencial:

Dos máis de 2 millóns de hectáreas de superficie forestal, máis de 1.400.000 están arboradas, e máis de 606.000 hectáreas, sen arborar, a monte. O sector forestal representa en torno ao 2 % da economía galega, se falamos en valor engadido bruto. Resulta elevado se o comparamos co que ten España, 1,4 %, ou Europa, 1,6 %.

Galicia corta cada ano en torno aos 8 millóns de metros cúbicos de madeira para a industria transformadora; representa o 50 % das cortas anuais en toda España. E outro millón para leña. As talas deixan máis de 300 millóns de euros en orixe nos propietarios e xeran unha facturación conxunta do sector industrial de arredor dos 1.600 millóns de euros, contando industria de primeira transformación, pasta de papel e mobiliario.

Os serradoiros galegos producen o 43 % da produción nacional, a industria do taboleiro fabrica o 33 %, a produción da pasta supón o 35 % e a industria de fabricación do moble e carpintería supón o 8 %.

En 52 concellos a industria de base forestal representa máis do 30 % da actividade industrial. En comarcas como A Fonsagrada, na de Lugo, a Terra Chá, Bergantiños, Fisterra, A Limia ou Verín, a forestal figura entre as tres primeiras actividades industriais.

Señorías, a crise afectou o mercado da madeira pola demanda ligada á construción, pero as perspectivas de futuro son positivas polo aumento do seu consumo e a posible falta de madeira en Europa nas vindeiras décadas.

Tampouco hai que esquecer outras producións, apostando pola diversidade no monte, porque, en contra da potenciación do monocultivo, do que sempre nos acusan dende a oposición, a xestión da súa consellería pula pola conservación e valorización das masas forestais de frondosas autóctonas e mesmo por outras alternativas produtivas das superficies forestais, en sintonía coa Estratexia forestal europea. Recordemos que o 84,21 % da produción final de orixe forestal é madeira para transformación e que outros produtos ocupan o 15,79 %.

En definitiva, débese continuar a axudar dende as administracións a desenvolver o potencial do monte galego con xestións en positivo vía incentivos. Podemos falar de mellorar a fiscalidade, de bonificacións, de axudas públicas, como as convocatorias anuais da súa consellería para os propietarios forestais, aos que fai referencia a cuestión que formulamos, que contribúen a unha mellor xestión particular, con maiores investimentos privados, obtendo maior calidade e cantidade na produción madeireira, así como incrementando os prezos.

Agardamos, señora conselleira, a súa resposta. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Pacín.

Ten a palabra a conselleira do Medio Rural.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejueto): Señora García Pacín, efectivamente, o sector forestal é fundamental no noso territorio, o territorio galego, e proba diso é o número de postos de traballo, nada desdeñable, que se achega a 70.000, entre directos e indirectos. De aí que esta consellería vai facer un esforzo para seguir mellorando e reestruturando o noso sector forestal.

Sabemos que dúas terceiras partes do noso territorio é produtivo no ámbito forestal, sabemos que se vén avanzando nos últimos anos, pero tiñamos que dar un empuxón, e tiñamos que dar un empuxón dada a capacidade que ten

Galicia de xerar riqueza e emprego neste ámbito; un ámbito que é, sen dúbida, estratéxico, tanto na produción madeireira como na súa transformación.

Quince millóns de euros son os que temos dispoñibles para este ano, o 2016, en distintas ordes; ordes que, sen dúbida ningunha, nos van favorecer nos distintos ámbitos, tanto no ámbito medioambiental como no ámbito da produción forestal; ao que hai que engadir que con esa reorganización que pretendemos, imos cara á liña de acabar con aquilo que cada ano nos fai poñer sobre a mesa unha cantidade inxente de cartos, que é apagar os lumes que ano a ano nos van destruindo.

Quero dicirlles que dentro desta liña dos 15 millóns de euros imos continuar co fomento da forestación, incrementando a superficie arborada, apostando pola diversidade e conseguindo deste xeito acabar coas masas monoespecíficas. Actuamos sobre as masas forestais existentes, con especial atención na consolidación das masas e de frondosas caducifolias, mediante a aplicación de melloras silvícolas.

Na mesma liña queremos traballar para diminuír o risco de incendios, coa posta en valor dos terreos, e materializar as actuacións preventivas contempladas na lexislación de incendios.

Queremos tamén obter montes arborados que teñan producións elevadas e de calidade suficiente, que posibiliten o desenvolvemento da nosa industria, da nosa transformación. Non hai máis que dar unha volta por Galicia para ver o que avanzamos neste eido, e ver a cantidade de xente que se asenta no rural, grazas ao forestal.

Ao mesmo tempo, imos lograr un desenvolvemento territorial equilibrado das economías e comunidades rurais, incluíndo a creación e a conservación do emprego. Fomentaremos deste xeito, con eses 15 millóns de euros, a competitividade do sector forestal.

E non menos importante tamén está a mellora na seguridade dos traballadores; mellora que se vai conseguir se hai rendibilidade suficiente nas explotacións a través da reconversión e a modernización da maquinaria das pequenas e medianas empresas que ten o noso forestal.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora conselleira.

Para a réplica ten a palabra a señora García Pacín.

A señora GARCÍA PACÍN: Quince millóns de euros de fondos públicos en investimentos para o 2016 é unha aposta clara e decidida da súa consellería nas convocatorias que relatou. Se pode pormenorizar con máis detalle, poderemos contradicir os grupos da oposición cando afirman con reiteración (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) sempre que teñen ocasión, sabendo que menten descaradamente, (*Interrupcións.*) cando din que a súa xestión favorece a forestación de terras agrarias sendo coñecedores das normativas actuais que o impiden (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), que favorecemos, señorías, o monocultivo –sobre todo o do eucalipto–, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) outra falsidade, cando apostamos pola diversificación. Cando o certo é, señorías, que os nacionalistas –tanto en AGE como no BNG– o que queren é facer desaparecer o monocultivo, dígano claro. E os socialistas non saben, non contestan, son quen de votar en contra dunha regulación da ordenación do cultivo do eucalipto e ao mesmo tempo absterse cando o BNG afirma que hai que prohibir o *nitens*. (*Murmurios.*) Si, a verdade é que son moi contraditorios.

Tamén afirman que a Xunta non protexe as masas forestais de frondosas autóctonas, cando son moitos os departamentos que supervisan cortas e actividades con castiñeiros, carballos... E mesmo se impulsan novas plantacións con fins madeireiros ou como produción de froitos.

A oposición prefire que, no canto de accións que incentiven o investimento privado con axudas públicas para mellorar a xestión, a Consellería opte por outras medidas ou por outras vías como as coercitivas con inspeccións e máis sancións. Pero alégranos, señora conselleira, de que todas as accións da súa responsabilidade en materia forestal incidan na creación e mantemento do emprego deste sector, afonde na mellora da competitividade das iniciativas industriais, favoreza a diversidade de especies e poña en valor a produción forestal.

Esperando as concrecións solicitadas, agradecemos os datos sobre as axudas que achega, que continuarán, señorías, co desenvolvemento do potencial forestal galego.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora García Pacín.

Réplica do Goberno.

Señora conselleira, ten vostede a palabra.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejueto): Señora presidenta, moitas grazas.

Pois a verdade é que hai que poñer en valor os 70.000 postos de traballo que dá o forestal galego. E nesa liña imos traballar, e a primeira das axudas que saíu xa publicada é a de reforestación, da cal se van beneficiar, con dous millóns e medio de euros, propietarios particulares de xeito individual, asociacións e agrupacións de propietarios particulares, cooperativas agrarias, proindivisos, entidades sociais, comunidades de bens, montes de varas, sofor e outras persoas xurídicas, así como comunidades de montes veciñais en man común. A isto temos que engadir 10 millóns de euros máis –7 para o ano 2016, 3 para o ano 2017– que van dirixidos ás peme do sector forestal. É dicir, investimos en bens de equipo e instalacións –maquinaria específica, procesadoras, autocargadores– e tamén na implantación de ferramentas de xestión empresarial.

Para fomentar a silvicultura en bosques –que é a terceira orde que xa quitamos, tal e como lles adiantara no seu día cando vin aquí presentar os presupostos– contamos neste orzamento con 6 millóns de euros para o ano 2016. E vanse beneficiar tamén propietarios particulares de xeito individual, asociacións e agrupacións de propietarios particulares, cooperativas, proindivisos, entidades locais, entre outros moitos.

Nada desdeñable é tamén a cantidade para a creación das sofor; 5 están en marcha e 25 solicitadas para este ano. (*Murmurios.*) Son 250.000 euros en dúas liñas: unha liña para a súa constitución, a segunda liña é para o inicio da súa actividade. Neste último caso van dirixidas a agrupacións de persoas propietarias forestais constituídas formalmente e inscritas no Rexistro de Asociacións da Consellería de Pre-

sidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Outras van dirixidas a entidades de xeito privado que agrupen persoas propietarias forestais coa finalidade de xestionar e comercializar en común os recursos forestais dos terreos que xestionen, inscritas segundo a lexislación sectorial que lles sexa de aplicación, e ás propias sofor, como inscrición previa no Rexistro Sofor para conseguir a súa inscrición definitiva –falo de 5 constituídas e 25 solicitadas–.

Señorías, eu creo que este importante esforzo merece a pena polo ben do rural galego. E merece a pena destinar 15 millóns de euros só para este ano 2016, porque son varios eixos: por un lado, reorganización, reforestación, combater os incendios, ao mesmo tempo que evitar eses monocultivos que tanto lle gusta a moita xente criticar, pero, sen embargo, deberían de pasearse un pouco máis polo rural e ver as explotacións. (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejueto): Pasear, vivir, estar, palpar, falar. Iso é o que deberían facer para ao final ser capaz de ter unha mínima visión do que é o forestal galego. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Sen máis, quedemos con que son 70.000 postos de traballo e, sobre todo, co coidado medioambiental, que é fundamental. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora conselleira.

Pregunta de D. Antón Sánchez García e cinco deputados/as máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a avaliación da Xunta de Galicia respecto dos datos publicados polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente en relación co peche de granxas no ano 2015 no sector lácteo galego

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ben, imos falar de cuestións medibles e non de poesía, de palpar o rural.

Señora conselleira, as súas políticas obxectivamente destrúen o sector primario. Hai un dato demoledor sobre os efectos destas políticas. Cando o Partido Popular chegou en 2009 ao Goberno da Xunta de Galicia había 71.600 persoas ocupadas no sector da agricultura, gandería, caza e silvicultura, e en decembro de 2015 só quedaban 45.000. Máis de 25.000 empregos destruídos neste sector agrogandeiro e forestal, o 35 % dos empregos que había cando chegaron, unha reconversión silenciosa que non ocupa portadas pero que é moi importante para este país e para o seu rural.

Tamén facemos referencia nesta iniciativa aos datos sobre peche de explotacións lácteas no Estado español: o 70 % das explotacións de leite que pecharon no Estado español son galegas, señora conselleira. E non é casualidade, xa que todos os datos do sector lácteo de Galicia son os peores do Estado dende xa hai demasiado tempo. Xa hai demasiado tempo que os gandeiros galegos cobran por debaixo dos custos de produción e, polo tanto, moitos deles teñen que pechar ou someterse a situacións verdadeiramente dramáticas. Un fracaso do Goberno da Xunta de Galicia que deixa tirados os gandeiros ante unha situación gravísima, un goberno incapaz, irresponsable, desaparecido e que, aínda por riba, responsabiliza sempre nas súas declaracións os propios gandeiros da situación que viven.

E nós preguntamos, señora conselleira: ¿que valoración fai acerca destes datos?, ¿tiveron algo que ver as políticas do Partido Popular na Consellería acerca da ocorrencia destes datos, señora conselleira? E, máis alá diso, ¿que lles pode ofrecer aos gandeiros ante a próxima primavera e ante esta situación? ¿Que medidas vostedes lles poden ofrecer, ademais de contradicións, ataques a eles mesmos, inconsistencia, desorientación e eludir a responsabilidade e a súa incapacidade?

Vostede dicía hai pouco, nunha entrevista na Radio Galega, que non se prepararan para o escenario da finalización das cotas. Vostede falaba de controlar a produción, de regular os mercados. ¡Pero se vostedes hai menos de dous anos apoiaron todo o contrario na política agraria común, señora conselleira! Vostede debería de responder a dúas cuestións moi sinxelas: a qué é o que fixeron mal para que esteamos nesta situación, se é que teñen algunha responsabilidade, nunca asumida por vostedes, e qué é o que van cambiar para que esta situación non siga así.

Prégolle que fale en serio, prégolle que conteste, prégolle que conteste por respecto aos gandeiros deste país e que diga claramente cal é a súa responsabilidade nos datos do pasado e qué van cambiar para variar esta situación.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Sánchez García.

Ten a palabra a conselleira do Medio Rural.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Meju-to): Presidenta, moitas grazas.

Señorías.

Señor Sánchez García, créame que eu podo sorrir, pero cada vez que veño aquí contestar unha pregunta falo seriamente. Créame que, sendo filla de gandeiro, eu non insulto a ningún gandeiro nin a ningún galego, non o fago no rural e tampouco o fago no urbano. E créame que eu falo de cuestións medibles, distinto é cal sexa esa vara de medir, en que contexto o fagamos e a que conclusión queremos chegar.

E, polo tanto, falando de cuestións medibles, direilles que, efectivamente, en xaneiro do ano 2015 había en España 17.090 explotacións produtoras de leite, das que 9.606 eran galegas; en decembro do ano 2015, 16.292 explotacións en España –por suposto, aquí non sumo as de Canarias, que saben que por primeira vez fixeron a súa declaración no ano 2015–, das cales 9.132 son galegas. Iso quere dicir que en Galicia no ano 2015 diminuíron un 4,9 % as explotacións leiteiras. E á parte pódolle dar máis datos: en Cataluña diminuíron un 5,3 %; en Castela-León, un 5,7 %; en Asturias, o mesmo valor que en Galicia. Dous son os motivos principais en Galicia: un, a fusión de explotacións –da que vostedes nunca queren falar, e eu opto por esa fusión de explotacións, porque é competitividade, é calidade de vida, entre outras cousas–; e, outro, que tamén hai que recoñecer que son explotacións pequenas que non teñen relevo xeracional. E non poden ter relevo xeracional porque a súa estrutura é moi pequena e, polo tanto, a calidade de vida desa xente non sería digna.

Se analizamos –que podemos analizar– a evolución do número das explotacións en Galicia nos últimos oito anos

–que son os últimos oito anos que goberna aquí en Galicia o Partido Popular–, direilles que as explotacións de menos de 100.000 quilos de leite diminuíron un 55 %; as que están entre 100.000 e 200.000 diminuíron nun 41 %; as que están entre 200.000 e 300.000, un 32 %. Pero paralelamente a isto dígolles que as explotacións de tramos máis produtivos, aquelas que están entre 400.000 e 700.000 quilos, incrementáronse nun 54 %. E aquelas que están en máis de 700.000 quilos incrementaron a súa porcentaxe nun 205 %.

Isto dános unha imaxe de a onde queremos ir. E Galicia, efectivamente, estase reestruturando, e lévase reestruturando moitos anos. E a vostede, que ademais lle gusta dar cifras, podemos dicirlle que efectivamente houbo unha diminución, e gustaríame que volviera vostede a atrás e comprobara cantas explotacións pecharon cando gobernaba o Bipartito: unha media de 1.770 explotacións anuais. (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Meju-to): O cal diminuíu considerablemente dende que goberna o Partido Popular, nun 70 %. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora conselleira.

Para a réplica ten a palabra o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señora conselleira, son vostedes unha vergoña para este país. (*Murmurios.*) Mire, despois de tantas veces... (*O señor Fariñas Sobrino pronuncia palabras que non se perciben.*) Si, señor Fariñas, son unha vergoña, porque, mire, despois de tantas veces como preguntamos pola situación do sector lácteo, cos gandeiros, que levan case dous anos mobilizándose, deixando o seu traballo para ir reivindicar o que debería de facer a Administración pública, (*Murmurios.*) veu aquí e nunca recoñeceu ningunha responsabilidade sobre esa situación. (*Aplausos.*) Por iso son vostedes unha vergoña. E responsabilizan da situación os gandeiros en vez de facer autocrítica de todo o que vostedes fixeron mal: Alimentos Lácteos, a base territorial, a ordenación do territorio... Vostedes son uns incapaces porque teñen vontade de desertizar o rural deste país, señor Fariñas. Son vostedes unha vergoña porque en vez de recoñecer que as

súas políticas fracasaron aínda por riba criminalizan as protestas dos gandeiros, por iso son unha vergoña. Son unha vergoña porque veñen aquí mentir. Resulta que a redución das explotacións gandeiras é pola fusión das explotacións. Claro, e con esa fusión pasamos de ter 71.000 empregos no rural cando vostedes entraron no Goberno a ter 45.000, o 35 % dos empregos do sector agrogandeiro e forestal que vostedes destruíron.

A reestruturación, Galicia estase reestruturando. Si, unha reestruturación á baixa, perdendo poboación, destruindo emprego, desde que vostedes chegaron destruíron 130.000 empregos. Somos moi competitivos, cando quedemos 500.000 galegos seremos moi competitivos, teremos unha renda per cápita moi alta, porque evidentemente toda a riqueza quedará moito menos repartida.

Señora conselleira, non lles falte ao respecto aos gandeiros nin a esta sociedade. ¿Que fixeron vostedes mal e que van cambiar para que os gandeiros poidan vivir do seu traballo, para que os gandeiros non sufran os abusos da distribución e da industria, para que, polo menos, vostedes cumpran co acordo asinado en setembro de 2015? Responda, señora conselleira, por respecto.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Sánchez.

Réplica do Goberno.

Señora conselleira, ten vostede a palabra.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejueto): Señora presidenta.

Señor Sánchez, vostede berre, insulte. Eu e nós traballaremos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) E traballaremos polos gandeiros, estaremos ao carón dos gandeiros. Ademais, están empeñados en dicir que os insultamos. Pero ¡como vou insultar eu a un gandeiro sendo filla de gandeiros! Pero é que é imposible isto, pero bueno, vostede... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, ese é un argumento máis, por suposto. É vivir no medio dos gandeiros, é estar con eles, é tenderlles a man e ir a Bruxelas e reivindicar a singularidade de Galicia, é falar coas industrias e chegar ao acordo de que recollan o leite o

mesmo, nas mesmas cantidades, (*Murmurios.*) que o fixeron no ano 2015, é falar de transparencia no mercado internacional, coa industria e tamén coa distribución, é facer un gran pacto de cara a conseguir un lácteo forte, de cara ao futuro.

Bueno, vostedes empeñados en que desaparece Galicia, vostedes empeñados en que desaparece o lácteo galego. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E as cifras que manexamos nós son ben distintas. Galicia segue sendo a novena rexión máis produtora da Unión Europea, novena rexión. Galicia nos últimos anos —é dicir, falamos de datos concretos que vostedes poden valorar e avaliar, e ademais que son de dominio público— do ano 2010 ao ano 2015, é dicir, antonte, a produción incrementouse nun 15,8 %, ¡un 15,8 %!, non superada por ningunha das comunidades con vocación produtora. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Por exemplo, Andalucía incrementouna nun 9,7 %; Castela-León, un 7,5 %; Cantabria, un 4,8 %; Asturias, un 4,6 %; Galicia, un 15,8 %.

Pero, á parte de todo isto, quero dicirlles que se incrementou a base territorial, e non teñen máis que ver explotación a explotación. Incrementouse o número de vacas de leite —sí, señor Sánchez—: en 2012, 543.000; 2015, 565.000, 22.000 vacas máis de leite. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero, ¡como que á forza! Reprodutoras, ano 2012 —estoulle falando de datos de antonte, coma quen di—, 351.000; ano 2015, 361.000. É dicir, 10.000 reprodutoras máis.

Miren, nós optamos —porque opta o gandeiro e ademais porque ten que ser así— pola dimensión, pola produción, pola base territorial, por incrementar o número de cabezas, por calidade de vida e, sobre todo, pola competitividade. E nesa liña é na que se está a traballar en distintos ámbitos. Estase a facer co Ministerio, estase a facer coa Unión Europea. E lograremos ter un sector fortalecido, como se vén demostrando no día a día.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora conselleira.

(*O señor Fariñas Sobrino solicita a palabra.*)

¿Para que quere a palabra, señor Fariñas? ¿Para que quere a palabra? Primeiro pídama. ¿Para que a quere?

O señor FARIÑAS SOBRINO: Pido a palabra por alusións con base no artigo 76.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Non, non, señor Fariñas, non ten a palabra. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

Rematada a orde do día, érguese a sesión.

Grazas.

Remata a sesión ás sete e seis minutos do serán.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

| | |
|--------------------------------------------|-------|
| 1. Acuña do Campo, María Carmen | (S) |
| 2. Adán Villamarín, María do Carme | (BNG) |
| 3. Arias Veira, Pedro Manuel | (PP) |
| 4. Baamonde Díaz, Agustín | (PP) |
| 5. Balseiro Orol, José Manuel | (PP) |
| 6. Beiras Torrado, Xosé Manuel | (AGE) |
| 7. Blanco Paradelo, Moisés | (PP) |
| 8. Blanco Rodríguez, Noela | (S) |
| 9. Burgo López, María Concepción | (S) |
| 10. Camino Copá, Angel | (PP) |
| 11. Cancelo Márquez, María Teresa | (PP) |
| 12. Castiñeira Broz, Jaime | (PP) |
| 13. Devesa Bouzas, Sandra María | (PP) |
| 14. Docasar Docasar, Ricardo Vicente | (S) |
| 15. Dorado Soto, Javier | (PP) |
| 16. Fajardo Recouso, Juan Manuel | (AGE) |
| 17. Fariñas Sobrino, Hipólito | (PP) |
| 18. Fernández Fernández, Raúl | (S) |
| 19. Fernández Gil, César Manuel | (PP) |
| 20. Fernández Macías, Jackeline Elisabeth | (PP) |
| 21. Fernández Rodríguez, Mónica | (M) |
| 22. Ferreiro Vidarte, María de los Angeles | (S) |
| 23. Gallego Calvar, María Carmen | (S) |
| 24. Gallego Lomba, José Manuel | (S) |
| 25. García García, Pablo | (S) |
| 26. García Paçín, María Isabel | (PP) |
| 27. Goldar Güimil, Jesús Antonio | (PP) |
| 28. Gómez Alonso, Alejandro | (PP) |
| 29. González Sánchez, Elena Cruz | (PP) |
| 30. González Santín, Juan Carlos | (S) |
| 31. Guerra Fernández, Javier Jorge | (PP) |
| 32. Iglesias Sueiro, Carmen | (M) |
| 33. Iniguez Martínez, Jaime | (PP) |
| 34. Jorquera Caselas, Francisco Xesús | (BNG) |
| 35. Losada Alvarez, Abel Fermin | (S) |
| 36. Martínez García, María Consuelo | (M) |
| 37. Martínez-Sierra López, Vidal | (PP) |
| 38. Méndez Romeu, José Luis | (S) |
| 39. Moreira Ferro, Jacobo | (PP) |
| 40. Mouriño Villar, Antonio | (PP) |
| 41. Nóvoa López, Enrique | (PP) |
| 42. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso | (PP) |
| 43. Núñez Feijóo, Alberto | (PP) |
| 44. Oróns Baña, Ambrosio | (P) |
| 45. Oubiña Solla, Rosa | (PP) |
| 46. Paz Franco, María Tereixa | (BNG) |
| 47. Pérez Hernández, Berta | (PP) |
| 48. Pombo Rodríguez, Cosme Eladio | (BNG) |
| 49. Pontón Mondelo, Ana Belén | (BNG) |
| 50. Pouso Maneiro, María Herminia | (PP) |
| 51. Prado Cores, María Montserrat | (BNG) |
| 52. Prado Patiño, Jesús Miguel | (PP) |
| 53. Puy Fraga, Pedro | (PP) |
| 54. Quintas Alvarez, María Remedios | (S) |
| 55. Rodas Chapela, Daniel | (BNG) |
| 56. Rodríguez Arias, Marta | (PP) |
| 57. Rodríguez Barreira, María Julia | (PP) |
| 58. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María | (PP) |
| 59. Romero Fernández, Cristina Isabel | (PP) |
| 60. Ron Fernández, José Javier | (AGE) |
| 61. Rueda Valenzuela, Alfonso | (PP) |
| 62. Sánchez Bugallo, José Antonio | (S) |
| 63. Sánchez García, Antón | (AGE) |
| 64. Santalices Vieira, Miguel Ángel | (PP) |
| 65. Santos Pérez, Ramón | (PP) |
| 66. Santos Regueiro, José Francisco | (PP) |
| 67. Solla Fernández, Eva | (AGE) |
| 68. Soneira Tajés, María Soledad | (S) |
| 69. Tellado Filgueira, Miguel Ángel | (PP) |
| 70. Trenor López, Gonzalo | (PP) |
| 71. Val Alonso, José Ramón | (S) |
| 72. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luis | (PP) |
| 73. Vázquez Blanco, Emilio | (S) |
| 74. Vázquez Díaz, Ramón | (AGE) |
| 75. Vilán Lorenzo, Patricia | (S) |



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25